

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2021-2022

ÍNDICE

ÍNDICE	2
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	7
1.1. Integrantes e materias asignadas ao departamento.....	7
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	8
3. PLAN DE CONTINXENCIA.....	9
4. OBXECTIVOS DA ESO.....	10
5. 1º ESO	11
5.1. CONTEXTUALIZACIÓN	11
5.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	11
5.3. TEMPORALIZACIÓN	11
5.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	12
5.5. MATERIAIS E RECURSOS	13
5.6. MÍNIMOS ESIXIBLES	13
5.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	15
5.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	16
A) Ensino presencial	16
B) Ensino semipresencial	17
C) Ensino non presencial.....	17
5.9. AVALIACIÓN INICIAL	18
5.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	18
6. 2º ESO. LINGUA E LITERATURA GALEGA	19
6.1. CONTEXTUALIZACIÓN	19
6.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	19
6.3. TEMPORALIZACIÓN	20
6.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	20
6.5. MATERIAIS E RECURSOS	21
6.6. MÍNIMOS ESIXIBLES	21
6.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	23
6.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	25
A) Ensino presencial	25
B) Ensino semipresencial	26
C) Ensino non presencial.....	26
6.9. AVALIACIÓN INICIAL	26
6.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	27

6.11.	AGRUPAMENTO DE LINGUA. 2º DE ESO.....	28
6.11.1.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	28
6.11.2.	TEMPORALIZACIÓN	28
6.11.3.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	28
6.11.4.	MATERIAIS E RECURSOS	29
6.11.5.	MÍNIMOS ESIXIBLES	29
6.11.6.	PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	29
7.	2º ESO. XADREZ.....	29
7.1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	29
7.2.	CONTRIBUCIÓN DESTA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	30
7.3.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	30
7.4.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	34
7.5.	MATERIAIS E RECURSOS	34
7.6.	SECUENCIACIÓN, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	35
	A) Ensino presencial.....	35
	B) Ensino semipresencial	36
	C) Ensino non presencial.....	36
7.7.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	36
7.8.	ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES	36
7.9.	MATERIA PENDENTE: RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN	36
8.	3º ESO	37
8.1.	CONTEXTUALIZACIÓN	37
8.2.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	37
8.3.	TEMPORALIZACIÓN	37
8.4.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	44
8.5.	MATERIAIS E RECURSOS	45
8.6.	MÍNIMOS ESIXIBLES	45
8.7.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	47
8.8.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	48
	A) Ensino presencial	48
	B) Ensino semipresencial	49
	C) Ensino non presencial.....	49
8.9.	AVALIACIÓN INICIAL	50
8.10.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	50
9.	4º ESO	51
9.1.	CONTEXTUALIZACIÓN	51

9.2.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	51
9.3.	TEMPORALIZACIÓN	51
9.4.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	55
9.5.	MATERIAIS E RECURSOS	56
9.6.	MÍNIMOS ESIXIBLES	56
9.7.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	58
9.8.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	59
	A) Ensino presencial	59
	B) Ensino semipresencial	60
	C) Ensino non presencial.....	61
9.9.	AVALIACIÓN INICIAL	61
9.10.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	62
10.	PMAR. 2º CURSO. Ámbito lingüístico e social.....	62
10.1.	INTRODUCCIÓN	62
10.2.	OBXECTIVOS	63
10.3.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O SEGUNDO CURSO	64
10.4.	CONTIDOS	66
10.5.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS	68
10.6.	TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	72
10.7.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	72
10.8.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	74
10.9.	MÍNIMOS ESIXIBLES	74
10.10.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	77
10.11.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	81
10.12.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	81
	A) Ensino presencial	81
	B) Ensino semipresencial	82
	C) Ensino non presencial.....	83
10.13.	AVALIACIÓN INICIAL	83
10.14.	AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	84
	BACHARELATO. Obxectivos.....	84
11.	1º de BACHARELATO. LINGUA GALEGA E LITERATURA	85
11.1.	CONTEXTUALIZACIÓN	85
11.2.	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 1º BACHARELATO	85
11.3.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	87
11.4.	TEMPORALIZACIÓN	87
11.5.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	89

11.6.	MATERIAIS E RECURSOS	89
11.7.	MÍNIMOS ESIXIBLES	90
11.8.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	91
11.9.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	92
	A) Ensino presencial	92
	B) Ensino semipresencial	94
	C) Ensino non presencial.....	94
11.10.	AVALIACIÓN INICIAL	94
11.11.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	95
12.	1º de BACHARELATO. LITERATURA UNIVERSAL.....	95
12.1.	INTRODUCCIÓN	95
12.2.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	95
12.3.	TEMPORALIZACIÓN	96
12.4.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	97
12.5.	MATERIAIS E RECURSOS	98
12.6.	MÍNIMOS ESIXIBLES	98
12.7.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	98
12.8.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	99
	A) Ensino presencial	99
	B) Ensino semipresencial	100
	C) Ensino non presencial.....	101
13.	2º de BACHARELATO	102
13.1.	CONTEXTUALIZACIÓN	102
13.2.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	102
13.3.	TEMPORALIZACIÓN	102
13.4.	METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	103
13.5.	MATERIAIS E RECURSOS	104
13.6.	MÍNIMOS ESIXIBLES	104
13.7.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	107
13.8.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	108
	A) Ensino presencial	108
	B) Ensino semipresencial	109
	C) Ensino non presencial.....	109
13.9.	AVALIACIÓN INICIAL	110
13.10.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	110
14.	PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA DE LINGUA GALEGA PENDENTE.....	110

14.1.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	111
	A) Ensino presencial	111
	B) Ensino semipresencial	112
	C) Ensino non presencial	112
14.2.	MÍNIMOS ESIXIBLES	112
15.	EDUCACIÓN EN VALORES	115
15.1.	OBXECTIVOS	115
15.2.	CONTIDOS	116
15.3.	ACTIVIDADES	116
15.4.	AVALIACIÓN	117
16.	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	117
16.1.	OBXECTIVOS	118
16.2.	ACTIVIDADES	118
17.	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	119
18.	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	120
19.	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	120
20.	EXENCIÓNS DE LINGUA GALEGA	120
21.	PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	121
22.	INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	121
23.	OBSERVACIÓNS	122

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A finalidade global do noso Proxecto Curricular é a mellora da competencia comunicativa do alumnado, concretada no desenvolvemento das catro capacidades básicas: comprender, falar, ler e escribir. O obxectivo esencial da educación lingüística e literaria é a adquisición e mellora do conxunto de coñecementos, habilidades, normas e capacidades que permiten desenvolverse nas diversas situacións e contextos comunicativos da vida cotiá. Cómpre, pois, orientar a aprendizaxe á mellora e dominio dos diversos usos verbais e non verbais que as persoas utilizamos habitualmente como falantes, oíntes, lectoras e escritoras de textos de diversa natureza e intención.

Estas ideas son válidas para o ensino e aprendizaxe de calquera lingua, pero sono moito máis para o galego, por mor dos problemas sociolingüísticos aos que se ten que enfrontar. Estas dificultades levan a que non poidamos esquecer en ningún momento o papel relevante que podemos xogar nas nosas clases, tanto na mellora das destrezas lingüísticas como na superación de prexuízos e actitudes negativas de cara á normalización da lingua. O comportamento lingüístico do alumnado vai depender, na súa maior parte, da actitude da profesora ou profesor cara á lingua. Claro está, non estamos a falar unicamente do profesorado da nosa materia, senón do conxunto de ensinantes do centro.

Por outra banda, gran parte dos nosos alumnos e alumnas proceden dun contorno eminentemente rural, o que faría supor que utilizan maioritariamente o galego como lingua vehicular. Pero nada máis lonxe da realidade; e velaí onde xorden os prexuízos antes citados.

En consecuencia, a nosa materia en todos os niveis orientarase tanto á aprendizaxe instrumental do idioma, como á comprensión da realidade lingüística de Galicia, co obxecto de desenvolver nos escolares, ademais do uso correcto, unha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social, contribuíndo así a acadaren unha adecuada competencia social e cidadá.

Ademais, o presente documento é un intento de ordenar a práctica didáctica tendo en conta as características do alumnado e o seu contexto cultural e socioeconómico. Está elaborada para o alumnado do IES Val do Tea, situado en Pontearreas, na provincia de Pontevedra. Aquí, ademais de Educación Secundaria Obrigatoria, impártense estudos de Bacharelato, Educación para adultos e Escola Oficial de Idiomas. Trátase, xa que logo, dun centro con moito alumnado que, habitualmente, se agrupa en clases numerosas, o que condiciona, sen dúbida, a calidade do ensino.

Con todo, a circunstancia que vai determinar o exercicio docente no curso 2021-2022 é, con toda seguridade, a pandemia da Covid-19. Por iso, a programación debe prever os tres escenarios que se poden dar na actividade lectiva: que esta sexa presencial, semipresencial ou non presencial.

Esta programación réxese polo Decreto 86/2015 de 25 xuño, no que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato en Galicia para a LOMCE.

1.1. Integrantes e materias asignadas ao departamento

Durante o curso 2021/2022 este departamento, ademais de impartir as materias de Lingua galega e Literatura en todos os niveis e grupos da ESO e Bacharelato, vai ser o responsable da docencia do Ámbito lingüístico e social do segundo curso de PMAR, de Reforzo de Lingua e Agrupamento en 1º ESO e 2º ESO), ademais do Ámbito de comunicación e do Ámbito social na Educación Secundaria de Adultos.

Esta é a relación das materias que se van impartir:

- Lingua galega e literatura (todos os niveis de ESO e Bacharelato).
- 1 Reforzo educativo en 1º ESO.
- 2 Reforzo educativo en 1º ESO.

- Libre configuración: Xadrez en 2ºESO.
- Libre configuración: ITI en 2º ESO
- 1 Agrupamento de lingua en 2º ESO.
- PMAR (2º Curso).
- Ámbito de comunicación (ESA)
- Ámbito social (ESA)
- Literatura universal (1º Bac.)

O Departamento está composto polos seguintes membros: Francisco Conde Cid, Alfonso Díaz Sixto, María Eugenia Martínez González, Dolores Pereira Fernández e Ana Belén Crespo Bastos, xefa de departamento. Ademais, agardamos a chegada dun/ha profesor/a interino/a.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Se a área de lingua e literatura se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o desenvolvemento desta competencia en toda a súa extensión, a través da creación e interpretación de emisións orais; a lectura de textos de diversa índole; a composición de producións escritas planificadas sobre os temas propostos, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e cunha coidada presentación; ademais da participación en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e da realización de producións orais planificadas.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Dende esta área desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, e a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

3. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Contribúese dende aquí ao logro desta competencia exercitando as destrezas dialóxicas que preparan para compartir e respectar opinións, saberes e referencias culturais. Ademais redonda na mellora da práctica de normas sociais de convivencia e no emprego da negociación para chegar a acordos. Así mesmo, a través do traballo con diferentes tipos de textos, facilítase unha aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.

Noutra orde de cousas, comprender a situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a humanidade, e a tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social. Isto leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade.

4. Competencia dixital (CD)

A procura de información, non só escrita, senón tamén audiovisual a través da rede, e a elaboración, tratamento e presentación da información en formato dixital permite desenvolver esta competencia.

Neste curso cobra especial importancia a competencia dixital por un dobre motivo: a incorporación do noso instituto ao proxecto EVA E-Dixgal e mais a situación de incerteza con respecto á modalidade de ensino (presencial, telemática ou mixta) que cómpre adoptar por mor da pandemia da Covid-19.

Ademais, a relación desta destreza con lingua galega e literatura ten dúas dimensións complementarias:

Dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verbo da área que nos ocupa: dende as máis estritamente lingüísticas, como dicionarios, correctores ortográficos..., ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...).

Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta: aquela con que os cidadáns e cidadás nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. Con ela podemos e debemos seleccionar, contrastar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento.

5. Conciencia e Expresións Culturais (CEC)

Disponse desta competencia se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área, isto concrétase sobre todo no ámbito literario; mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala ou na elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor favorece a autonomía dos alumnos e das alumnas e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. Dende esta materia contribúese a que o alumnado sexa quen de deseñar, artellar, desenvolver e avaliar accións e proxectos, individuais ou colectivos, con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Así mesmo preténdese que os escolares aprendan a optimizar os seus propios recursos para a consecución de obxectivos, a asumir responsabilidades, e a adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

7. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Contribúese ao logro desta competencia ao desenvolver no alumnado estratexias e estruturas de aprendizaxe que favorecen a comprensión rigorosa dos contidos e que son extrapolables a outras áreas e contextos: a lectura comprensiva, reflexiva e crítica, a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a xestión axeitada das informacións obtidas de distintas fontes, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas, etc. Tamén contribuirá decisivamente o valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

Así mesmo, desenvólvese fomentando tarefas que permitan que o/a alumno/a tome conciencia do seu propio proceso de aprendizaxe para detectar así as súas fortalezas e debilidades. A este respecto as tarefas de autoavaliación xogan un papel moi importante.

3. PLAN DE CONTINXENCIA

En caso de atoparnos en circunstancias excepcionais que obriguen ao peche do instituto, ou ben no caso de docencia híbrida (presencial e a distancia), a presente programación, é dicir, as metodoloxías, contidos, avaliación, etc., mantéñense, coa salvidade de que se realizarán coas ferramentas

proporcionadas pola Consellería de Educación e mais o propio IES Val do Tea (aula virtual, correo electrónico e plataformas de videoconferencia).

Con todo, poderá variar a concreción do sistema de avaliación en función da modalidade de docencia e do nivel educativo.

No caso de que algún alumno ou alumna non poida seguir a ensinanza telemática facilitaráselle os recursos necesarios para continuar coa formación desde o seu domicilio e o profesorado fará o seguimento correspondente do seu proceso de aprendizaxe.

4. OBXECTIVOS DA ESO

No marco da LOMCE (Decreto 86/2015), a Educación Secundaria Obrigatoria debe desenvolver nos alumnos e alumnas capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo/a, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde,

o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5. 1º ESO

5.1. CONTEXTUALIZACIÓN

En 1º ESO hai 66 alumnos/as (dos/as cales repiten 3), repartidos/as en tres grupos, que proveñen maioritariamente do CEIP Fermín Bouza Brey, aínda que tamén veñen doutros centros da zona.

Canto aos usos lingüísticos, a pesar de procederen dun entorno eminentemente rural, a maioría dos alumnos e alumnas fala só ou máis castelán ca galego, dato moi preocupante para o futuro da lingua. Polo tanto, a expresión oral e o desenvolvemento nos escolares dunha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social serán aspectos aos que lles haberá que dedicar unha atención especial.

Como medidas de atención á diversidade, contamos coa axuda da profesora de PT para atender as adaptacións curriculares, de modo que os/as alumnos/as que estean nesta situación saíran da aula as sesións que cumpran, caso de seren as clases presenciais.

5.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

Consúltese o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (páx. 26817 e seguintes)

5.3. TEMPORALIZACIÓN

Ao comezarmos este curso co proxecto E-Dixgal, a secuencia dos contidos vai seguir a proposta da editorial dixital de referencia: *Netex Knowledge Factory (2020)*.

Ademais, como apoio e fomento da lectura en galego, os/as alumnos/as deberán ler, cando menos, un libro por trimestre. A esollas das obras farase ao longo do curso, tendo en conta dous criterios: a calidade literaria e os gustos do alumnado.

A cada unidade dedicaráselle entre dúas ou tres semanas (de 8 a 12 sesións lectivas), aínda que esta distribución poderá axustarse ás necesidades de cada grupo.

5.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía seguirá as directrices que se establecen no Real Decreto 86/2015, do 25 de xuño de acordo con novo enfoque educativo baseado na aprendizaxe por competencias, coñecemento na práctica.

- Será **activa e participativa**. O alumnado adquirirá un grao considerable de protagonismo e orientarase ao coñecemento na práctica. A estes efectos, o docente máis que un simple transmisor de contidos pasará a ser esencialmente un xestor do coñecemento e tentará crear un ambiente que favoreza a iniciativa, premiando a acción e participación do alumno/a por riba das respostas que poida dar, educando ao alumnado en que o erro é unha extraordinaria oportunidade para aprender. Con isto, conseguírase unha clase máis participativa, máis plural, onde todos os alumnos e as alumnas tomen o risco de equivocarse e gañarán en confianza, mellorarán o seu autoconceito e reforzarán a súa autoestima.
- O alumno/a traballará de forma individual e en pequeno grupo. Recorrerase a esta disposición fundamentalmente naquelas actividades que perseguen habilidades de comunicación entre iguais e promover actitudes de respecto, cooperación e integración. Noutras ocasións poden ser breves interaccións entre parellas ou tríos que lles permita aos estudantes asentar e reflexionar sobre o contido que están traballando. Fomentárase, xa que logo, tanto o **traballo reflexivo individual** como a **aprendizaxe cooperativa**.
- **Creativa**. Realizaranse actividades que axuden a desenvolver a creatividade do/a alumno/a a través esencialmente do obradoiro de lingua e literatura, onde os/as alumnos/as terán que crear os seus textos de acordo cunhas pautas dadas. A lectura posterior en voz alta para que os demais as valoren favorecerá o xuízo crítico e a o traballo cooperativo.
- **Individualizada**. Terase en conta a **diversidade** do alumnado para garantir o desenvolvemento de todos os alumnos e alumnas e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para isto, propoñeranse actividades de moi diferente tipo, en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado. Ademais, en función das necesidades que presenten, desenvolveranse **actividades de ampliación e reforzo ou recuperación**, co fin de axustarnos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- O mecanismo metodolóxico fundamental para abordar os bloques de Comunicación oral e Comunicación escrita será o **traballo con textos** (orais e escritos) de todo tipo (textos literarios, da vida cotiá, expositivos, argumentativos, narracións, descricións, textos xornalísticos, diálogo). Con eles realizaranse actividades de lectura comprensiva, análise, e expresión oral (orientadas fundamentalmente á manifestación das propias experiencias e opinións, e a favorecer o pensamento crítico) e redacción. Partindo destes, íranse integrando os contidos relacionados co funcionamento da lingua: ampliación de vocabulario, gramática e ortografía, sempre dende un enfoque práctico.
- A **metodoloxía básica do estudo da literatura** centrarase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario guiado de textos, na lectura expresiva ou dramatizada de fragmentos dos distintos xéneros literarios e na creación propia a partir de modelos dados.
- Promoverase a **autoavaliación e a coavaliación** para reforzar o papel protagonista do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Preténdese que os/as alumnos/as tomen conciencia dos seus logros ou fortalezas e das súas debilidades, e reflexionen sobre a súa maneira de aprender. Neste sentido, entre outras actividades, incluírase a elaboración dun portfolio como unha tarefa máis.

- Incidirase nas **tarefas competenciais**, que facilitarán a vinculación con contextos reais e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado, así como o tratamento da interdisciplinariedade.
- Dado que a Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, o traballo de aula non só se centrará na consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo, senón tamén no desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas, facendo fincapé nas **técnicas de estudo**.
- Co fin de **promover o gusto pola lectura** e exercitar aos alumnos/as na comprensión lectora, ademais de dedicar un tempo na aula a esta tarefa, os/as alumnos/as terán que ler ao longo do curso (unha por avaliación) **tres obras completas axeitadas ao seu nivel**. O título das mesmas determinarase ao principio de cada trimestre.
- **Fomentarase o uso das TIC** para a resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou completar a información do libro, sen esquecer os métodos de busca tradicionais: uso do dicionario, enciclopedias, etc. Con certa frecuencia, empregaremos os recursos da **aula ABALAR** para a realización de actividades interactivas e de repaso, proxección de vídeos explicativos e uso do encerado dixital, contribuíndo ao adestramento na competencia dixital.
- Por último, fomentarase a **autonomía persoal** na resolución de problemas.

As actividades concretas destinadas a traballar cada un dos estándares, serán, en liñas xerais, as propostas ao respecto polo libro de texto de referencia.

5.5. MATERIAIS E RECURSOS

- Libro do alumnado: E-Dixgal
- Recursos para o profesorado da web <http://evaformacion.edixgal.com>.
- Recursos dixitais do repositorio Abalar: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/>
- Materiais complementarios doutras editoriais (audios, vídeos e actividades interactivas).
- Dicionarios.
- Encerado dixital e portátiles dos/as alumnos/as.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Ferramentas de avaliación e autoavaliación, modelos de rúbricas e rexistros...

5.6. MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1 e 2: Comunicación oral e Comunicación escrita.

- ✓ Comprende o sentido global das mensaxes orais e escritas con diferentes intencións comunicativas e de diferentes tipoloxías (CCL, CAA)
- ✓ Identifica a idea principal e as ideas secundarias de mensaxes orais e escritas de diferente tipoloxía. (CCL, CAA)
- ✓ Utiliza técnicas de análise e síntese do contido de diferentes textos: subliñado, esquema e resumo (CCL, CAA)
- ✓ Escoita con respecto e interese as intervencións orais, e respecta as normas de comunicación. (CCL, CSC)

- ✓ Coñece e aplica estratexias para falar en público, en situacións formais e informais. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece e utiliza adecuadamente a fonética do galego, especialmente a realización dos fonemas /f/ e /ɲ/ e dos fonemas vocálicos de grao medio, así como tamén o emprego dunha prosodia adecuada no que se refire á entoación, pausas, timbre... (CCL)
- ✓ Produce discursos orais breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica. (CCL, CSC)
- ✓ Escribe textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección. (CCL, CSC)
- ✓ Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e respectando os patróns fonéticos do galego. (CCL, CSC)
- ✓ Usa, con progresiva autonomía, os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información, resolver dúbidas e para producir creacións propias. (CD, CAA, CSIEE)

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- ✓ Coñece e utiliza un léxico amplo e preciso adecuado ao seu nivel e emprega progresivamente o vocabulario temático traballado na aula. (CCL)
- ✓ Coñece e aplica as normas ortográficas (principalmente acentuación, b/v, h, maiúsculas) e morfolóxicas da lingua galega e coñece e usa correctamente a puntuación (punto, coma...), de acordo coa cohesión textual. (CCL)
- ✓ Coñece e utiliza adecuadamente as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a composición de textos. (CCL)
- ✓ Coñece e utiliza os conectores textuais máis comúns e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos. (CCL)
- ✓ Utiliza os dicionarios en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma. (CCL, CAA, CD)

Bloque 4: Lingua e sociedade

- ✓ Valora as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo (CSC; CEC)
- ✓ Sabe describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso normalizador da nosa lingua. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece o que é un prexuízo lingüístico e analiza a situación persoal en relación a eles. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece a situación legal das linguas no Estado español. (CCL, CSC)

Bloque 5. Educación literaria

- ✓ Compara e diferencia os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, é quen de identificar os tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. (CCL)
- ✓ Le de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, axeitados á súa idade, expoñendo a súa opinión persoal sobre a lectura. (CCL, CCEC)

- ✓ Le obras literarias axeitadas á súa idade (tres ao longo do curso), comprende o seu sentido e expón unha opinión persoal sobre a lectura. (CCL, CCEC)
- ✓ Escribe textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios (os recursos retóricos, por exemplo) traballados na aula. (CCEC)

5.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos e relacionados no punto 5.2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

A avaliación estará enfocada non só a medir os logros, senón a mellorar a aprendizaxe do alumnado, polo tanto considerarase como un proceso integrado no proceso de ensino-aprendizaxe co obxectivo de detectar as dificultades, pescudar as causas e adaptar as actividades.

A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará ao longo do curso, recollendo información sobre a marcha do alumnado no referido ao traballo diario, actitude e participación, e ás súas intervencións orais espontáneas ou planificadas. Ao final, ou durante cada período avaliativo, haberá ademais, cando menos, unha proba escrita que recollerá os estándares de aprendizaxe traballados. Nestas probas haberá cuestións correspondentes a diferentes bloques de contidos .

O alumnado que non alcance o mínimo de 5 puntos nas avaliacións parciais ten a posibilidade de realizar unha proba de recuperación correspondente a cada trimestre, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Seguirase o procedemento de avaliación sumativa, de modo que a superación dunha avaliación supón liberación de materia; aínda que, como é de supoñer, os/as alumnos/as deberán ir incorporando nas súas producións os coñecementos lingüísticos que vaian adquirindo. Dada a súa natureza, a avaliación da comunicación oral terá tamén un carácter continuo.

Para aqueles alumnos e alumnas que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario, onde obrigatoriamente se examinarán de toda a materia. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar unha cualificación positiva e promocióne de curso, levará a área pendente.

Nas cualificacións parciais e final influirán o grao de consecución dos estándares por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será valorada positivamente.

Á parte da avaliación por parte do profesorado, fomentárase a participación do alumnado no proceso de avaliación a través da autoavaliación e, en menor medida, da coavaliación para axudarlles a ser conscientes de como aprenden, das razóns dos seus logros ou fracasos e de como poden mellorar, co fin de facelos tamén responsables da súa propia aprendizaxe.

Para levar a cabo o proceso de avaliación, iso é, a medición do grao de logro dos diferentes estándares de aprendizaxe, recollerase a maior cantidade de información posible empregando diversos **instrumentos de avaliación** que serán rexistrados no caderno do profesor:

- ✓ Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- ✓ Seguimento e rexistro do traballo diario a través do caderno e das actividade cotiás (realización e resolución)
- ✓ Traballos individuais ou en grupo, presentados por escrito ou expostos oralmente
- ✓ Audicións para valorar o grao de comprensión oral.
- ✓ Observación directa e valoración (coa axuda das rúbricas) das intervencións orais tanto espontáneas como planificadas

- ✓ Observación directa da súa actitude: atención, razoamentos, participación, interese, iniciativa persoal e autonomía no desenvolvemento das tarefas, uso das TIC e dicionarios para a busca de información, así como a súa actitude ante a lingua.
- ✓ Outros: Preguntas directas na clase, probas de atención...

Así mesmo, para que os/as alumnos/as avalíen o seu propio rendemento proporcionaráselle algunhas ferramentas ou instrumentos de autoavaliación (fichas, táboas, dianas e escalas de autoavaliación e/ou coavaliación), para autoavaliar tanto o seu dominio dos estándares como aqueles que teñen que ver con hábitos e técnicas de estudo: o seu traballo diario, xestión e organización do seu tempo, actitude, uso dos recursos...

5.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

1. Criterios de cualificación nas avaliacións parciais

A cualificación obterase conforme á seguinte ponderación:

- ✓ O **80%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (dúas por trimestre). Nestas probas valoraranse os contidos e a correcta expresión dos mesmos (coherencia, cohesión e axeitada presentación). Nestas probas haberá preguntas correspondentes aos diferentes bloques de contidos (comprensión oral ou escrita, expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura).

Despois de sumada a nota do contido da proba, descontarase 0.05 por cada til non diacrítico incorrecto, e 0.1 polo resto das faltas ortográficas, erros morfosintácticos (uso de tempos compostos, formación de femininos e plurais, incorrecta colocación do pronome) e léxico-semánticos (fundamentalmente castelanismos), ata un máximo de 1 punto.

Será preciso acadar unha nota mínima de 3 nas probas escritas para facer a media.

- ✓ O **10%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre. Esta consistirá nunha proba (oral ou escrita). Valorarase a lectura, a correcta comprensión da obra e a expresión adecuada dos contidos.
- ✓ O **10%** da nota extraerase do traballo diario do/a alumno/a, onde se terá en conta a realización en tempo e correcta das tarefas diarias, tanto na aula como na casa. Traballos que se esixan puntualmente: redaccións ou calquera outra composición escrita de calquera tipoloxía; a expresión oral, resultado tanto de intervencións espontáneas como planificadas; a lectura expresiva de textos; a orde e limpeza no caderno, a actitude e participación activa.

Ademais disto, valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo profesor, sempre que estea superada a lectura correspondente ao trimestre. A comprobación da lectura comprensiva das mesmas farase, ben a través dun traballo, ben cunha proba (escrita ou oral). Así mesmo, poderá valorarse positivamente a presentación de exemplares aos concursos literarios en galego que organice o centro, sempre que se axusten ás bases e posúan un mínimo de calidade.

Esta bonificación, que suporá o incremento de como máximo un 0,5 na nota final da avaliación, non posibilitará en ningún caso a superación da cualificación máxima (10 puntos).

Se un/ha alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia, terá en dita proba unha cualificación de cero. Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame implicará a obtención automática dun cero (0) na dita proba.

2. Avaliación final ordinaria

- ✓ A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
- ✓ O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cun mínimo de 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media resultante das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos.
- ✓ Excepcionalmente, cando na terceira avaliación un alumno ou alumna vise interrompido bruscamente o seu proceso formativo por mor dunha enfermidade grave cuxo tratamento leve consigo hospitalización e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais de xuño, será avaliado/a considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre que teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.

3. Recuperacións

- ✓ O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 nalgunha avaliación poderá realizar unha recuperación da mesma, incluída a lectura (caso de non estar superada).
- ✓ No exame final de xuño cada alumno/a examínase da avaliación que teña suspensa, se só ten unha. De ter máis dunha avaliada negativamente, examínase de todos os contidos do curso (incluídas as lecturas, se non están superadas).
- ✓ A(s) proba(s) de recuperación contarán coa seguinte repartición porcentual: 90% para os contidos da materia e 10% para a demostración da lectura correspondente.

4. Avaliación extraordinaria

- ✓ O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ Esta proba escrita estará baseada nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación. Dado o carácter da proba, non serán avaliados os aspectos referentes ao bloque da comunicación oral.
- ✓ Para acadar unha avaliación extraordinaria positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, na que se valorarán os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Modificarase a repartición porcentual da cualificación, quedando do seguinte xeito:

- ✓ O 50% da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (dúas por trimestre).
- ✓ O 20% corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre.
- ✓ O 30% da cualificación valorará a expresión escrita (20%) e a expresión oral (10%), mediante a entrega de tarefas en tempo e forma (fundamentalmente, composicións escritas e secuencias

de audio).

5.9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial. Avaliaranse neste momento os coñecementos previos e capacidades do/a alumno/a como punto de partida para orientar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe.

A súa finalidade é obter información tanto das necesidades individuais (identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización da súa aprendizaxe, por presentar deficiencias ou ben altas capacidades), como de grupo (identificar as fortalezas e debilidades do grupo en canto aos aspectos competenciais, para decidir os desempeños prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia).

Instrumentos:

- ❖ Unha **proba escrita** orientada basicamente a coñecer o dominio de destrezas básicas (comprensión e expresión) e o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que se deben ter adquiridos neste nivel.

Esta proba poderá ser corrixida en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos/as sexan conscientes dende o principio das súas dificultades.

- ❖ Unha **proba de lectura** para comprobar o grao de fluidez lectora.
- ❖ Unha **proba de comprensión oral**.
- ❖ Como actividade de avaliación inicial incluírase tamén unha sesión de **presentación oral** dos integrantes do grupo-clase. Permitirá que se dean a coñecer aos demais membros do grupo, dado que chegan ao centro por primeira vez; saber dos seus gustos e afeccións; e apreciar a súa fluidez á hora de expresarse en galego.

A avaliación inicial terá lugar preferentemente durante a **primeira semana de clases**.

Ademais de avaliar aspectos curriculares, durante as primeiras semanas tamén se recompilará información relativa aos seguintes aspectos.

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Os aspectos que se deben ter en conta para distribuír os alumnos e alumnas na aula ou agrupalos para os traballos cooperativos.
- Grao de interese e motivación do alumnado.
- Alumnado con circunstancias persoais especiais (por estar en risco de exclusión, pola súa historia familiar, etc.).

A avaliación destes aspectos farase por medio da observación directa, e da información que se obterá dos compañeiros e do Dpto. de Orientación nas sesións de avaliación inicial.

5.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade estableceranse a partir da información obtida na avaliación inicial e das necesidades que se vaian observando ao longo do curso. Teranse en conta a diversidade na comprensión, de capacitación, na comunicación e a diversidade de interese e motivación.

Para o tratamento da diversidade individual en 1º ESO propóñense dúas medidas básicas:

- Ⓣ **Actividades de reforzo, recuperación e ampliación.**

Para o alumnado con dificultades para acadar os mínimos esixibles na materia, estableceranse medidas de reforzo e recuperación. De xeito análogo, se hai alumnado que demostre un dominio claro dos obxectivos fixados para a materia, estableceranse medidas de ampliación.

Con carácter xeral, estas medidas consistirán, na medida do posible, nunha maior atención directa por parte do profesorado e na proposta de traballo práctico adicional baseado nos materiais proporcionados para o efecto polo libro de texto de referencia Edixgal (citados no epígrafe 1.5 -Materiais e recursos-). Centraranse nos seguintes aspectos:

- a) Reforzo e ampliación dos aspectos traballados en cada unidade
- b) Comprensión lectora e comentario en Lecturas complementarias.
- c) Prácticas de competencias.
- d) Expresión.

⑩ **Adaptacións Curriculares Individualizadas**

Estarán destinadas a aqueles alumnos e alumnas que presenten un desfase curricular moi acentuado. O profesorado implicado, en colaboración co Departamento de Orientación, deseñará as actividades precisas para o seu desenvolvemento, adaptando o currículo ás posibilidades do alumnado. Estes alumnos/as combinarán o traballo no grupo-clase con clases de apoio individualizadas a cargo do profesorado de Pedagogía Terapéutica.

6. 2º ESO. LINGUA E LITERATURA GALEGA

6.1. CONTEXTUALIZACIÓN

En 2º ESO hai 72 alumnos/as (dos/as cales repiten 5) repartidos/as en tres grupos e un agrupamento. Ademais, neste nivel hai 5 alumnos/as acollidos ao Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).

Canto aos usos lingüísticos, a pesar de procederen dun contorno eminentemente rural, a maioría do alumnado fala só ou máis castelán ca galego, dato moi preocupante para o futuro da lingua. Polo tanto, a expresión oral e o desenvolvemento nos escolares dunha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social serán aspectos aos que lle haberá que dedicar unha atención especial.

Por outra parte, neste nivel o elevado número de alumnos/as por aula dificultará de modo importante o labor docente, así como a atención á diversidade.

6.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

Consúltense o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (páx. 26817 e seguintes)

6.3. TEMPORALIZACIÓN

Ao comezarmos este curso co proxecto E-Dixgal, a secuencia dos contidos vai seguir a proposta da editorial dixital de referencia: *Netex Knowledge Factory (2020)*.

Ademais, como apoio e fomento da lectura en galego, os/as alumnos/as deberán ler, cando menos, un libro por trimestre. A escolla das obras farase ao longo do curso, tendo en conta dous criterios: a calidade literaria e os gustos do alumnado.

A cada unidade dedicaráselle entre dúas ou tres semanas (de 8 a 12 sesións lectivas), aínda que esta distribución poderá axustarse ás necesidades de cada grupo.

6.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía seguirá as directrices que se establecen no Real Decreto 86/2015, do 25 de xuño de acordo con novo enfoque educativo baseado na aprendizaxe por competencias, coñecemento na práctica.

- Será **activa e participativa**. O alumnado adquirirá un grao considerable de protagonismo e orientarase ao coñecemento na práctica. A estes efectos, o docente máis que un simple transmisor de contidos pasará a ser esencialmente un xestor do coñecemento e tentará crear un ambiente que favoreza a iniciativa, premiando a acción e participación do alumno/a por riba das respostas que poida dar, educando aos alumnos/as en que o erro é unha extraordinaria oportunidade para aprender. Con isto, conseguírase unha clase máis participativa, máis plural, onde todos os alumnos/as tomen o risco de equivocarse e estes gañarán en confianza, mellorarán o seu autoconcepto e reforzarán a súa autoestima.
- O alumno/a traballará de forma individual e en pequeno grupo. Recorrerase a esta disposición fundamentalmente naquelas actividades que perseguen habilidades de comunicación entre iguais e promover actitudes de respecto, cooperación e integración. Noutras ocasións poden ser breves interaccións entre parellas ou tríos que lles permita aos estudantes asentar e reflexionar sobre o contido que están traballando. Fomentárase, xa que logo, tanto o **traballo reflexivo individual** como a **aprendizaxe cooperativa**.
- **Creativa**. Realízanse actividades que axuden a desenvolver a creatividade do/a alumno/a a través esencialmente do obradoiro de lingua e literatura, onde os/as alumnos/as terán que crear os seus textos de acordo cunhas pautas dadas. A lectura posterior en voz alta para que os demais as valoren favorecerá o xuízo crítico e a o traballo cooperativo.
- **Individualizada**. Térase en conta a **diversidade** do alumnado para garantir o desenvolvemento de todos os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para isto, propoñeranse actividades de moi diferente tipo, en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado. Ademais, en función das necesidades que presenten, desenvolveranse **actividades de ampliación e reforzo ou recuperación**, co fin de axustarnos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- O mecanismo metodolóxico fundamental para abordar os bloques de Comunicación oral e Comunicación escrita será o **traballo con textos** (orais e escritos) de todo tipo (textos literarios, da vida cotiá, expositivos, argumentativos, narracións, descricións, textos xornalísticos, diálogo). Con eles realízanse actividades de lectura comprensiva, análise, e expresión oral (orientadas fundamentalmente á manifestación das propias experiencias e opinións, e a favorecer o pensamento crítico) e redacción. Partindo destes, íranse integrando os contidos relacionados co funcionamento da lingua: ampliación de vocabulario, gramática e ortografía, sempre dende un enfoque práctico.

- A **metodoloxía básica do estudo da literatura** centrarase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario guiado de textos, na lectura expresiva ou dramatizada de fragmentos dos distintos xéneros literarios e na creación propia a partir de modelos dados.
- Promoverase a **autoavaliación e a coavaliación** para reforzar o papel protagonista do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Preténdese que os/as alumnos/as tomen conciencia dos seus logros ou fortalezas e das súas debilidades, e reflexionen sobre a súa maneira de aprender. Neste sentido, entre outras actividades, incluírase a elaboración dun portfolio como unha tarefa máis.
- Incidirase nas **tarefas competenciais**, que facilitarán a vinculación con contextos reais e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado, así como o tratamento da interdisciplinariedade.
- Dado que a Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, o traballo de aula non só se centrará na consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo, senón tamén no desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas, facendo fincapé nas **técnicas de estudo**.
- Co fin de **promover o gusto pola lectura** e exercitar aos alumnos/as na comprensión lectora, ademais de dedicar un tempo na aula a esta tarefa, os/as alumnos/as terán que ler ao longo do curso (unha por avaliación) **tres obras completas axeitadas ao seu nivel**. O título das mesmas determinarase ao principio de cada trimestre.
- **Fomentarase o uso das TIC** para a resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou completar a información do libro, sen esquecer os métodos de busca tradicionais: uso do dicionario, enciclopedias, etc. Con certa frecuencia, empregaremos os recursos da **aula ABALAR** para a realización de actividades interactivas e de repaso, proxección de vídeos explicativos e uso do encerado dixital, contribuíndo ao adestramento na competencia dixital.
- Por último, fomentarase a **autonomía persoal** na resolución de problemas.

As actividades concretas destinadas a traballar cada un dos estándares, serán, en liñas xerais, as propostas ao respecto polo libro de texto de referencia.

6.5. MATERIAIS E RECURSOS

- Libro do alumnado: E-Dixgal
- Recursos para o profesorado da web <http://evaformacion.edixgal.com>.
- Recursos dixitais do repositorio Abalar: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/>
- Materiais complementarios doutras editoriais (audios, vídeos e actividades interactivas).
- Dicionarios.
- Encerado dixital e portátiles dos/as alumnos/as.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Ferramentas de avaliación e autoavaliación, modelos de rúbricas e rexistros...
- Ademais dos materiais citados, o profesorado poderá empregar outros recursos se o estima conveniente: fotocopias, presentacións, vídeos, audicións..., como apoio ao seu labor docente.

6.6. MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

- ✓ Comprende o sentido global de diferentes textos orais dos medios de comunicación audiovisual (noticias, crónicas e reportaxes), e dos ámbitos social e educativo; identifica a súa intención comunicativa, o tema, as ideas principais e traslada a información a esquemas ou resumos. (CCL, CCA)
- ✓ Escoita con respecto e interese e cumpre as normas de cortesía básicas que favorecen a comunicación. (CCL, CSC)
- ✓ Produce textos orais, espontáneos ou planificados, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. (CCL, CSC).
- ✓ Exprésase oralmente respectando as regras morfosintácticas do galego (en especial a colocación do pronome átono), así como a fonética galega (especialmente a realización dos fonemas /j/ e /ɲ/ e dos fonemas vocálicos de grao medio) e evita os castelanismos máis frecuentes. (CCL, CSC)

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.

- ✓ Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e respectando os patróns fonéticos do galego (CCL, CSC)
- ✓ Comprende textos da vida cotiá e das relacións sociais (diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes), dos medios de comunicación (noticias), e da vida educativa (especialmente instrutivos e expositivos. (CSC, CCL)
- ✓ Escribe textos propios da vida cotiá e das relacións sociais (diarios, cartas persoais...), dos medios de comunicación (noticias), así como textos de distintas tipoloxías (fundamentalmente, narrativos e descritivos) con adecuación, coherencia, cohesión, corrección gramatical e ortográfica, e boa presentación, imitando textos (CCL, CSC, CD).
- ✓ Usa os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para seleccionar información e para crear textos propios. (CD, CAA, CSIEE)
- ✓ Utiliza técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: subliñado, esquemas, resumos, etc., así como técnicas e estratexias para a produción de textos escritos (planificación e revisión) (CCL, CAA, CSIEE)

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- ✓ Coñece e utiliza un léxico amplo e preciso adecuado ao seu nivel e emprega progresivamente o vocabulario temático traballado na aula (CCL, CEC)
- ✓ Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega (CCL)
- ✓ Coñece e aplica as normas ortográficas (principalmente acentuación, b/v, h, maiúsculas...) (CCL)
- ✓ Coñece as normas de uso dos signos de puntuación (nomeadamente punto, coma) e úsaos nos seus escritos de acordo coa cohesión textual. (CCL)
- ✓ Identifica os distintos tipos de palabras e recoñece a súa estrutura, e a súa caracterización morfolóxica e aplícao nas súas producións. (CCL)
- ✓ Identifica e usa os conectores textuais máis comúns (espazo, oposición, contraste, adición) e os principais mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna (CCL)
- ✓ Coñece os compoñentes sintácticos da oración simple e emprega este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cohesionados e correctos. (CCL)

- ✓ Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe. (CAA)

Bloque 4: Lingua e sociedade

- ✓ Valora as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e aprecia o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade (CSC, CEC)
- ✓ Coñece os territorios que integran a comunidade lusófona e valora a importancia da relación de Galicia con dita comunidade (CSC, CEC)
- ✓ Describe a situación sociolingüística de Galicia (atendendo á presenza da lingua galega no contorno) (CSC)
- ✓ Coñece o concepto de normalización e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. (CSC, CEC)
- ✓ Describe a situación legal das linguas do Estado español. (CSC, CCL)
- ✓ Identifica as variantes internas do galego e a función da lingua estándar como variante unificadora. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece os trazos máis importantes das variantes xeográficas do galego e aprecia a variante propia rexeitando os prexuízos lingüísticos asociados a ela. (CCL, CSC)

Bloque 5. Educación literaria

- ✓ Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. (CCL, CEC)
- ✓ Le expresiva e comprensivamente poemas, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. (CCL, CEC)
- ✓ Le dramatizada e comprensivamente pezas teatrais e recoñece os seus compoñentes. (CCL, CEC)
- ✓ Coñece, identifica e interpreta os recursos retóricos nos textos literarios e a súa funcionalidade nos mesmos. (CCL, CEC)
- ✓ Le e comprende obras literarias axeitadas á súa idade (tres ao longo do curso), e expón unha opinión persoal sobre a lectura. (CCL, CEC)
- ✓ Escribe textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios (os recursos retóricos, por exemplo) traballados na aula (CCL, CEC)

6.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos e relacionados no punto 6.2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

A avaliación estará enfocada, non só a medir os logros, senón a mellorar a aprendizaxe do alumnado; polo tanto, considerarase como un proceso integrado no proceso de ensino-aprendizaxe, co obxectivo de detectar as dificultades, pescudar as causas e adaptar as actividades.

A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial

será completada coa avaliación formativa, que se realizará ao longo do curso, recollendo información sobre a marcha do alumnado no referido ao traballo diario, actitude e participación, e ás súas intervencións orais espontáneas ou planificadas. Ao final ou durante cada período avaliativo, haberá ademais, cando menos, unha proba escrita que recollerá os estándares de aprendizaxe traballados. Nestas probas haberá cuestións correspondentes a diferentes bloques de contidos.

O alumnado que non alcance o mínimo de 5 puntos nas avaliacións parciais ten a posibilidade de realizar unha proba de recuperación correspondente a cada trimestre, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Seguirase o procedemento de avaliación sumativa, de modo que a superación dunha avaliación supón liberación de materia; aínda que, como é de supoñer, os/as alumnos/as deberán ir incorporando nas súas producións os coñecementos lingüísticos que vaian adquirindo. Dada a súa natureza, a avaliación da comunicación oral terá tamén un carácter continuo.

Para aqueles alumnos/as que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario, no que obrigatoriamente se examinarán de toda a materia. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar unha cualificación positiva e promocióne de curso, levará a área pendente.

Nas cualificacións parciais e final influirán o grao de consecución dos estándares por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será valorada positivamente.

Á parte da avaliación por parte do profesorado, fomentárase a participación do alumnado no proceso de avaliación a través da autoavaliación e, en menor medida, da coavaliación para axudarlles a ser conscientes de como aprenden, das razóns dos seus logros ou fracasos e de como poden mellorar, co fin de facelos tamén responsables da súa propia aprendizaxe.

Para levar a cabo o proceso de avaliación, iso é, a medición do grao de logro dos diferentes estándares de aprendizaxe, recollerase a maior cantidade de información posible, empregando diversos **instrumentos de avaliación** que serán rexistrados no caderno do profesor:

- ✓ Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- ✓ Seguimento e rexistro do traballo diario a través do caderno e das actividades cotiás (realización e resolución)
- ✓ Traballos individuais ou en grupo, presentados por escrito ou expostos oralmente
- ✓ Audicións para valorar o grao de comprensión oral.
- ✓ Observación directa e valoración (coa axuda das rúbricas) das intervencións orais tanto espontáneas como planificadas
- ✓ Observación directa da súa actitude: atención, razoamentos, participación, interese, iniciativa persoal e autonomía no desenvolvemento das tarefas, uso das TIC e dicionarios para a busca de información, así como a súa actitude ante a lingua.
- ✓ Outros: Preguntas directas na clase, probas de atención...

Así mesmo, para que os/as alumnos/as avalíen o seu propio rendemento proporcionaráselle algunhas ferramentas ou instrumentos de autoavaliación (fichas, táboas, dianas e escalas de autoavaliación e/ou coavaliación), para autoavaliar tanto o seu dominio dos estándares como aqueles que teñen que ver con hábitos e técnicas de estudo: o seu traballo diario, xestión e organización do seu tempo, actitude, uso dos recursos...

6.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

1. Criterios de cualificación nas avaliacións parciais

A cualificación obterase conforme á seguinte ponderación:

- ✓ O **80%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (dúas por trimestre). Nestas probas valoraranse os contidos e a correcta expresión dos mesmos (coherencia, cohesión e axeitada presentación). Nestas probas haberá preguntas correspondentes aos diferentes bloques de contidos (comprensión oral ou escrita, expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura).

Despois de sumada a nota do contido da proba, descontarase 0.05 por cada til non diacrítico incorrecto, e 0.1 polo resto das faltas ortográficas, erros morfosintácticos (uso de tempos compostos, formación de femininos e plurais, incorrecta colocación do pronome) e léxico-semánticos (fundamentalmente castelanismos), ata un máximo de 1 punto.

Será preciso acadar unha nota mínima de 3 nas probas escritas para facer a media.

- ✓ O **10%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre. Esta consistirá nunha proba (oral ou escrita). Valorarase a lectura, a correcta comprensión da obra e a expresión adecuada dos contidos.
- ✓ O **10%** da nota extraerase do traballo diario do/a alumno/a, onde se terá en conta a realización en tempo e correcta das tarefas diarias, tanto na aula como na casa. Traballos que se esixan puntualmente: redaccións ou calquera outra composición escrita de calquera tipoloxía; a expresión oral, resultado tanto de intervencións espontáneas como planificadas; a lectura expresiva de textos; a orde e limpeza no caderno, a actitude e participación activa.

Ademais disto, valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo profesor, sempre que estea superada a lectura correspondente ao trimestre. A comprobación da lectura comprensiva das mesmas farase, ben a través dun traballo, ben cunha proba (escrita ou oral). Así mesmo, poderá valorarse positivamente a presentación de exemplares aos concursos literarios en galego que organice o centro, sempre que se axusten ás bases e posúan un mínimo de calidade.

Esta bonificación, que suporá o incremento de como máximo un 0,5 na nota final da avaliación, non posibilitará en ningún caso a superación da cualificación máxima (10 puntos).

Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia, terá en dita proba unha cualificación de cero. Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame implicará a obtención automática dun cero (0) na dita proba.

2. Avaliación final ordinaria

- ✓ A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
- ✓ O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cun mínimo de 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media resultante das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos.
- ✓ Excepcionalmente, cando na terceira avaliación un alumno ou alumna vise interrompido bruscamente o seu proceso formativo por mor dunha enfermidade grave cuxo tratamento leve consigo hospitalización e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais de xuño, será

avaliado/a considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre que teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.

3. Recuperacións

- ✓ O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 nalgunha avaliación poderá realizar unha recuperación da mesma, incluída a lectura (caso de non estar superada).
- ✓ No exame final de xuño cada alumno/a examínase da avaliación que teña suspensa, se só ten unha. De ter máis dunha avaliada negativamente, examínase de todos os contidos do curso (incluídas as lecturas, se non están superadas).
- ✓ A(s) proba(s) de recuperación contarán coa seguinte repartición porcentual: 90% para os contidos da materia e 10% para a demostración da lectura correspondente.

4. Avaliación extraordinaria

- ✓ O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ Esta proba escrita estará baseada nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación. Dado o carácter da proba, non serán avaliados os aspectos referentes ao bloque da comunicación oral.
- ✓ Para acadar unha avaliación extraordinaria positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, na que se valorarán os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Modificarase a repartición porcentual da cualificación, quedando do seguinte xeito:

- ✓ O **50%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (dúas por trimestre).
- ✓ O **20%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre.
- ✓ O **30%** da cualificación valorará a expresión escrita (20%) e a expresión oral (10%), mediante a entrega de tarefas en tempo e forma (fundamentalmente, composicións escritas e secuencias de audio).

6.9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso realízase unha avaliación inicial. Avaliáranse neste momento os coñecementos previos e capacidades do/a alumno/a como punto de partida para orientar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe.

A súa finalidade é obter información tanto das necesidades individuais (identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización da súa aprendizaxe, por presentar

deficiencias ou ben altas capacidades), como de grupo (identificar as fortalezas e debilidades do grupo en canto aos aspectos competenciais, para decidir os desempeños prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia).

Instrumentos:

- ❖ Unha **proba escrita** orientada basicamente a coñecer o dominio de destrezas básicas (comprensión e expresión) e o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que se deben ter adquiridos neste nivel.

Esta proba poderá ser corrixida en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos e alumnas sexan conscientes dende o principio das súas dificultades.

- ❖ Unha **proba de lectura** para comprobar o grao de fluidez lectora.
- ❖ Unha **proba de comprensión oral**.
- ❖ Como actividade de avaliación inicial incluírase tamén unha sesión de **presentación oral** dos integrantes do grupo-clase. Permitirá que se dean a coñecer aos demais membros do grupo, dado que chegan ao centro por primeira vez; saber dos seus gustos e afeccións; e apreciar a súa fluidez á hora de expresarse en galego.

A avaliación inicial terá lugar preferentemente durante a **primeira semana de clases**.

Ademais de avaliar aspectos curriculares, durante as primeiras semanas tamén se recompilará información relativa aos seguintes aspectos.

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Os aspectos que se deben ter en conta para distribuír os alumnos e alumnas na aula ou agrupalos para os traballos cooperativos.
- Grao de interese e motivación do alumnado.
- Alumnado con circunstancias persoais especiais (por estar en risco de exclusión, pola súa historia familiar, etc.).

A avaliación destes aspectos farase por medio da observación directa, e da información que se obterá dos compañeiros e do Dpto. de Orientación nas sesións de avaliación inicial.

6.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade estableceranse a partir da información extraída na avaliación inicial e das necesidades que se vaian observando ao longo do curso. Teranse en conta a diversidade na comprensión, na capacitación, na comunicación e a diversidade de interese e motivación.

Para o tratamento da diversidade individual en 2º ESO prevense as seguintes medidas:

- **Actividades de reforzo, recuperación e ampliación**

Para o alumnado con dificultades para acadar os mínimos esixibles na materia, estableceranse medidas de reforzo e recuperación. De xeito análogo, se hai alumnado que demostre un dominio claro dos obxectivos fixados para a materia, estableceranse medidas de ampliación.

Con carácter xeral, estas medidas consistirán na proposta de traballo práctico adicional, baseado nos materiais deseñados a tal efecto por Anaya. Centraranse nos seguintes aspectos:

- a) Reforzo e ampliación dos aspectos traballados en cada unidade
- b) Comprensión lectora e comentario en Lecturas complementarias.
- c) Prácticas de competencias.

d) Expresión.

- **Adaptacións Curriculares Individualizadas**

Realizaranse Adaptacións Curriculares Individualizadas a aqueles alumnos/as que presenten un desfase curricular moi acentuado. O profesorado implicado, en colaboración co Departamento de Orientación, deseñará as actividades precisas para o seu desenvolvemento, adaptando o currículo ás posibilidades do alumnado. Estes alumnos/as combinarán o traballo no grupo-clase con clases de apoio individualizadas a cargo do profesorado de Pedagogía Terapéutica.

- **Incorporación ao agrupamento de lingua galega**
- **Inclusión nun Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR)**

6.11. AGRUPAMENTO DE LINGUA. 2º DE ESO

Neste curso contamos cun agrupamento de lingua, no que se seguirán as directrices básicas da programación xeral para 2º de ESO, posto que a finalidade é que os/as alumnos/as con máis dificultades logren acadar os obxectivos xerais do curso partindo, en principio, só dunha adaptación metodolóxica: atención máis personalizada e metodoloxía eminentemente práctica.

6.11.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Coinciden cos referidos na programación xeral para 2º de ESO. Con todo, dadas as carencias que estes alumnos/as teñen no dominio das destrezas lingüísticas básicas, insistirase fundamentalmente no logro dos mínimos esixibles, insistindo na adquisición das mencionadas destrezas básicas: lectura, comprensión, expresión escrita e expresión oral.

6.11.2. TEMPORALIZACIÓN

Segue o determinado para o resto dos grupos, aínda que dadas as características do alumnado, o ritmo de aprendizaxe no agrupamento sempre será máis lento.

6.11.3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Neste grupo potenciarase especialmente unha metodoloxía **activa e participativa**. O alumnado adquirirá un grao considerable de protagonismo. Para estes efectos, o docente, máis que un simple transmisor de contidos, pasará a ser esencialmente un xestor do coñecemento e tentará crear un ambiente que favoreza a iniciativa, premiando a acción e participación do alumno/a por riba das respostas que poida dar, educando ao alumnado en que o erro é unha extraordinaria oportunidade para aprender. Con isto conseguirase unha clase máis participativa, máis plural, onde todos os alumnos e alumnas tomen o risco de equivocarse e estes gañarán en confianza, mellorarán o seu autoconcepto e reforzarán a súa autoestima.

O enfoque metodolóxico será **eminente práctico**: propiciarase moi especialmente a posta en práctica dos novos coñecementos adquiridos a as tarefas competenciais. Aínda que se traballará de xeito individual, priorizarase a **aprendizaxe cooperativa**, que pode consistir en breves interaccións entre parellas ou tríos, que lles permitan aos estudantes asentar e reflexionar sobre o contido que están traballando

Considérase moi importante proporcionarlle ao alumno/a unha atención individualizada, para así poder axudalo a superar as súas dificultades en particular. Deste xeito, partírase do nivel de coñecementos do alumno/a e, a partir de aí, constrúense novas aprendizaxes.

As actividades concretas destinadas a traballar cada un dos estándares, serán, en liñas xerais, as propostas a este respecto polo libro de texto de referencia, con especial atención ás actividades de reforzo.

Fomentarase especialmente a **autoavaliación (e coavaliación)** do alumnado: recoñecemento das propias dificultades como paso previo á súa superación, corrección das propias producións, orientado polo profesor, e reflexión sobre o grao de esforzo e empeño que cada un pon en mellorar a súa competencia lingüística.

Como xa se indicou, pola súa propia natureza, os agrupamentos teñen un **carácter flexible**, de xeito que, de observarse que un/ha alumno/a acadou un nivel adecuado, reintegraríase ao curso de referencia.

Por último, o/a profesor/a de agrupamento porase en contacto periodicamente cos profesores que imparten clase no curso de referencia para **coordinar as súas actuacións**, de xeito que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa o máis homoxéneo posible en relación co do resto do grupo, tendo presente, evidentemente, que o ritmo de aprendizaxe no agrupamento sempre será máis lento.

6.11.4. MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais básicos serán os mesmos ca no resto dos grupos de 2º, con especial atención aos **materiais de reforzo**.

6.11.5. MÍNIMOS ESIXIBLES

Coinciden cos referidos na programación xeral para 2º de ESO.

6.11.6. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coinciden cos marcados na programación xeral de 2º ESO, coa puntualización de que se orientarán fundamentalmente a comprobar o grao de adquisición dos mínimos e incidirase no uso de instrumentos de avaliación diversos, podendo incluír un maior número de probas escritas por trimestre.

7. 2º ESO. XADREZ

7.1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A impartición desta disciplina enmárcase no disposto no Decreto 86/2015 de 25 xuño, e insírese no sistema educativo como unha materia de libre configuración autonómica de elección para os centros.

O xadrez é un xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento imprescindibles na ESO. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación. O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación, o cal favorece que cada alumno/a afiance a súa identidade persoal, adquira hábitos de convivencia democrática e aprenda a ser unha persoa

independente que aborda a análise de situacións para obter as súas propias conclusións a través dunha actitude crítica ante o mundo.

7.2. CONTRIBUCIÓN DESTA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A **comunicación lingüística** desenvólvese a través do uso do vocabulario específico da materia, da realización de produción escrita e da exposición oral dos razoamentos lóxicos aos que se chegue en cada situación.

A **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** desenvolveranse nomeadamente coa resolución de problemas de calquera índole mediante o razoamento lóxico. Cómpre sinalar que o xadrez e a competencia matemática van moi unidos pola súa propia natureza.

A **competencia dixital** vaise desenvolver co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información e coas aplicacións e os programas propios do xadrez.

Aprender a aprender é unha competencia de forte presenza no xadrez, pois este reclama constantemente procesos de análise e reflexión do alumnado.

As **competencias sociais e cívicas** alcanzaranse a través da realización das actividades de xeito cooperativo, procurando que o alumnado traballe en grupo e interactúe respectando as normas segundo o contexto onde se atope.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** conséguese mediante esta materia a través do desenvolvemento da creatividade, do esforzo persoal, da capacidade de análise, da planificación, da organización e toma de decisións, da resolución de problemas, da xestión de riscos, da avaliación e da autoavaliación, etc., que supón de por si o xadrez.

A **conciencia e expresións culturais** vaise traballar a través da análise da evolución histórica do propio xogo e mais das diferentes tendencias artísticas nos deseños das pezas do xadrez ao longo da historia e nas diferentes culturas

7.3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Xadrez. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Fundamentos do xadrez				
b f g	B1.1. Taboleiro: colocación, cadros, columnas, ringleiras, diagonais, flancos e centro.	B1.1. Utilizar adecuadamente o taboleiro de xadrez.	XAB1.1.1. Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar.	CMCCT
			XAB1.1.2. Aplica conceptos xeométricos sinxelos (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro.	CMCCT CAA

	Xadrez. 2º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b h i o	B1.2. Pezas: nomes e colocación. Vocabulario do xadrez.	B1.2. Coñecer as pezas do xadrez e o seu vocabulario específico en diferentes linguas.	XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro.	CCL CMCCT
			XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.	CCL
b f g h l	B1.3. Movementos das pezas. B1.4. Reloxo: tipos ao longo da historia. B1.5. Valor das pezas. Equivalencias.	B1.3. Aplicar adecuadamente os movementos e o valor das pezas de xadrez no xogo.	XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez.	CMCCT CAA
			XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez.	CMCCT
			XAB1.3.3. Identifica os tipos de reloxos ao longo da historia do xadrez.	CCL
			XAB1.3.4. Utiliza o reloxo nunha partida.	CMCCT
			XAB1.3.5. Realiza operacións combinadas cos valores das pezas, aplicando correctamente a xerarquía de operacións.	CMCCT CAA
			XAB1.3.6. Realiza e formula actividades e problemas matemáticos onde se manexe o valor das pezas do xadrez de xeito creativo.	CCL CMCCT CAA CSIEE
b f g	B1.5. Capturas das pezas. B1.6. Ameazas e defensas. Xogadas erróneas.	B1.4. Realizar adecuadamente en xogadas a captura das pezas, defensas e ameazas, e identificar cando son erróneas.	XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas.	CMCCT CAA
			XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez.	CMCCT CAA
			XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas.	CMCCT CAA
			XAB1.4.4. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza.	CMCCT CAA
b f g	B1.7. Enroque: curto e longo. Condicións para o enroque.	B1.5. Utilizar os tipos de enroque e valorar o máis adecuado en cada caso.	XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque.	CMCCT
			XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida.	CMCCT CAA
			XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque.	CMCCT CAA
			XAB1.5.4. Representa sobre o taboleiro casos prácticos sobre o enroque.	CMCCT CAA
	Bloque 2. O xogo en acción			
b f	B2.1. Concepto de xaque. Defensa e tipos. B2.2. Xaque mate. Mates famosos.	B2.1. Coñecer e utilizar o xaque, o xaque mate e os mates máis	XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida.	CMCCT CAA

	Xadrez. 2º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g	B2.3. Combinacións de xaque mate: con dama, con torre, con alfil, con cabalo e con peón. B2.4. Xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas con diferentes pezas.	famosos en xogadas con diferentes pezas e coas distintas combinacións.	XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.	CMCCT CAA
			XAB2.1.3. Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos.	CMCCT
			XAB2.1.4. Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario.	CMCCT CAA
			XAB2.1.5. Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas.	CMCCT CAA
b f g	B2.5. Táboas: tipos.	B2.2. Identificar e reproducir casos de táboas.	XAB2.2.1. Distingue todos os casos de táboas.	CMCCT
			XAB2.2.2. Reproduce casos prácticos de táboas nunha xogada.	CMCCT CAA
b f g	B2.6. Notación das xogadas: alxébrica e descritiva (clásica).	B2.3. Anotar correctamente os movementos dunha partida.	XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida.	CMCCT
			XAB2.3.2. Establece equivalencias entre a anotación alxébrica en xadrez coa representación de puntos no plano nos eixes cartesianos.	CMCCT CAA
			XAB2.3.3. Reproduce unha partida no taboleiro desde as anotacións alxébricas.	CMCCT
b f g	B2.7. Combinacións: dobre ameaza, cravada, descuberta e raios X.	B2. 4. Identificar e utilizar con corrección os tipos de combinacións.	XAB2.4.1. Distingue as fases dunha combinación: formulación, análise e combinación.	CMCCT
			XAB2.4.2. Realiza dobres ameazas, cravadas, descubertas e raios X.	CMCCT
			XAB2.4.3. Realiza os dous tipos de descubertas.	CMCCT
			XAB2.4.4. Reproduce e formula posicións no taboleiro de xadrez de todos os casos de combinacións.	CMCCT CAA
b f g	B2.8. Intercambios: presión-defensa, intercambios de pezas, simplificación e contraataque.	B2. 5. Realizar intercambios eficaces ao longo dunha partida.	XAB2.5.1. Aplica intercambios eficaces ao longo da partida.	CMCCT CAA
			XAB2.5.2. Identifica cando nunha simplificación se entra no final de xogo.	CMCCT CAA
			XAB2.5.3. Formula situacións de todos os casos de intercambio de pezas.	CMCCT CAA
b f	B2.9. Introducción aos principios da apertura. Erros na apertura.	B2.6. Aplicar as distintas aperturas.	XAB2.6.1. Coñece como se domina o centro na apertura.	CMCCT CAA

Xadrez. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g			XAB2.6.2. Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves.	CMCCT CAA
			XAB2.6.3. Anticipa as posibles xogadas do/da contrincante.	CMCCT CAA
bg	B2.10. Final. Finais de rei e peóns. Finais con pezas.	B2.7. Resolver eficazmente os distintos finais que se poidan presentar ao longo dunha partida.	XAB2.7.1. Reproduce e aplica a regra do cadrado no final de rei e peóns, a regra da posición, o final de rei contra rei e peón, o final de dous peóns e os finais de dous peóns e pezas menores.	CMCCT CAA
Bloque 3. Transversalidade no xadrez				
acefghilñ	B3.1. Historia do xadrez. Lenda de Sissa. B3.2. Campións e campioas do mundo.	B3.1. Recoñecer e explicar os feitos históricos máis salientables da historia do xadrez.	XAB3.1.1. Utiliza o concepto de sucesión numérica na lenda de Sissa.	CMCCT CCEC
			XAB3.1.2. Traballa de xeito cooperativo sobre a evolución do xadrez e das súas pezas en diferentes países, utilizando as TIC.	CCL CD CAA CSC CCEC
			XAB3.1.3. Coñece os/as mellores xogadores/as de xadrez e analiza o papel das mulleres neste xogo.	CCL CSC CCEC
abcde fghi	B3.3. Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación (aplicacións de teléfono móbil, programas informáticos de xadrez, espazos virtuais de almacenamento de información, aplicacións de animación estilo flash, scratch, etc.)	B3.2. Utilizar as TIC para mellorar a práctica no xadrez.	XAB3.2.1. Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez.	CMCCT CD CAA
			XAB3.2.2. Utiliza espazos de almacenamento de información en rede (blog, wiki, etc.) para favorecer o intercambio de información entre os membros do grupo co que traballe.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE
			XAB3.2.3. Coñece e manexa diferentes plataformas de xadrez en liña que reforcen a aprendizaxe dos contidos do xadrez, ademais de poder desenvolver partidas con xogadores/as doutros países.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE
b f g h	B3.4. Xadrez e matemáticas.	B3.3. Aplicar as matemáticas para facilitar a comprensión do xadrez.	XAB3.3.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar operacións cos distintos tipos de números e porcentaxes a través do xadrez.	CMCCT
			XAB3.3.2. Formula e resolve problemas e cuestións xeométricas sinxelas (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, simetrías, perímetros, superficies, etc.) nas que se traballen conceptos do xadrez.	CMCCT CAA

Xadrez. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			XAB3.3.3. Interpreta e analiza gráficas elementais nun contexto de xadrez.	CMCCT CAA
			XAB3.3.4. Representa datos de xadrez en gráficas e calcula a media, a mediana e a frecuencias absolutas e relativas, co fin de extraer conclusións.	CMCCT CAA CSIEE
			XAB3.3.5. Calcula probabilidades sinxelas de sucesos ligados a experimentos de xadrez.	CMCCT
			XAB3.3.6. Elabora cuestionarios sobre contidos que relacionen as matemáticas co xadrez e avalíalos con corrección e precisión.	CCL CMCCT CAA CSIEE
b f g h n	B3.5. Pasatempos con xadrez: sudokus de xadrez, salto do cabalo, lanzarraios (co movemento da torre) etc. B3.6. O xadrez na literatura, na música e no cine. B3.7. O xadrez nos medios de comunicación.	B3.4. Utilizar recursos doutras disciplinas que se relacionen coa cultura do xadrez.	XAB3.4.1. Resolve e crea pasatempos de xadrez con autonomía e eficacia.	CCL CMCCT CAA
			XAB3.4.2. Comprende textos de diferentes xéneros literarios que fagan referencia á temática do xadrez.	CCL
			XAB3.4.3. Crea e redacta versos emparellados sobre temática do xadrez seguindo modelos establecidos.	CCL CAA
			XAB3.4.4. Resume e analiza de xeito crítico a representación do xadrez no cine.	CCL CAA CSIEE
			XAB3.4.5. Procura información de actualidade sobre o xadrez e analiza dun xeito crítico.	CCL CAA CSC CSIEE

7.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía seguirá as directrices que se establecen no Real Decreto 86/2015, do 25 de xuño de acordo con novo enfoque educativo baseado na aprendizaxe por competencias, coñecemento na práctica.

Será activa, participativa e creativa. Fomentarase tanto o traballo individual como a aprendizaxe cooperativa, así como o emprego das TIC.

7.5. MATERIAIS E RECURSOS

Empregaranse:

- Fichas escritas de elaboración propia

- O manual *Xadrez para todos (Iniciación 1)*, edit. Balagium, 2009.
- Taboleiros e pezas de xadrez (un xogo por parella)
- Os ultraportátiles ABALAR, con software específico incorporado e mais con conexión a internet para xogar en liña.

7.6. SECUENCIACIÓN, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos e relacionados no punto 7.3 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

A avaliación estará enfocada non só a medir os logros, senón tamén a mellorar a aprendizaxe do alumnado. Polo tanto, considerarase como un proceso integrado no proceso de ensino-aprendizaxe co obxectivo de detectar as dificultades, pescudar as causas e adaptar as actividades.

O profesor ou profesora realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará ao longo do curso, recollendo información sobre a marcha do alumnado no referido ao traballo diario, actitude e participación. Ao final, ou durante cada período avaliativo, haberá ademais, cando menos, unha proba escrita que recollerá os estándares de aprendizaxe traballados.

Á parte da avaliación por parte do profesorado, fomentárase a participación do alumnado no proceso de avaliación a través da autoavaliación e, en menor medida, da coavaliación para axudarlles a ser conscientes de como aprenden, das razóns dos seus logros ou fracasos e de como poden mellorar, co fin de facelos tamén responsables da súa propia aprendizaxe.

Para levar a cabo o proceso de avaliación, isto é, a medición do grao de logro dos diferentes estándares de aprendizaxe, utilizaranse probas escritas, segundo se reflicte no seguinte cadro.

A) Ensino presencial

Xadrez. 2º ESO		
Secuenciación	Procedementos e instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
3 Avaliacións (decembro, marzo-abril, xuño)	Realización dun exame tipo test, que constará de 10 preguntas.	Cada pregunta respondida correctamente sumará un punto. A puntuación máxima será un 10 e cómpre acadar un 5 para superar a proba. Non se descontarán puntos por respostas incorrectas.
Avaliación ordinaria de xuño	O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 nalgunha avaliación poderá realizar unha recuperación da mesma. No exame final de xuño (tipo test, de 10 preguntas por avaliación / 10 preguntas globais) cada alumno examínase da avaliación que teña suspensa, se só ten unha. De ter máis dunha avaliada negativamente, examínase de todos os contidos do curso.	A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións. O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cun mínimo de 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media resultante das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos. A cualificación do exame final responde aos criterios expostos para cada exame de avaliación. <i>Excepcionalmente, cando na terceira avaliación un alumno ou alumna vise interrompido bruscamente o seu proceso</i>

Xadrez. 2º ESO		
Secuenciación	Procedementos e instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
		<i>formativo por mor dunha enfermidade grave cuxo tratamento leve consigo hospitalización e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais de xuño, será avaliado/a considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre que teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.</i>
Avaliación extraordinaria	Realización dun exame tipo test, que constará de 10 preguntas.	A cualificación do exame final responde aos criterios expostos para cada exame de avaliación.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

As probas escritas serán substituídas por traballos que deberán ser entregados en tempo e forma a través da aula virtual do centro.

7.7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade estableceranse a partir da información obtida na avaliación inicial e das necesidades que se vaian observando ao longo do curso. Terase en conta a diversidade na comprensión, na capacitación, na comunicación e a diversidade de intereses e motivacións. Con todo, non parece tarefa doada a atención individualizada nunha materia cunha carga lectiva dunha hora semanal.

Para o tratamento da diversidade propóñense dúas medidas básicas:

- Actividades de reforzo, recuperación e ampliación
- Adaptacións curriculares (en coordinación co departamento de orientación)

7.8. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

O alumnado utilizará o seu potencial á vez que desenvolve todas as súas capacidades. As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a **relación coas demais persoas**, o respecto, a atención especial á **igualdade de xénero**, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os **condicionantes dos estereotipos sociais**, a **colaboración**, o traballo en equipo, **o xogo limpo**, a **resolución de conflitos**, o **recoñecemento do esforzo** para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

7.9. MATERIA PENDENTE: RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN

Ademais dunha reunión inicial co alumnado e mais dun seguimento mensual con entrega de materiais de apoio, realizarase unha única proba tipo test (con 10 preguntas, das que se deberán superar como mínimo 5 para aprobar a materia):

Na avaliación ordinaria (mes de maio)

Na avaliación extraordinaria (mes de xuño)

8. 3º ESO

8.1. CONTEXTUALIZACIÓN

En 3º ESO hai 60 alumnos/as (dos/as cales repiten 10) repartidos/as en tres grupos. Ademais, neste nivel hai 4 alumnos/as acollidos ao Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).

En canto aos usos lingüísticos, a pesar de procederen dun contorno eminentemente rural, a maioría do alumnado fala só ou máis castelán ca galego, dato moi preocupante para o futuro da lingua. Xa que logo, a expresión oral e o desenvolvemento nos escolares dunha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social serán aspectos aos que lles haberá que dedicar unha atención especial.

8.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

Consúltese o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (páx. 26848 e seguintes)

8.3. TEMPORALIZACIÓN

Seguirase a distribución e secuenciación proposta no libro de texto: ***Lingua Galega e Literatura***, ed. **Anaya**, 2015. En cada unidade trátanse en primeiro lugar contidos do bloque 1 e 2 (comunicación oral e escrita), a continuación e, nesta orde, contidos do bloque 3, bloque 4, e bloque 5, para rematar incidindo de novo en contidos dos bloques 1 e 2.

Ademais destes contidos, como apoio e fomento da lectura en galego, os/as alumnos/as deberán ler, cando menos, **un libro por trimestre**. A escolla das obras farase ao longo do curso, tendo en conta dous criterios: a calidade literaria e os gustos do alumnado.

A cada unidade dedicaráselle entre dúas e tres semanas (6 ou nove sesións lectivas), aínda que esta distribución poderá axustarse ás necesidades de cada grupo.

UNIDADE 1 2ª quincena de setembro e 1ª semana de outubro. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliable	CC
- Lectura: texto narrativo. - Os textos: definición e clases. - Vocabulario relacionado coas redes sociais. - Regras de acentuación.	1.1. Le con atención un texto e clasifícao segundo diferentes criterios.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das redes sociais.	CCL, CD
	3.1. Aplica correctamente as regras de acentuación.	CCL

<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas. - O galego, lingua románica. - Voces patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Elementos de substrato e de superestrato. - Nacemento do galego-portugués. - A literatura popular, características e xéneros. - A literatura popular en prosa: conto e lenda. - A literatura popular en verso. 	4.1. Discrimina as diferentes unidades lingüísticas.	CCL
	5.1. Diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos e coñece as principais transformacións que sufriron as palabras patrimoniais.	CCL, CEC
	5.2. Recoñece os elementos de substrato e superestrato na lingua galega.	
	6.1. Coñece as principais características da literatura popular e identifica os xéneros da prosa máis abondosos: o conto e a lenda.	CCL, CD, CEC, CAA
6.2. Recoñece os diferentes tipos de cantigas.		

UNIDADE 2 Tres últimas semanas de outubro Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: a narración. - Vocabulario relacionado coas plantas aromáticas e medicinais. - O acento diacrítico. - Estrutura e clasificación das palabras. - O galego na Idade Media: status e características. - A literatura galego-portuguesa medieval: clasificación. - A lírica medieval: cancioneros; autores e intérpretes. - A cantiga de amigo: variedades temáticas e recursos formais. 	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e analiza os elementos que lle son propios: narrador, personaxes, espazo, tempo e argumento.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das plantas aromáticas e medicinais.	CCL, CMCT
	3.1. Aplica correctamente as regras de uso do acento diacrítico.	CCL
	4.1. Analiza o lexema e os morfemas dunha palabra dada.	CCL
	4.2. Recoñece palabras formadas por prefixación e sufixación e explica o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos.	
	4.3. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas.	CCL, CEC
5.1. Coñece a situación do galego na Idade Media e identifica algunhas das súas características lingüísticas.		
6.1. Coñece a orixe e o corpus da literatura galego-portuguesa medieval.	CCL, CAA, CEC	
6.2. Identifica, comenta e crea cantigas de amigo.		

UNIDADE 3 Tres primeiras semanas de novembro Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> -Lectura: texto narrativo. -Os textos: a descrición. -Vocabulario relacionado coas emocións e os sentimentos. 	1. Le con fluidez e atención un texto e identifica as características do texto descritivo.	CCL, CD, CAA, CEC
	2. Escribe textos descritivos.	
	3. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das emocións e os sentimentos.	CCL, CSC

<ul style="list-style-type: none"> -Os signos de puntuación: o punto, a coma e o punto e coma. -O substantivo: caracterización semántica, morfolóxica e sintáctica. -O plurilingüismo. -A cantiga de amor: temas, tipos e recursos formais. 	4. Aplica correctamente o punto, a coma e o punto e coma.	CCL
	5.1. Identifica substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura.	CCL
	5.2. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados.	
	5.3. Forma o plural de substantivos simples e compostos.	
	6. Comprende o concepto de <i>plurilingüismo</i> e enténdeo como unha realidade de carácter universal.	CCL, CSC
	7 Identifica e comenta cantigas de amor.	CCL, CEC, CAA

UNIDADE 4 Última semana de novembro e primeira quincena de decembro Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
---	---	-----------

<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto dialogado. - Os textos: o texto dialogado. - Vocabulario relacionado co universo. - Os signos de puntuación: os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia. - O adxectivo: caracterización semántica, morfolóxica e sintáctica. - O bilingüismo, a diglosia e a normalización lingüística. - A cantiga de escarnio e maldicir: tipos, temas e recursos formais. - Os xéneros menores. - Reelaboración de textos. 	1.1. Le un texto e coméntao analizando as características lingüísticas e as marcas gráficas dun texto dialogado.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico do universo.	CCL, CMCT
	3.1. Aplica correctamente os dous puntos, os puntos suspensivos e a raia.	CCL
	4.1. Identifica e clasifica adxectivos.	CCL
	4.2. Aplica as normas de concordancia do adxectivo, escribindo femininos e plurais doutros dados.	
	4.3. Diferencia os graos do adxectivo e aplica correctamente as partículas comparativas.	
	5.1. Diferencia entre bilingüismo e diglosia e recoñece a importancia de normalizar o uso dunha lingua.	CCL, CSC
6.1. Recoñece as características propias da cantiga de escarnio e maldicir e comenta un texto representativo do xénero.	CCL, CEC	
6.2. Identifica e caracteriza algunhas composicións consideradas como xéneros menores.		
7.1. Reelabora textos a partir dunhas pautas dadas.	CCL, CAA, CEC	

UNIDADE 5 2ª e 3ª semana de xaneiro Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
---	---	-----------

<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: cómic. - Os textos: a banda deseñada. 	1.1. Le con fluidez e atención un cómic e identifica os códigos lingüístico e iconográfico empregados. 1.2. Crea un cómic a partir dunhas pautas dadas.	CCL, CD, CAA, CEC
---	--	-------------------

<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario relacionado coas artes. - O uso das maiúsculas e das minúsculas. - Os determinantes: artigos e demostrativos. - As linguas de España. - As <i>Cantigas de Santa María</i> e a prosa medieval. 	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das artes.	CCL, CEC
	3.1. Utiliza correctamente as maiúsculas e as minúsculas.	CCL
	4.1. Identifica os determinantes e sabe cal é a súa función. 4.2. Identifica e aplica os artigos e as súas contraccións. 4.3. Identifica e aplica os demostrativos e as súas contraccións.	CCL
	5.1. Identifica as linguas da Península Ibérica e sabe cal é o seu status oficial.	CCL, CSC
	6.1. Identifica e comenta <i>Cantigas de Santa María</i> . 6.2. Coñece algunhas obras da literatura galega medieval en prosa.	CCL, CAA, CEC

UNIDADE 6 Última semana de xaneiro e 1ª semana de febreiro. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: poema. - Os textos: o texto poético. - Vocabulario relacionado coa espeleoloxía e outros deportes. - Uso de <i>b</i> e <i>v</i>. - O pronome persoal: formas tónicas e átonas. - O galego no século XIX. - A literatura do século XIX. 	1.1. Le con fluidez e atención un poema e identifica as características que lle son propias. 1.2. Compón poemas seguindo unhas pautas dadas.	CCL, CD, CAA, CEC
	2.1. Identifica e analiza topónimos e clasifícaos segundo a súa orixe. 2.2. Relaciona topónimos dados cos xentilicios correspondentes.	CCL
	3.1. Recoñece e interpreta abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos.	CCL, CMCT
	4.1. Identifica e aplica os posesivos. 4.2. Identifica e aplica os numerais. 4.3. Identifica e aplica os indefinidos. 4.4. Identifica e aplica os interrogativos e exclamativos.	CCL, CMCT
	5.1. Coñece cal era a situación e o status do galego entre os séculos XV e XVIII.	CCL, CSC, CEC
	6.1. Coñece a situación da literatura galega nos chamados «Séculos Escuros» e coñece algunhas mostras literarias conservadas, así como as principais figuras dese período.	CCL, CEC

UNIDADE 7 2ª e 3ª semana de febreiro. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: escena teatral. - Os textos: o texto dramático ou teatral. - Topónimos e xentilicios. - Procedementos de redución de palabras. 	1.1. Le con fluidez e atención un texto dramático e recoñece nel as características propias do xénero e clasifícao atendendo aos subxéneros teatrais. 1.2. Crea e representa un texto teatral.	CCL, CD, CAA, CEC
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da espeleoloxía e outros deportes.	CCL, CMCT

<ul style="list-style-type: none"> - Os determinantes: posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos. - O galego medio. - A literatura dos séculos XV-XVIII 	3.1. Emprega correctamente as grafías <i>b</i> e <i>v</i> .	CCL
	4.1. Identifica os pronomes persoais e discrimina entre tónicos e átonos. 4.2. Coñece as distintas formas tónicas, recoñece a súa función e aplícaaas correctamente en diferentes contextos. 4.3. Coñece as formas átonas do pronome persoal e as súas contraccións, recoñece a súa función e colócaaas de maneira adecuada.	CCL
	5.1. Coñece a situación da lingua galega no século XIX e recoñece os trazos propios da ortografía decimonónica.	CCL, CSC, CEC
	6.1. Comenta a situación da literatura galega no século XIX e coñece os precursores do Rexurdimento. 6.2. Sabe que foi o Rexurdimento e recoñece os seus autores máis emblemáticos, ademais dalgúns outros secundarios.	CCL, CAA, CEC

UNIDADE 8 Tres primeiras semanas de marzo. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
--	--	-----------

<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto expositivo. - Os textos: o texto expositivo. - Vocabulario relacionado coa paisaxe natural. - Uso do <i>h</i> e da diérese. - O verbo: constituíntes; verbos regulares e irregulares. - Rosalía de Castro. - Recitado de poemas. 	1.1. Le con fluidez e atención un texto expositivo e coméntao atendendo ás súas características propias.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da paisaxe natural.	CCL, CMCT
	3.1. Escribe correctamente palabras con e sen <i>h</i> . 3.2. Coñece o uso da diérese e utilízaa correctamente.	CCL
	4.1. Analiza o lexema e as desinencias dunha forma verbal e indica os valores que estas achegan. 4.2. Coñece e utiliza correctamente as formas verbais dos verbos regulares e con alternancia vocálica. 4.3. Coñece e utiliza correctamente as formas verbais dos verbos irregulares.	CCL
	5.1. Coñece a contribución de Rosalía de Castro á vida cultural e literaria galega e comenta algúns dos seus poemas.	CCL, CEC
	6.1. Recita poemas seguindo unhas pautas dadas.	CCL, CD, CAA, CEC

UNIDADE 9 Tres primeiras semanas de abril. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
--	--	-----------

<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: textos argumentativos. - Os textos: o texto argumentativos. - Vocabulario relacionado coa xustiza e as leis. - Uso do s e do x. - Diferenza entre <i>senón</i> e <i>se non</i>. - Formas non persoais do verbo e perífrases verbais. - Curros Enríquez. - Creación de coplas dos Maios. 	1.1. Le con fluidez e atención textos argumentativos e coméntaos atendendo ás súas características propias.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da xustiza e as leis.	CCL, CSC
	3.1. Escribe correctamente palabras con s e con x. 3.2. Diferencia e usa correctamente o par homófono <i>senón/se non</i> .	CCL
	4.1. Identifica e analiza as formas nominais dos verbos. 4.2. Utiliza correctamente o infinitivo conxugado. 4.3. Identifica e utiliza correctamente as perífrases verbais e sabe clasificalas segundo o valor que achen.	CCL
	5.1. Coñece a contribución de Curros Enríquez á cultura e á literatura. 5.2. Analiza e compón coplas dos Maios.	CCL, CEC
	6.1. Analiza e compón coplas dos Maios.	CCL, CD, CAA, CEC

UNIDADE 10 Última semana de abril e 1ª quincena de maio. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
--	--	-----------

<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto periodístico. - Os textos: o texto periodístico. - Vocabulario relacionado coa ecoloxía. - Uso do / e do //. - Uso do n e do ñ. - O adverbio e as locucións adverbais. - Castelanismos. - Eduardo Pondal. - Elaboración dunha entrevista. 	1.1. Le con fluidez e atención un texto periodístico e coméntao seguindo uns criterios dados. 1.2. Coñece as funcións da prensa e identifica os xéneros periodísticos. 1.3. Elabora unha entrevista, de acordo cunhas pautas dadas.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da ecoloxía.	CCL, CMCT
	3.1. Escribe correctamente palabras con / e con //. 3.2. Escribe correctamente palabras con n e con ñ.	CCL
	4.1. Identifica, clasifica e analiza adverbios e locucións adverbais.	CCL
	5.1. Recoñece, clasifica e corrixe castelanismos.	CCL
	6.1. Coñece as principais contribucións de Eduardo Pondal á literatura galega.	CCL, CEC

UNIDADE 11 2ª quincena de maio. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
---	--	-----------

<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto periodístico. - Os textos: a noticia. - Vocabulario relacionado coa prensa. 	1.1. Analiza unha noticia e identifica a súa estrutura.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico da prensa.	CCL

<ul style="list-style-type: none"> - Palabras con grupos consonánticos. - <i>Por que, porque e porqué.</i> -Preposicións e locucións preposicionais. - Variedades internas da lingua. - Narrativa do século XIX. - Creación de contos. 	3.1. Utiliza correctamente os grupos consonánticos - <i>cc-</i> e <i>-ct-</i> segundo o contexto no que aparezan. 3.2. Utiliza correctamente os grupos consonánticos <i>bl, pl, cl, fl, gl.</i> 3.3. Diferencia as palabras <i>por que, porque e porqué.</i>	CCL
	4.1. Identifica e utiliza correctamente preposicións e locucións preposicionais e identifica a súa función na frase. 4.2. Analiza unha frase preposicional.	CCL
	5.1. Coñece as variedades internas da lingua e identifica as variedades diacrónicas, diatópicas, diastráticas e diafásicas.	CCL, CSC
	6.1. Coñece o panorama da narrativa galega no século XIX e recoñece algúns dos seus máximos representantes.	CCL, CEC
	7.1. Escribe contos seguindo unhas pautas dadas.	CCL, CAA, CSC, CEC

UNIDADE 12 Tres primeiras semanas de marzo. Contidos	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: prensa dixital. - Os textos: os xornais dixitais. - Vocabulario relacionado co mundo dixital. - Diferenza entre <i>haber</i> e <i>a ver</i>, e entre <i>hai, aí, aí!</i> - Conxuncións, locucións conxuntivas e interxeccións. - O teatro do século XIX. - Creación de videopoemas. 	1.1. Recoñece as características propias da prensa dixital e coñece algunhas publicacións.	CCL, CD, CAA
	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico do universo dixital.	CCL, CD
	3.1. Entende e aplica a diferenza entre <i>haber</i> e <i>a ver</i> , e entre <i>hai, aí e aí!</i>	CCL
	4.1. Identifica e clasifica conxuncións e locucións conxuntivas segundo a función que desempeñen dentro da frase ou da oración. 4.2. Recoñece e utiliza interxeccións segundo a situación comunicativa.	CCL
	5.1. Coñece a situación do xénero teatral galego no século XIX e identifica algúns autores e obras representativos.	CCL, CEC
	6.1. Crea videopoemas a partir dunhas ideas e pautas dadas.	CCL, CD, CAA, CEC

A programación de aula, con estándares traballados en cada unidade e as actividades correspondentes, seguirá basicamente a proposta polo libro de texto de referencia.

Por avaliacións a distribución queda como segue:

1ª AVALIACIÓN	Unidades 1 a 4
2ª AVALIACIÓN	Unidades 5 a 9
3ª AVALIACIÓN	Unidades 9 a 12

8.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía seguirá as directrices que se establecen no Real Decreto 86/2015, do 25 de xuño, de acordo co novo enfoque educativo baseado na aprendizaxe por competencias, coñecemento na práctica.

- Será **activa e participativa**. O alumnado adquirirá un grao considerable de protagonismo e orientarase ao coñecemento na práctica. A estes efectos, o docente, máis que un simple transmisor de contidos, pasará a ser esencialmente un xestor do coñecemento e tentará crear un ambiente que favoreza a iniciativa, premiando a acción e participación do alumno/a por riba das respostas que poida dar, educando ao alumnado en que o erro é unha extraordinaria oportunidade para aprender. Con isto conseguirase unha clase máis participativa, máis plural, onde todos os alumnos/as tomen o risco de equivocarse e estes gañarán en confianza, mellorarán o seu autoconceito e reforzarán a súa autoestima.
- O alumno/a traballará de forma individual e en pequeno grupo. Recorrerase a esta disposición fundamentalmente naquelas actividades que perseguen habilidades de comunicación entre iguais e promover actitudes de respecto, cooperación e integración. Noutras ocasións poden ser breves interaccións entre parellas ou tríos que lles permita aos estudantes asentar e reflexionar sobre o contido que están traballando. Fomentarase, xa que logo, tanto o **traballo reflexivo individual** como a **aprendizaxe cooperativa**.
- **Creativa**. Realizaranse actividades que axuden a desenvolver a creatividade do/a alumno/a a través esencialmente do obradoiro de lingua e literatura, no que os/as alumnos/as terán que crear os seus textos de acordo cunhas pautas dadas. A lectura posterior en voz alta, para que os demais a valoren, favorecerá o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Individualizada. Terase en conta a **diversidade** do alumnado para garantir o desenvolvemento de todos os alumnos e alumnas e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para isto, propoñeranse actividades de moi diferente tipo, en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado. Ademais, en función das necesidades que presenten, desenvolveranse **actividades de ampliación, reforzo e recuperación**, co fin de axustarnos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- O mecanismo metodolóxico fundamental para abordar os bloques de Comunicación oral e Comunicación escrita será o **traballo con textos** (orais e escritos) de todo tipo (textos literarios, da vida cotiá, expositivos, argumentativos, narracións, descricións, textos xornalísticos, diálogo...). Con eles realizaranse actividades de lectura comprensiva, análise, e expresión oral (orientadas fundamentalmente á manifestación das propias experiencias e opinións, e a favorecer o pensamento crítico) e redacción. Partindo destes, íranse integrando os contidos relacionados co funcionamento da lingua: ampliación de vocabulario, gramática e ortografía, sempre dende un enfoque práctico.
- A metodoloxía básica do estudo da literatura centrarase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario guiado de textos, na lectura expresiva ou dramatizada de fragmentos dos distintos xéneros literarios e na creación propia a partir de modelos dados.
- Promoverase a **autoavaliación** e a **coavaliación** para reforzar o papel protagonista do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Preténdese que os/as alumnos/as tomen conciencia dos seus logros ou fortalezas e das súas debilidades, e reflexionen sobre a súa maneira de aprender. Neste sentido, entre outras actividades, incluírase a elaboración dun portfolio como unha tarefa máis.
- Incidirase nas **tarefas competenciais** que facilitarán a vinculación con contextos reais e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado e o tratamento da interdisciplinidade.
- Dado que a Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, o traballo de aula non só se centrará na consecución de obxectivos a través dos contidos do currículo, senón

tamén no desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas, facendo fincapé nas **técnicas de estudo**.

- Co fin de **promover o gusto pola lectura** e exercitar aos alumnos e alumnas na comprensión lectora, ademais de dedicar un tempo na aula a esta tarefa, os/as alumnos/as terán que ler ao longo do curso (unha por avaliación) tres obras completas axeitadas ao seu nivel. O título das mesmas determinarase ao principio de cada trimestre.
- **Fomentarase o uso das TIC** para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou completar a información do libro, sen esquecer os métodos de busca tradicionais: uso do dicionario, enciclopedias, etc.
- Por último, fomentarase a **autonomía persoal** na resolución de problemas.

As actividades concretas destinadas a traballar cada un dos estándares, serán, en liñas xerais, as propostas a tal respecto polo libro de texto de referencia.

8.5. MATERIAIS E RECURSOS

- ✓ Libro do alumnado: Lingua galega e Literatura 3 ESO, editorial Anaya, 2015 .
- ✓ Os recursos fotocopiados da Proposta didáctica, que recollen lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias.
- ✓ CD-Audio coas lecturas iniciais e outros textos.
- ✓ Dicionarios
- ✓ O libro dixital.
- ✓ Recursos dixitais que figuran no enlace web: <http://anayaeducacion.es> tanto para o profesorado (Web do profesor) como para o alumnado (Web do alumnado e das familias) e páxinas que se suxiren no libro do alumnado.
- ✓ Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- ✓ Ferramentas de avaliación e autoavaliación do caderno didáctico de Anaya (modelos de rúbricas e rexistros, Portfolio)
- ✓ Ademais dos materiais citados, o profesorado poderá empregar outros recursos se o estima conveniente: fotocopias, presentacións, vídeos, audicións..., como apoio ao seu labor docente.

8.6. MÍNIMOS ESIXIBLES

- ✓ Comprende o sentido global de textos orais (dos medios de comunicación audiovisual expositivos e argumentativos), identifica a súa intención comunicativa e traslada a información a esquemas ou resumos. (CCL, CCA)
- ✓ Respecta e aplica as normas básicas de intervención, interacción e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo. (CCL, CSC)
- ✓ Exprésase oralmente respectando as regras morfosintácticas do galego (en especial a colocación do pronome átono), así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo) e evita castellanismos. (CCL, CSC)
- ✓ Produce discursos orais breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica. (CCL, CSC)
- ✓ Rexeita os prexuízos asociados á pronuncia da lingua galega (CSC)

- ✓ Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e respectando os patróns fonéticos do galego (CCL, CSC)
- ✓ Comprende e interpreta textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas. (CCL, CAA)
- ✓ Produce, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, do ámbito xornalístico ou do ámbito educativo, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección gramatical e ortográfica e boa presentación. (CCL, CSC)
- ✓ Usa os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias. (CD,CAA,CSIEE)
- ✓ Coñece e utiliza un léxico amplo e preciso adecuado ao seu nivel e emprega progresivamente a fraseoloxía e o vocabulario temático traballados na aula. (CCL, CEC)
- ✓ Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe. (CAA)
- ✓ Identifica as categorías gramaticais así como o seu usos e principais valores e úsaos adecuadamente nas súas producións lingüísticas. (CCL)
- ✓ Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias. (CCL)
- ✓ Identifica e usa os conectores textuais máis comúns así como outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos (referencias internas de tipo léxico). (CCL)
- ✓ Delimita o tema, recoñece a estrutura dun texto e elabora textos propios de acordo con eses parámetros. (CCL, CAA)
- ✓ Aplica ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual. (CCL)
- ✓ Valora as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. (CSC, CEC)
- ✓ Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos á realidade galega de forma axeitada (CEC, CSC)
- ✓ Identifica os castelanismos máis usuais e depura estes no seu propio discurso. (CCL)
- ✓ Coñece o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego (CEC, CSC, CCL)
- ✓ Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega. (CCL)
- ✓ Coñece os acontecementos mais relevantes da historia social da lingua galega dende os seus inicios ata 1916. Identifica as súas causas e consecuencias. (CCL, CEC)
- ✓ Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula o uso do galego. (CSC)
- ✓ Coñece os prexuízos lingüísticos máis evidentes e detéctalos nos usos propios e nos do seu contorno. (CSC, CEC)
- ✓ Identifica as variedades diastráticas do galego, identifica a estándar como variante unificadora, e rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega dende a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos. (CCL)

- ✓ Le de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega dende a Idade Media ata 1916. (CCL)
- ✓ Comenta, de forma guiada, textos de obras da literatura galega dende a Idade Media ata 1916. (CCL)
- ✓ Le obras literarias axeitadas á súa idade (tres ao longo do curso), comprende o seu sentido e expón unha opinión persoal sobre a lectura. (CCL, CEC).

8.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos e relacionados no punto 8.2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe as competencias clave.

A avaliación estará enfocada non só a medir os logros, senón a mellorar a aprendizaxe do alumnado, polo tanto considerarase como un proceso integrado no proceso de ensino-aprendizaxe co obxectivo de detectar as dificultades, pescudar as causas e adaptar as actividades.

A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará ao longo do curso, recollendo información sobre a marcha do alumnado no referido ao traballo diario, actitude e participación, e ás súas intervencións orais espontáneas ou planificadas. Ao final ou durante cada período avaliativo haberá ademais, polo menos, unha proba escrita que recollerá os estándares de aprendizaxe traballados. Nestas probas haberá cuestións correspondentes a diferentes bloques de contidos .

O alumnado que non alcance o mínimo de 5 puntos nas avaliacións parciais ten a posibilidade de realizar unha proba de recuperación correspondente a cada trimestre, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Seguirase o procedemento de avaliación sumativa, de modo que a superación dunha avaliación supón liberación de materia; aínda que, como é de supoñer, os/as alumnos/as deberán ir incorporando nas súas producións os coñecementos lingüísticos que vaian adquirindo. Dada a súa natureza, a avaliación da comunicación oral terá tamén un carácter continuo.

Para aqueles alumnos/as que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario, no que obrigatoriamente se examinarán de toda a materia. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar unha cualificación positiva e promocióne de curso, levará a área pendente.

Nas cualificacións parciais e final influirán o grao de consecución dos estándares por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será valorada positivamente.

Á parte da avaliación por parte do profesorado, fomentárase a participación do alumnado no proceso de avaliación a través da autoavaliación e, en menor medida, da coavaliación, para axudarlles a ser conscientes de como aprenden, das razóns dos seus logros ou fracasos e de como poden mellorar, co fin de facelos tamén responsables da súa propia aprendizaxe.

Para levar a cabo o proceso de avaliación, iso é, a medición do grao de logro dos diferentes estándares de aprendizaxe, recollerase a maior cantidade de información posible empregando diversos **instrumentos de avaliación** que serán rexistrados no caderno do profesor:

- ✓ Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- ✓ Seguimento e rexistro do traballo diario a través do caderno e das actividades cotiás (realización e resolución)
- ✓ Traballos individuais ou en grupo, presentados por escrito ou expostos oralmente
- ✓ Audicións para valorar o grao de comprensión oral.

- ✓ Observación directa e valoración (coa axuda das rúbricas) das intervencións orais tanto espontáneas como planificadas
- ✓ Observación directa da súa actitude: atención, razoamentos, participación, interese, iniciativa persoal e autonomía no desenvolvemento das tarefas, uso das TIC e dicionarios para a busca de información, así como a súa actitude ante a lingua.
- ✓ Outros: Preguntas directas na clase, probas de atención...

Así mesmo, para que os/as alumnos/as avalíen o seu propio rendemento, proporcionaráselles algunhas ferramentas ou **instrumentos de autoavaliación** (fichas, táboas, dianas e escalas de autoavaliación e/ou coavaliación), para autoavaliar tanto o seu dominio dos estándares como aqueles que teñen que ver con hábitos e técnicas de estudo: o seu traballo diario, xestión e organización do seu tempo, actitude, uso dos recursos...

8.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

1. Criterios de cualificación nas avaliacións parciais

A cualificación obtérase conforme á seguinte ponderación:

- ✓ O **80%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (dúas por trimestre). Nestas probas valorarase os contidos e a correcta expresión dos mesmos (coherencia, cohesión e axeitada presentación). Nestas probas haberá preguntas correspondentes aos diferentes bloques de contidos (comprensión oral ou escrita, expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura).

Despois de sumada a nota do contido da proba, descontarase 0.05 por cada til non diacrítico incorrecto, e 0.1 polo resto das faltas ortográficas, erros morfosintácticos (uso de tempos compostos, formación de femininos e plurais, incorrecta colocación do pronome) e léxico-semánticos (fundamentalmente castelanismos), ata un máximo de 1 punto.

Será preciso acadar unha nota mínima de 3 nas probas escritas para facer a media.

- ✓ O **10%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre. Esta consistirá nunha proba (oral ou escrita). Valorarase a lectura, a correcta comprensión da obra e a expresión adecuada dos contidos.
- ✓ O **10%** da nota extraerase do traballo diario do/a alumno/a, onde se terá en conta a realización en tempo e correcta das tarefas diarias, tanto na aula como na casa. Traballos que se esixan puntualmente: redaccións ou calquera outra composición escrita de calquera tipoloxía; a expresión oral, resultado tanto de intervencións espontáneas como planificadas; a lectura expresiva de textos; a orde e limpeza no caderno, a actitude e participación activa.

Ademais disto, valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo profesor, sempre que estea superada a lectura correspondente ao trimestre. A comprobación da lectura comprensiva das mesmas farase, ben a través dun traballo, ben cunha proba (escrita ou oral). Así mesmo, poderá valorarse positivamente a presentación de exemplares aos concursos literarios en galego que organice o centro, sempre que se axusten ás bases e posúan un mínimo de calidade.

Esta bonificación, que suporá o incremento de como máximo un 0,5 na nota final da avaliación, non posibilitará en ningún caso a superación da cualificación máxima (10 puntos).

Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia, terá en dita proba unha cualificación de cero. Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame implicará a obtención automática dun cero (0) na dita proba.

2. Avaliación final ordinaria

- ✓ A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
- ✓ O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cun mínimo de 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media resultante das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos.
- ✓ Excepcionalmente, cando na terceira avaliación un alumno ou alumna vise interrompido bruscamente o seu proceso formativo por mor dunha enfermidade grave cuxo tratamento leve consigo hospitalización e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais de xuño, será avaliado/a considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre que teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.

3. Recuperacións

- ✓ O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 nalguna avaliación poderá realizar unha recuperación da mesma, incluída a lectura (caso de non estar superada).
- ✓ No exame final de xuño cada alumno/a examínase da avaliación que teña suspensa, se só ten unha. De ter máis dunha avaliada negativamente, examínase de todos os contidos do curso (incluídas as lecturas, se non están superadas).
- ✓ A(s) proba(s) de recuperación contarán coa seguinte repartición porcentual: 90% para os contidos da materia e 10% para a demostración da lectura correspondente.

4. Avaliación extraordinaria

- ✓ O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ Esta proba escrita estará baseada nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación. Dado o carácter da proba, non serán avaliados os aspectos referentes ao bloque da comunicación oral.
- ✓ Para acadar unha avaliación extraordinaria positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, na que se valorarán os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Modificarase a repartición porcentual da cualificación, quedando do seguinte xeito:

- ✓ O **50%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (dúas por trimestre).

- ✓ O **20%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre.
- ✓ O **30%** da cualificación valorará a expresión escrita (20%) e a expresión oral (10%), mediante a entrega de tarefas en tempo e forma (fundamentalmente, composicións escritas e secuencias de audio).

8.9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial. Avaliaranse neste momento os coñecementos previos e capacidades do/a alumno/a como punto de partida para orientar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe.

A súa finalidade é obter información, tanto das necesidades individuais (identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización da súa aprendizaxe por presentar deficiencias ou ben altas capacidades), como de grupo (identificar as fortalezas e debilidades do grupo en canto aos aspectos competenciais, para decidir os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia).

Instrumentos:

- Unha proba escrita, orientada basicamente a coñecer o dominio de destrezas básicas (comprensión e expresión) e o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que debe ter adquiridos nese nivel.

Estas probas poderán ser corrixidas en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos e alumnas sexan conscientes dende o principio das súas dificultades.

- Unha proba de lectura para comprobar o grao de fluidez e comprensión lectora.

Ademais de avaliar aspectos curriculares durante as primeiras semanas tamén se recompilará información relativa aos seguintes aspectos.

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Os aspectos que se deben ter en conta para distribuír os alumnos e alumnas na aula ou agrupalos para os traballos cooperativos.
- Grao de interese e motivación do alumnado.
- Alumnado con circunstancias persoais especiais (por estar en risco de exclusión, pola súa historia familiar, etc.).

A avaliación destes aspectos farase por medio da observación directa, e da información que se obterá dos compañeiros e do Dpto. de Orientación nas sesións de avaliación inicial.

Para o rexistro axudarémonos das rúbricas que propón Anaya no caderno didáctico de avaliación.

8.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade estableceranse a partir da información extraída na avaliación inicial e das necesidades que se vaian observando ao longo do curso. Teranse en conta a diversidade na comprensión, na capacitación, na comunicación e a diversidade de interese e motivación.

Para o tratamento da diversidade individual en 3º ESO propóñense dúas medidas básicas:

- **Actividades de reforzo, recuperación e ampliación**

Para o alumnado con dificultades para acadar os mínimos esixibles na materia, estableceranse medidas de reforzo e recuperación. De xeito análogo, se hai alumnado que demostre un dominio claro dos obxectivos fixados para a materia, estableceranse medidas de ampliación.

Con carácter xeral, estas medidas consistirán na proposta de traballo práctico adicional, baseado nos materiais deseñados a tal efecto por Anaya. Centraranse nos seguintes aspectos:

- a) Reforzo e ampliación dos aspectos traballados en cada unidade
- b) Comprensión lectora e comentario en Lecturas complementarias.
- c) Prácticas de competencias.
- d) Expresión.

- **Adaptacións Curriculares Individualizadas**

Realizaranse Adaptacións Curriculares Individualizadas a aqueles alumnos/as que presenten un desfase curricular moi acentuado. O profesorado implicado, en colaboración co Departamento de Orientación, deseñará as actividades precisas para o seu desenvolvemento, adaptando o currículo ás posibilidades do alumnado. Estes alumnos/as combinarán o traballo no grupo-clase con clases de apoio individualizadas a cargo do profesorado de Pedagogía Terapéutica.

9. 4º ESO

9.1. CONTEXTUALIZACIÓN

En 4º ESO hai 83 alumnos/as (dos/as cales repiten 8) repartidos/as en 3 grupos.

En canto aos usos lingüísticos (do mesmo xeito que nos cursos anteriores), a pesar de proceder dun contorno eminentemente rural, a maioría do alumnado fala só ou máis castelán ca galego, dato moi preocupante para o futuro da lingua. Xa que logo, a expresión oral e o desenvolvemento nos escolares dunha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social serán aspectos aos que lles haberá que dedicar unha atención especial.

9.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

Consúltese o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (páx. 26866 e seguintes)

9.3. TEMPORALIZACIÓN

A concreción e secuenciación dos contidos queda como segue. Seguirase a distribución e secuenciación proposta no libro de texto: *Lingua Galega e Literatura*, ed. Anaya, 2016. En cada unidade trataranse en primeiro lugar contidos do bloque 1 e 2 (comunicación oral e escrita), a continuación e, nesta orde, contidos do bloque 3, bloque 4, e bloque 5, para rematar incidindo de novo en contidos dos bloques 1 e 2.

Ademais destes contidos, como apoio e fomento da lectura en galego, os/as alumnos/as deberán ler, cando menos, **un libro por trimestre**. A escolla das obras farase ao longo do curso, tendo en conta dous criterios: a calidade literaria e os gustos do alumnado.

A cada unidade dedicaráselle entre dúas e tres semanas (6 ou nove sesións lectivas), aínda que esta distribución poderá axustarse ás necesidades de cada grupo.

1ª AVALIACIÓN: Unidades 1-4

UNIDADE 1 Temporalización: Setembro Outubro	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Branca de neve». O texto narrativo OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O traballo monográfico.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: Formas de ser. FONÉTICA (1): O vocalismo. REPASO DE ORTOGRAFÍA: A acentuación
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	O galego no primeiro terzo do S. XX.
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: A literatura no tempo das Irmandades COMENTARIO DE TEXTO: “Galahaz...” (<i>Na noite estrelecida</i>)

UNIDADE 2. Temporalización: Outubro	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Sobre a morte do Bieito». O narrador e o punto de vista. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O comentario crítico.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: O tempo cronolóxico. FONÉTICA (2): O consonantismo. REPASO DE MORFOLOXÍA: O xénero.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	Variedades da lingua. Variedades xeográficas.
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: O grupo Nós COMENTARIO DE TEXTO: Fragmentos d’ <i>O Fidalgo</i>

UNIDADE 3. Temporalización: novembro	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «O Suso». O espazo e o tempo narrativos. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: Os microrrelatos.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: Medos e arrepíos. SINTAXE: A frase. REPASO DE MORFOLOXÍA: O número.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	Variedades socioculturais ou diastráticas
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: Castelao COMENTARIO DE TEXTO: Escena d’ <i>Os vellos non deben de namorarse</i> .

UNIDADE 4. Temporalización: novembro decembro	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Simón Varela, arquitecto». Os personaxes.. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: Os caligramas.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: Arquitectura e urbanismo. SINTAXE: A oración. Suxeito e predicado. REPASO DE ORTOGRAFÍA: Uso de <i>b</i> e <i>v</i> .
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	Variedades situacionais ou diafásicas.

BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: Literatura de vangarda. COMENTARIO DE TEXTO: “Sós” en <i>De catro a catro</i> .
---------------------	--

2ª AVALIACIÓN: Unidades 5-8

UNIDADE 5. Temporalización: xaneiro	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Seis accións contra o cambio climático». Os textos prescritivos. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O currículo.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: O tempo meteorolóxico. SINTAXE: Complementos do verbo (1). REPASO DE MORFOLOXÍA: O pronome persoal.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	A lingua galega na posguerra
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: A literatura no exilio COMENTARIO DE TEXTO: Fragmento <i>d’A esmorga</i> .

UNIDADE 6. Temporalización: xaneiro febreiro	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Relacións (in)humanas». Os xéneros de opinión. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O blog.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: Viaxes e turismo. SINTAXE: Complementos do verbo (2). REPASO DE ORTOGRAFÍA: Uso do <i>h</i> .
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	A lingua galega a partir de 1975
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: A narrativa de posguerra (1) COMENTARIO DE TEXTO: “Tristán García”, en <i>Os outros feirantes</i> .

UNIDADE 7. Temporalización: febreiro	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Dereitos sen fronteiras». O texto argumentativo. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: A instancia.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: A xustiza e as leis. SINTAXE: As oracións compostas. REPASO DE MORFOLOXÍA: O verbo.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	A lusofonía
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: A narrativa de posguerra (2) COMENTARIO DE TEXTO: “Unha chinche dorme no teito”, en <i>O crepúsculo e as formigas</i> .

UNIDADE 8. Temporalización: marzo	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Espazo para publicidade». A publicidade. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O folleto, o díptico e o tríptico.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: Tempo de lecer. SINTAXE: As oracións subordinadas substantivas. REPASO DE ORTOGRAFÍA: Algunhas terminacións.

BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	Os prexuízos lingüísticos
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: A poesía de posguerra (1) COMENTARIO DE TEXTO: “Xaneiro, 1972, II”, en <i>Onde o mundo se chama Celanova</i> .

3ª AVALIACIÓN: Unidades 9 -12.

UNIDADE 9. Temporalización: marzo abril	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «A praia dos afogados». O guión cinematográfico. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: Os haikus.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: O cine. SINTAXE: As oracións subordinadas adxectivas. REPASO DE MORFOLOXÍA: Uso do infinitivo conxugado.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	A lingua galega hoxe.
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: A poesía de posguerra (2) COMENTARIO DE TEXTO: “Terras outas e solas”, en <i>Os eidos</i> .

UNIDADE 10. Temporalización: abril maio	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Hadri ten moza». A televisión. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: O guión audiovisual.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: A radio e a televisión. SINTAXE: As oracións subordinadas adverbais. REPASO DE MORFOLOXÍA: As perífrases verbais.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	O galego nos medios.
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: A narrativa actual COMENTARIO DE TEXTO: Fragmento d' <i>O lapis do carpinteiro</i> .

UNIDADE 11. Temporalización: maio	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Atrapados na Rede». Internet. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: A presentación multimedia.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: As novas tecnoloxías. SEMÁNTICA: Relacións semánticas. REPASO DE MORFOLOXÍA: Adverbios e preposicións.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	O galego en Internet.
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: Poesía e teatro actuais. COMENTARIO DE TEXTO: “Camiñan descalzas polas rochas”, en <i>Das últimas mareas</i> .

UNIDADE 12. Temporalización: maio xuño	
BLOQUE 1 E 2 COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	LECTURA e ANÁLISE DE TEXTOS: «Incendio nas redes». As redes sociais. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN: A fotonovela.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA	VOCABULARIO: En rede. SEMÁNTICA: Cambios semánticos. REPASO DE ORTOGRAFÍA: Grupos consonánticos.
BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE	O galego en distintos ámbitos.
BLOQUE 5 LITERATURA	LITERATURA: Literatura dixital

Con todo, esta secuenciación pode sufrir variacións dependendo da realidade concreta de cada grupo.

A programación de aula, cos estándares traballados en cada unidade, seguirá basicamente a proposta polo libro de texto de referencia.

9.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía seguirá as directrices que se establecen no Real Decreto 86/2015, do 25 de xuño de acordo co novo enfoque educativo baseado na aprendizaxe por competencias, coñecemento na práctica.

- Será **activa e participativa**. O alumnado adquirirá un grao considerable de protagonismo e orientarase ao coñecemento na práctica. A estes efectos, o docente, máis que un simple transmisor de contidos, pasará a ser esencialmente un xestor do coñecemento e tentará crear un ambiente que favoreza a iniciativa, premiando a acción e participación do alumnado por riba das respostas que poida dar, educando ao alumnado en que o erro é unha extraordinaria oportunidade para aprender. Con isto, conseguírase unha clase máis participativa, máis plural, onde todos os alumnos e alumnas tomen o risco de equivocarse e estes gañarán en confianza, mellorarán o seu autoconceito e reforzarán a súa autoestima.
- O alumno/a traballará de forma individual e en pequeno grupo. Recorrerase a esta disposición fundamentalmente naquelas actividades que perseguen habilidades de comunicación entre iguais e promover actitudes de respecto, cooperación e integración. Noutras ocasións poden ser breves interaccións entre parellas ou tríos que lles permita aos estudantes asentar e reflexionar sobre o contido que están traballando. Fomentárase, xa que logo, tanto o **traballo reflexivo individual** como a **aprendizaxe cooperativa**.
- **Creativa**. Realízanse actividades que axuden a desenvolver a creatividade do/a alumno/a a través esencialmente do obradoiro de lingua e literatura, no que os/as alumnos/as terán que crear os seus textos de acordo cunhas pautas dadas. A lectura posterior en voz alta para que os demais a valoren favorecerá o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Individualizada. Térase en conta a **diversidade** do alumnado para garantir o desenvolvemento de todos os alumnos e alumnas e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para isto, propoñeranse actividades de moi diferente tipo, en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado. Ademais, en función das necesidades que presenten, desenvolveranse actividades de ampliación e reforzo, co fin de axustarnos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- O mecanismo metodolóxico fundamental para abordar os bloques de Comunicación oral e Comunicación escrita será o **traballo con textos** (orais e escritos) de todo tipo (textos literarios, da vida cotiá, expositivos, argumentativos, narracións, descricións, textos xornalísticos, diálogo). Con eles realízanse actividades de lectura comprensiva, análise, e expresión oral (orientadas fundamentalmente á manifestación das propias experiencias e opinións, e a favorecer o pensamento crítico) e redacción. Partindo destes, íranse integrando os contidos relacionados co funcionamento da lingua: ampliación de vocabulario, gramática e ortografía, sempre dende un enfoque práctico.
- A metodoloxía básica do estudo da literatura centrase na comprensión de conceptos e procedementos básicos, no comentario guiado de textos, na lectura expresiva ou dramatizada de fragmentos dos distintos xéneros literarios e na creación propia a partir de modelos dados.
- Promoverase a **autoavaliación** para reforzar o papel protagonista do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Preténdese que os/as alumnos/as tomen conciencia dos seus logros ou fortalezas e das súas debilidades, e reflexionen sobre a súa maneira de aprender. Neste sentido, entre outras actividades, incluírase a elaboración dun portfolio como unha tarefa máis.

- Incidirase nas **tarefas competenciais** que facilitarán a vinculación con contextos reais e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado, e no tratamento da interdisciplinabilidade.
- Dado que a Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, o traballo de aula non só se centrará na consecución de obxectivos a través dos contidos do currículo, senón tamén no desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas, facendo fincapé nas **técnicas de estudo**.
- Co fin de promover o gusto pola lectura e exercitar aos alumnos/as na comprensión lectora, ademais dedicar un tempo na aula a esta tarefa, **os alumnos e alumnas terán que ler** ao longo do curso (unha por avaliación) **tres obras completas** axeitadas ao seu nivel. O título das mesmas determinarase ao principio de cada trimestre.
- **Fomentarase o uso das TIC** para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou completar a información do libro, sen esquecer os métodos de busca tradicionais: uso do dicionario, enciclopedias, etc.
- Por último, fomentarase a **autonomía persoal** na resolución de problemas.
- As actividades concretas destinadas a traballar cada un dos estándares serán, en liñas xerais, as propostas ao respecto polo libro de texto de referencia.

9.5. MATERIAIS E RECURSOS

- Libro do alumnado: Lingua galega e Literatura 4 ESO, editorial Anaya, 2016.
- Os recursos fotocopiados da Proposta didáctica, que recollen lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias.
- CD-Audio coas lecturas iniciais e outros textos.
- Dicionarios
- O libro dixital.
- Recursos dixitais que figuran no enlace web: <http://www.anayaeducacion.es/> tanto para o profesorado (Web do profesor) como para o alumnado (Web do alumnado e das familias) e páxinas que se suxiren no libro do alumnado.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Ferramentas de avaliación e autoavaliación do caderno didáctico de Anaya (modelos de rúbricas e rexistros, Portfolio)
- Ademais dos materiais citados, o profesorado poderá empregar outros recursos se o estima conveniente: fotocopias, presentacións, vídeos, audicións,... como apoio ao seu labor docente.

9.6. MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1. Comunicación oral

- ✓ Comprende, interpreta e valora textos orais de natureza diversa con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo, nos ámbitos da comunicación audiovisual e académico (CCL, CCA)
- ✓ Produce discursos orais, espontáneos e planificados, adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión e corrección, utilizando as estratexias necesarias para falar en público así como as TIC. (CCL, CSC, CD,CAA, CSIEE)

- ✓ Exprésase oralmente respectando as regras morfosintácticas e lexicosemánticas do galego (en especial a colocación do pronome átono e ausencia de castelanismos.) Así mesmo, utiliza correctamente a prosodia e a fonética galegas (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo), rexeitando os prexuízos que se poidan asociar a estas. (CCL, CSC, CEC).
- ✓ Respecta e aplica as normas básicas de intervención, interacción e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo. (CCL, CSC)

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

- ✓ Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función e respectando os patróns fonéticos do galego (CCL, CSC)
- ✓ Le de maneira comprensiva e crítica textos propios do ámbito educativo, xornalístico e publicitario, con especial atención aos argumentativos. (CCL, CAA)
- ✓ Produce textos, en formato papel ou dixital pertencentes ao ámbito educativo, xornalístico e publicitario, con especial atención aos argumentativos, con adecuación, coherencia e cohesión (CCL, CSC)
- ✓ Aplica ás producións propias coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual. (CCL)
- ✓ Usa de forma autónoma os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información e para crear textos. (CD,CAA,CSIEE)

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- ✓ Coñece e utiliza un léxico amplo e preciso adecuado ao seu nivel e emprega progresivamente a fraseoloxía e o vocabulario temático traballados na aula. (CCL, CEC)
- ✓ Recoñece e explica os diferentes tipos de relacións semánticas. (CCL)
- ✓ Recoñece e usa a fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o *n* velar ou a entoación). (CCL)
- ✓ Identifica a oración, os seus constituíntes e as relacións sintácticas que se establecen dentro dela, así como os diferentes tipos de oracións. (CCL)
- ✓ Recoñece e usa os nexos máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos. (CCL)
- ✓ Identifica os trazos que definen as diferentes tipoloxías textuais, especialmente textos expositivos e argumentativos. (CCL)
- ✓ Recoñece a estrutura dun texto e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos. (CCL)
- ✓ Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe. (CAA,CD)

Bloque 4.lingua e sociedade.

- ✓ Coñece os territorios que integran a comunidade lusófona e valora a importancia da relación de Galicia con dita comunidade. (CCL, CSC, CCEC)
- ✓ Identifica os prexuízos lingüísticos máis comúns e detéctaos na súa práctica lingüística e no da súa contorna. (CSC, CEC)
- ✓ Coñece a evolución da lingua galega e as etapas da historia social da lingua galega dende 1916 ata a actualidade. Analiza e comprende as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. (CCL, CSC)
- ✓ Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia na actualidade: presenza da lingua galega

nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución. (CCL, CSC)

- ✓ Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e a función da lingua estándar. Aprecia a súa propia variedade dialectal como vehículo de comunicación nos usos informais e a variante estándar en situacións de carácter formal. (CCL, CSC)

Bloque 5. Educación literaria.

- ✓ Identifica e comprende os distintos períodos e xeracións da literatura galega dende 1916 ata a actualidade. (CCL)
- ✓ Comenta fragmentos de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. (CCL)
- ✓ Le de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega dende 1916 ata a actualidade. (CCL, CCEC)

9.7. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos e relacionados no punto 9.2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe as competencias clave.

A avaliación estará enfocada non só a medir os logros, senón a mellorar a aprendizaxe do alumnado; polo tanto, considerárase como un proceso integrado no proceso de ensino-aprendizaxe co obxectivo de detectar as dificultades, pescudar as causas e adaptar as actividades.

A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará ao longo do curso, recollendo información sobre a marcha do alumnado no referido ao traballo diario, actitude e participación, e ás súas intervencións orais espontáneas ou planificadas. Ao final ou durante cada período avaliativo haberá ademais, cando menos, unha proba escrita que recollerá os estándares de aprendizaxe traballados. Nestas probas haberá cuestións correspondentes a diferentes bloques de contidos .

O alumnado que non alcance o mínimo de 5 puntos nas avaliacións parciais ten a posibilidade de realizar unha proba de recuperación correspondente a cada trimestre, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Seguirase o procedemento de avaliación sumativa de modo que a superación dunha avaliación supón liberación de materia; aínda que, como é de supoñer, os/as alumnos/as deberán ir incorporando nas súas producións os coñecementos lingüísticos que vaian adquirindo. Dada a súa natureza, a avaliación da comunicación oral terá tamén un carácter continuo.

Para aqueles alumnos/as que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario, no que obrigatoriamente se examinarán de toda a materia.

Nas cualificacións parciais e final influirán o grao de consecución dos estándares por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será valorada positivamente.

Á parte da avaliación por parte do profesorado, fomentárase a participación do alumnado no proceso de avaliación a través da autoavaliación e, en menor medida, da coavaliación, para axudarlles a ser conscientes de como aprenden, das razóns dos seus logros ou fracasos e de como poden mellorar, co fin de facelos tamén responsables da súa propia aprendizaxe.

Para levar a cabo o proceso de avaliación, iso é, a medición do grao de logro dos diferentes estándares de aprendizaxe, recollerase a maior cantidade de información posible empregando diversos **instrumentos de avaliación** que serán rexistrados no caderno do profesor:

- ✓ Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.

- ✓ Seguimento e rexistro do traballo diario a través do caderno e das actividades cotiás (realización e resolución)
- ✓ Traballos individuais ou en grupo, presentados por escrito ou expostos oralmente
- ✓ Audicións para valorar o grao de comprensión oral.
- ✓ Observación directa e valoración (coa axuda das rúbricas) das intervencións orais, tanto espontáneas como planificadas.
- ✓ Observación directa da súa actitude: atención, razoamentos, participación, interese, iniciativa persoal e autonomía no desenvolvemento das tarefas, uso das TIC e dicionarios para a busca de información, así como a súa actitude ante a lingua.
- ✓ Outros: preguntas directas na clase, probas de atención...

Así mesmo, para que os alumnos e alumnas avalíen o seu propio rendemento, proporcionaráselle algunhas ferramentas ou instrumentos de autoavaliación (fichas, táboas, dianas e escalas de autoavaliación e/ou coavaliación), para autoavaliar tanto o seu dominio dos estándares como aqueles que teñen que ver con hábitos e técnicas de estudo: o seu traballo diario, xestión e organización do seu tempo, actitude, uso dos recursos...

9.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

1. Criterios de cualificación nas avaliacións parciais

A cualificación obterase conforme á seguinte ponderación:

- ✓ O **70%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (unha ou dúas por trimestre). Nelas valoraranse os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Constarán de cuestións correspondentes aos diferentes bloques de contidos (comprensión oral ou escrita, expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura).

Despois de sumada a nota do contido da proba, descontarase ata un máximo de 1,5 puntos por erros de expresión (coherencia, cohesión, adecuación, presentación, gramática e ortografía). Descontarase 0.05 por cada erro leve, e 0.1 por cada erro grave.

Será preciso acadar unha nota mínima de 3 nas probas escritas para facer a media, en caso de facer máis de unha.

- ✓ O **10%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre. Esta consistirá nunha proba (oral ou escrita), na que se valorará a lectura, a correcta comprensión da obra e a expresión adecuada dos contidos.
- ✓ O **10%** extraerase do traballo diario do alumno/a (realización en tempo e correcta das tarefas diarias, tanto na aula como na casa) e a elaboración de traballos que se esixan puntualmente.
- ✓ O **10%** restante corresponderá á expresión oral (resultado tanto de intervencións espontáneas como planificadas). Isto é, avaliarase o uso do galego como lingua vehicular na aula e haberá probas orais específicas que consistirán en exposicións na aula.

Ademais disto, valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo profesor, sempre que estea superada a lectura correspondente ao trimestre. A comprobación da lectura comprensiva das mesmas farase, ben a través dun traballo, ben cunha proba (escrita ou oral). Así mesmo, poderá valorarse positivamente a presentación de exemplares aos concursos literarios en galego que organice o centro, sempre que se axusten ás bases e posúan un mínimo de calidade.

Esta bonificación, que suporá o incremento de como máximo un 0,5 na nota final da avaliación, non posibilitará en ningún caso a superación da cualificación máxima (10 puntos).

Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia terá en dita proba unha cualificación de cero. Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame implicará a obtención automática dun cero (0) na dita proba.

2. Avaliación final ordinaria

- ✓ A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
- ✓ O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cun mínimo de 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media resultante das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos.
- ✓ Excepcionalmente, cando na terceira avaliación un alumno ou alumna vise interrompido bruscamente o seu proceso formativo por mor dunha enfermidade grave cuxo tratamento leve consigo hospitalización e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais de xuño, será avaliado/a considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre que teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.

3. Recuperacións

- ✓ O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 nalguna avaliación poderá realizar unha recuperación da mesma, incluída a lectura (caso de non estar superada).
- ✓ No exame final de xuño cada alumno/a examínase da avaliación que teña suspensa, se só ten unha. De ter máis dunha avaliada negativamente, examínase de todos os contidos do curso (incluídas as lecturas, se non están superadas).
- ✓ A(s) proba(s) de recuperación contarán coa seguinte repartición porcentual: 90% para os contidos da materia e 10% para a demostración da lectura correspondente.

4. Avaliación extraordinaria

- ✓ O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ Esta proba escrita estará baseada nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación. Dado o carácter da proba, non serán avaliados os aspectos referentes ao bloque da comunicación oral.
- ✓ Para acadar unha avaliación extraordinaria positiva, só se terá en conta a cualificación obtida nesta proba, na que se valorarán os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Modificarase a repartición porcentual da cualificación, quedando do seguinte xeito:

- ✓ O **50%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas (unha ou dúas por trimestre). Nelas valoraranse os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Tratarán cuestións correspondentes aos diferentes bloques de contidos (comprensión oral ou escrita, expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura).

Despois de sumada a nota do contido da proba ou traballo, descontarase ata un máximo de 1,5 puntos por erros de expresión (coherencia, cohesión, adecuación, presentación, gramática e ortografía). Descontarase 0.05 por cada erro leve, e 0.1 por cada erro grave.

Será preciso acadar unha nota mínima de 3 nas probas escritas para facer a media, en caso de facer máis de unha.

- ✓ O **20%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre. Esta consistirá nunha proba ou traballo (oral ou escrita), na que se valorará a lectura, a correcta comprensión da obra e a expresión adecuada dos contidos.
- ✓ O **30%** da cualificación valorará a expresión escrita (20%) e a expresión oral (10%), mediante a entrega de tarefas en tempo e forma (fundamentalmente, composicións escritas e secuencias de audio).

Valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo profesor, sempre que estea superada a lectura correspondente ao trimestre. A comprobación da lectura comprensiva das mesmas farase, ben a través dun traballo, ben cunha proba (escrita ou oral). Así mesmo, poderá valorarse positivamente a presentación de exemplares aos concursos literarios en galego que organice o centro, sempre que se axusten ás bases e posúan un mínimo de calidade. Esta bonificación, que suporá o incremento de como máximo un 0,5 na nota final da avaliación, non posibilitará en ningún caso a superación da cualificación máxima (10 puntos).

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame ou traballo implicará a obtención automática dun cero (0) en dita proba.

9.9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial. Avaliaranse neste momento os coñecementos previos e capacidades do/a alumno/a como punto de partida para orientar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe.

A súa finalidade é obter información, tanto das necesidades individuais (identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización da súa aprendizaxe por presentar deficiencias ou ben altas capacidades), como de grupo (identificar as fortalezas e debilidades do grupo en canto aos aspectos competenciais, para decidir os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia).

Instrumentos:

Unha proba escrita orientada basicamente a coñecer o dominio de destrezas básicas (comprensión e expresión) e o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que debe ter adquiridos nese nivel.

Estas probas poderán ser corrixiadas en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos e alumnas sexan conscientes dende o principio das súas dificultades.

Ademais de avaliar aspectos curriculares, durante as primeiras semanas tamén se recompilará información relativa aos seguintes aspectos.

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Os aspectos que se deben ter en conta para distribuír os alumnos e alumnas na aula ou agrupalos para os traballos cooperativos.
- Grao de interese e motivación do alumnado.
- Alumnado con circunstancias persoais especiais (por estar en risco de exclusión, pola súa historia familiar, etc.).

A avaliación destes aspectos farase por medio da observación directa, e da información que se obterá dos compañeiros e do Dpto. de Orientación nas sesións de avaliación inicial.

9.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade estableceranse a partir da información obtida na avaliación inicial e das necesidades que se vaian observando ao longo do curso. Teranse en conta a diversidade na comprensión, de capacitación, na comunicación e a diversidade de interese e motivación.

Para o tratamento da diversidade en 4º ESO prevense as seguintes medidas:

Actividades de reforzo, recuperación e ampliación.

Para o alumnado con dificultades para acadar os mínimos esixibles na materia, estableceranse medidas de reforzo e recuperación. De xeito análogo, se hai alumnado que demostre un dominio claro dos obxectivos fixados para a materia, estableceranse medidas de ampliación. Cómpre dicir que o apoio que deberiamos prestar en dous dos tres grupos vai resultar moitas veces insuficiente, debido ao elevado número de alumnos/as por aula.

Con carácter xeral, estas medidas consistirán na proposta de traballo práctico adicional baseado nos materiais deseñados a tal efecto por Anaya (citados no epígrafe 3.5- Materiais e recursos). Centraranse nos seguintes aspectos:

- a) Reforzo e ampliación dos aspectos traballados en cada unidade
- b) Comprensión lectora e comentario en Lecturas complementarias.
- c) Prácticas de competencias.
- d) Expresión escrita.

10. PMAR. 2º CURSO. Ámbito lingüístico e social

10.1. INTRODUCCIÓN

Continúase en 3º ESO co Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, iniciado o curso anterior, derivado da implantación da *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)* a través do artigo 17 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, da *Orde de 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG nº 213 do 7 de novembro de 1995)* e do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

O alumnado que se incorpora a este programa é un alumnado con dificultades que debe superar co fin de reincorporarse cun mínimo de garantías ao sistema educativo ordinario en 4º de ESO. Neste sentido, a finalidade básica para estes dous cursos previstos de PMAR é que os alumnos e alumnas sexan capaces de ler con fluidez, comprensión e actitude crítica; que poidan expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección e adecuación ás súas necesidades comunicativas; que sexan coñecedores do mundo no que viven e que desenvolvan unha actitude crítica cara aos problemas medioambientais, demográficos, de desequilibrios económicos, de discriminación, etc. Cómpre, ademais, ensinar ao alumnado o respecto a todo o que supoña un acto diferencial: linguas, culturas, ideoloxías, crenzas,... Doutra banda, incidirase na idea de que sexan capaces de aprender a aprender, de aumentar o grao de autonomía persoal e a súa autoestima.

O grupo está formado por 4 alumnos e alumnas que comezaron o programa o curso pasado.

A programación que se propón está suxeita a modificacións tendo en conta as necesidades do alumnado e os resultados que se vaian obtendo ao longo do curso.

10.2. OBXECTIVOS

No marco dos obxectivos xerais para a ESO que recolle a LOMCE establecemos os seguintes obxectivos específicos para o PMAR cun tratamento integrador dos obxectivos propios das tres áreas: lingua castelá, galega e ciencias sociais:

- ✓ Coñecer e apreciar a diversidade espacial, cultural e lingüística do mundo, do Estado español e de Galicia, manifestando actitudes de respecto e tolerancia cara aos individuos e pobos de culturas e linguas diferentes.
- ✓ Comprender a comunicación como un proceso básico da vida social e apreciar as dúas linguas oficiais de Galicia.
- ✓ Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica e das grandes áreas neoeconómicas así como os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
- ✓ Identificar e analizar as interaccións das sociedades co medio e facerse conscientes das consecuencias medioambientais máis importantes.
- ✓ Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas e apreciar os dereitos e liberdades das persoas como unha conquista das sociedades avanzadas, rexeitando situacións de inxustiza e discriminación por razóns de raza, sexo, clase social ou crenzas.
- ✓ Coñecer e valorar os aspectos básicos da cultura e historia da humanidade en xeral e de Galicia en particular, así como o patrimonio artístico e cultural, considerándoos un ben común que debemos respectar e transmitir ás próximas xeracións.
- ✓ Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
- ✓ Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás súas necesidades comunicativas.
- ✓ Coñecer e reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos seus planos morfosintáctico, léxico-semántico e textual, e sobre as condicións de produción e recepción das mensaxes en contextos sociais de comunicación, co fin de desenvolver a capacidade para regular as producións lingüísticas propias.
- ✓ Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- ✓ Analizar e xulgar fundada e criticamente os diferentes usos sociais das linguas, evitando os

estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos (clasistas, sexistas, racistas), mediante o recoñecemento do posible contido ideolóxico da linguaxe.

- ✓ Recoñecer os elementos estruturais e expresivos que caracterizan un texto literario, atendendo ás convencións de cada xénero.
- ✓ Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información (bibliotecas -incluídas as virtuais- os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información) para, con sentido crítico e progresiva autonomía, adquirir novos coñecementos.
- ✓ Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo.
- ✓ Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto a outras persoas, exercitarse no diálogo e valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.
- ✓ Fomentar a confianza en si mesmo, o sentido crítico, a iniciativa persoal, a capacidade para aprender a aprender e aumentar progresivamente o grado de autonomía persoal.

10.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O SEGUNDO CURSO

Comunicación

- a) Ler e comprender o sentido global dun texto para extraer información relevante e distinguir tipoloxías a partir da intención comunicativa.
- b) Producir textos orais ou escritos desenvolvendo a imaxinación, achegando a opinión propia, dando interpretacións persoais e plasmando experiencias persoais e sentimentos.
- c) escoitar activamente.
- d) Comprender a necesidade de comunicación e coñecer todos os elementos que interveñen na comunicación verbal e non verbal, a intención comunicativa e os tipos de textos que de aí derivan.
- e) Recoñecer a intención comunicativa da narración, do diálogo, da descrición, da exposición e da argumentación en textos de ámbito familiar, social, académico, publicitario, xornalístico e literario, os seus elementos, as súas partes, os seus trazos lingüísticos, e aprender a preparar textos.
- f) Observar e recoñecer as categorías gramaticais: o substantivo, o adxectivo, o determinante, o pronome, o verbo, o adverbio, as preposicións, as conxuncións, as interxeccións e algunhas locucións, e diferenciar os seus usos e valores en textos dados.
- g) Coñecer as distintas clases de sintagmas e os seus constituíntes, para crear oracións e recoñecer nestas o suxeito, o predicado, os casos de impersonalidade e os valores semánticos que as dotan de coherencia.
- h) Recoñecer a existencia de dous predicados nunha oración composta coordinada, xustaposta e subordinada, e identificar a existencia ou non de nexos que os unen.
- i) Coñecer o concepto de texto como unidade lingüística, valorar a importancia que adquire o contexto e a intención comunicativa para captar o seu sentido, e comprender a necesidade da súa coherencia, cohesión e adecuación.
- l) Utilizar o dicionario.
- m) Valorar a correcta ortografía na produción escrita a partir do coñecemento das regras básicas e a súa posterior aplicación.
- n) Descubrir a orixe das palabras, a creación de palabras novas, a súa formación e as relacións de significado que manteñen con outras palabras.

ñ) Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia e do conxunto de España, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Literatura galega e castelá

a) Valorar a expresión literaria fronte á común, o coñecemento do contexto para interpretar un texto literario e o patrimonio cultural que a literatura achega.

b) Coñecer os xéneros literarios (narrativo, lírico e dramático) e identificar os seus trazos diferenciadores en textos dados para interpretalos correctamente.

c) Desenvolver a capacidade creativa literaria, favorecendo o desenvolvemento da imaxinación, da autonomía e da iniciativa persoal.

d) Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e do coñecemento do mundo, e consolidar hábitos lectores.

Xeografía

a) Explicar os indicadores para o estudo da poboación, recoñecer a distribución da poboación no mundo, analizar a súa evolución ao longo da historia e coñecer as causas da migración na actualidade.

b) Diferenciar os elementos e factores da actividade económica e identificar as principais características dos distintos sistemas económicos.

c) Definir desenvolvemento sostible e describir conceptos clave relacionados con el.

d) Coñecer, analizar, identificar e explicar as características das actividades económicas do sector primario.

e) Coñecer, analizar, identificar e explicar as características das actividades económicas do sector secundario.

f) Coñecer, analizar, identificar e explicar as características das actividades económicas do sector terciario.

g) Valorar e recoñecer as desigualdades sociais e económicas, así como os seus indicadores.

h) Manexar, comparar e interpretar gráficos relacionados con xeografía económica e demográfica, e sacar conclusións.

i) Utilizar recursos dixitais para explicar os fenómenos relacionados coa xeografía económica e demográfica.

l) Identificar os principais conflitos bélicos actuais e relacionalos coas condicións socioeconómicas e políticas.

m) Recoñecer as medidas para erradicar a pobreza.

Historia

a) Distinguir diferentes etapas dentro da Idade Moderna: Renacemento, autoritarismo, Antigo Réxime, Barroco, absolutismo, parlamentarismo etc.

- b) Describir as características do Renacemento, citar artistas e analizar as obras máis significativas.
- c) Identificar as características e a expansión do humanismo e coñecer as obras de artistas humanistas.
- d) Recoñecer os principais feitos do reinado dos Reis Católicos: política interior e de expansión internacional.
- e) Explicar as causas e antecedentes que explican as grandes expedicións xeográficas, así como as conquistas dos navegantes portugueses e casteláns e a chegada de Colón a América, a súa conquista e colonización.
- f) Sopesar interpretacións conflitivas da conquista e colonización americanas.
- g) Distinguir as características das monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.
- h) Interpretar os principais acontecementos en materia de política interior e exterior das monarquías da Austria en España (Carlos I, Filipe II, Filipe III, Filipe IV e Carlos II).
- i) Explicar as causas e características da Reforma e da Contrarreforma.
- l) Analizar as relacións entre os Estados europeos que levaron á guerra dos Trinta Anos.
- m) Describir as características do Barroco, citar artistas e analizar as obras máis significativas, con especial atención ao barroco galego.
- n) Utilizar recursos dixitais para explicar os acontecementos históricos da Idade Moderna.

10.4. CONTIDOS

COMUNICACIÓN

1. Lectura, comprensión e interpretación de textos seleccionados con relación ao eixe central da unidade, e expresión oral e escrita.
2. A comunicación e os seus elementos. A linguaxe verbal. A intención comunicativa e os tipos de textos.
3. A narración, o diálogo, a descrición, a exposición e a argumentación. Tipos de xéneros, estrutura do contido e escritura de textos de distinta tipoloxía.

LINGUA GALEGA

1. Tipos de palabras. Clasificación das palabras polo seu significado e pola súa forma. O substantivo: o xénero e o número. Clasificación semántica dos substantivos. O adxectivo: graos do adxectivo.
2. Os determinantes: artigos e outros determinantes.
3. O pronome persoal tónico. O pronome persoal átono. Colocación do pronome átono.
4. O verbo. O modo e o tempo. As alternancias vocálicas. Os verbos irregulares. Formas nominais do verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais.
5. Preposicións e locucións preposicionais. Adverbios e locucións adverbiais. Conxuncións e locucións conxuntivas. As interxeccións.
6. O alfabeto. Os fonemas vocálicos. A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos. Acentuación ortográfica e til diacrítico. Uso das grafías b/v, c/z/q, uso de h. Uso de c, cc, ct. Uso de r e rr. Uso de x. Puntuación: o punto, o punto e coma, os dous puntos, a coma.
7. A formación de palabras: lexemas e morfemas. Tipos de morfemas. Clases de palabras segundo a súa morfoloxía: simples, derivadas, compostas e parasintéticas. As familias léxicas. Voces patrimoniais, semicultismos, cultismos e neo- loxismos.
- 8 . Linguas en contacto: os prexuízos lingüísticos. A lusofonía.

LITERATURA GALEGA

1. Galicia na Idade Media. A literatura medieval: o nacemento da lírica. As cantigas de amor: temática e recursos formais.
2. As cantigas de amigo. Recursos formais das cantigas de amigo. Tipos de cantigas de amigo. Outros xéneros menores. Outros textos da literatura medieval: cantigas de escarnio e maldicir, Cantigas de Santa María. A prosa medieval.
3. Os Séculos Escuros. O Prerrexurdimento e os precursores. O Rexurdimento.
4. Rosalía de Castro: vida e obra.
5. Manuel Curros Enríquez: vida e obra.
6. Eduardo Pondal: vida e obra.

CIENCIAS SOCIAIS

Xeografía

1. A actividade económica, os sistemas económicos e o desenvolvemento sostible.
2. As actividades do sector primario. Paisaxes agrarias.
3. As actividades do sector secundario. Industria e construción.
4. As actividades do sector terciario: comercio, transporte e turismo.
5. Desigualdades sociais e económicas: IDH, áreas xeopolíticas, débeda externa, conflitos actuais e erradicación das desigualdades.
6. A organización política do mundo. Os estados actuais.

Historia

1. A Idade Moderna, o humanismo e o Renacemento italiano.
2. As grandes expedicións xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.
3. As monarquías modernas: autoritarismo e reinado dos Reis Católicos.
4. A monarquía dos Austrias: Carlos I e Filipe II. A Reforma protestante e a Contrarreforma.
5. O século XVII en Europa: as monarquías absolutas e parlamentarias. A guerra dos Trinta Anos. O século XVII en España: a Austria menor. Galicia na época dos Austrias.
6. O Barroco en Italia, España e o resto de Europa.

LINGUA CASTELÁ

1. As categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, pronome, determinante, preposicións, conxuncións, locucións.
2. Os sintagmas e os seus constituíntes. A estrutura oracional: o suxeito, a impersonalidade e o predicado.
3. A oración como unidade semántica. A creación coherente de oracións compostas.
4. O texto como unidade lingüística: a intención comunicativa, o contexto, o sentido, a coherencia, a cohesión e a adecuación.
5. A orixe, a formación e o significado das palabras. O manexo do dicionario.
6. A situación lingüística actual española: linguas e dialectos.

7. As variedades xeográficas, situacionais e sociais da lingua española.
8. A correspondencia entre grafías e fonemas. A entoación. A escritura de siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolos. O uso do til. A ortografía das letras. Os signos de puntuación.

LITERATURA CASTELÁ

1. A literatura como acto de comunicación.
2. A literatura do Século de Ouro. O Barroco español.
3. A literatura renacentista: formas e temas. A narrativa, a poesía e o teatro no Renacemento.
4. Miguel de Cervantes: vida e obra. Don Quijote de la Mancha.
5. A literatura barroca: Luís de Góngora, Francisco de Quevedo, Lope de Vega. A lírica, a narrativa e o teatro no Barroco.

Ademais, en cada avaliación, o alumnado terá que ler dous libros, un en lingua galega e outro en lingua castelá. As lecturas son as que se sinalan a continuación:

Lingua galega:	Lingua castelá
1ª Aval.: <i>O corazón de Xúpiter</i> , Leticia Costas	1ª Aval.: <i>El niño con el pijama de rayas</i> .
2ª Aval.: <i>O can dos Baskerville</i> , Arthur Conan Doyle.	2ª Aval.: <i>Ojos azules en Kabul</i> , Anabel Botella.
3ª Aval.: <i>A soidade do asasino</i> , Carlos G. Reigosa	3ª Aval.: <i>De ratones y hombres</i> , John Steinbeck

10.5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS

Comunicación

- ✓ Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos, instrutivos e argumentativos emitindo xuízos razoados e relacionándoos cos seus coñecementos (CCL)
- ✓ escoita de maneira activa, comprende e resume o sentido global de textos orais e coñece o proceso de produción dos mesmos valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión. Ademais, reconece a importancia dos aspectos prosódicos, a linguaxe non verbal, o emprego de axudas audiovisuais... (CCL, CD)
- ✓ Participa en debates e coloquios respectando as regras de cortesía, intervención (CSC)
- ✓ Realiza exposicións orais con corrección e ben organizadas, incorporando progresivamente palabras propias do nivel formal, pronunciando con corrección... (CCL, CAA)
- ✓ Aplica estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos (CCL) e avalía o seu proceso de comprensión de lectura (CAA)
- ✓ Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos (CD) aplicando progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados (CAA, CCL)
- ✓ Escribe textos (adequados, coherentes e cohesionados) en diferentes soportes e formatos utilizando palabras do nivel formal da lingua (CCL, CCA) valorando a importancia da escritura.

Lingua galega e castelá

- ✓ Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e os elementos constitutivos das palabras e os procedementos de formación das mesmas. Ademais, utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia e para mellorar o enriquecemento do seu vocabulario (CCL)
- ✓ Recoñece os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto das palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración simple na que recoñece os elementos constitutivos da mesma. (CCL)
- ✓ Recoñece, usa e explica os conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión e a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe (CCL)
- ✓ Recoñece a coherencia dun discurso e identifica as estruturas textuais e tipoloxías (narración, descrición, exposición, argumentación, diálogo) explicando os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e mellora de textos (CCL, CCEC, CAA)
- ✓ Coñece e valora a diversidade lingüística de España e explica algunha das súas características, recoñece as orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais. Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España (CSC)
- ✓ Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas relacionando temas transversais e evitando estereotipos culturais e lingüísticos (CCL e CCA)
- ✓ Utiliza os coñecementos adquiridos para mellorar a comprensión e produción de textos en calquera outra materia (CAA)
- ✓ Manexa o dicionario con soltura para buscar o significado e a orixe das palabras, e interpreta correctamente toda a información gramatical que se dá sobre as palabras. (CCL, CAA)
- ✓ Coñece a procedencia dalgunhas palabras, así como a súa formación en lexemas, morfemas derivativos e morfemas flexivos. (CCL)
- ✓ Coñece e detecta os prexuízos lingüísticos co fin de valorar a diversidade lingüística e, concretamente o uso do galego como lingua propia de Galicia. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Coñece as regras ortográficas básicas –letras e grafías, acentuación, signos de puntuación– e aplícaaas nos escritos de ámbito académico e persoal. (CCL, CAA)
- ✓ Identifica a formación dunha oración en sintagmas nos seus constituíntes mínimos: suxeito e predicado, os casos de impersonalidade. (CCL)
- ✓ Clasifica as oracións pola actitude do emisor. (CCL)
- ✓ Recoñece os valores semánticos nunha oración. (CCL)
- ✓ Recoñece oracións compostas en textos dados. (CCL)
- ✓ Distingue semanticamente diferentes clases de oracións compostas, recoñece os seus nexos e o uso de signos de puntuación na xustaposición. (CCL)

Literatura galega e castelá

- ✓ Valora algunhas das obras de lectura, resumindo o contido, explicando os aspectos máis chamaron a súa atención e a súa experiencia lectora. Ademais, desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético.
- ✓ Le obras adecuadas á súa idade (tres en linguas castelá e tres en lingua galega), comprende o seu sentido e expón unha opinión persoal sobre a lectura. (CCL, CSIEE)

- ✓ Entende a literatura como un acto de comunicación, identificando os distintos elementos que forman parte do proceso comunicativo. (CCL, CEC)
- ✓ Recoñece as formas e temas fundamentais da literatura renacentista nos seus distintos xéneros literarios: narrativo, lírico e dramático. (CCL)
- ✓ Comprende a importancia do Lazarillo de Tormes na historia da literatura española, analiza o tema e a intencionalidade da obra, a estrutura e o xénero, así como a súa interpretación. (CCL)
- ✓ Analiza a poesía (Garcilaso de la Vega, Frei Luís de León, San Juan da Cruz) e o teatro renacentistas.
- ✓ Coñece e analiza a obra de Miguel de Cervantes, sobre todo Don Quixote da Mancha. (CCL)
- ✓ Coñece as principais formas, temas e trazos de estilo da literatura barroca (poesía, narrativa e teatro) en concreto da obra de Luís de Góngora, Francisco de Quevedo, Lope de Vega e Calderón da Barca. (CCL)
- ✓ Coñece a historia da literatura galega desde a Idade Media ata o Rexurdimento, os seus principais autores e autoras e as súas obras. (CCL)
- ✓ Comenta, de forma guiada, textos de obras da literatura galega desde a Idade Media ata o Rexurdimento (Cantigas de amigo, amor e de escarnio, cantigas de Sta María, e poemas de Rosalía, Curros e Pondal (CCL, CEC, CAA)
- ✓ Redacta textos persoais de intención literarias a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. (CCEC, CCL)
- ✓ Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos (CAA, CCL)
- ✓ Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos, adoptando un punto de vista crítico e persoal. (CCL, CSIEE, CD)

Xeografía e historia

- ✓ Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. (CAA, CMCCT, CCL, CD)
- ✓ Coñece e interpreta os distintos tipos de mapas temáticos (CAA, CMCCT, CD, CCL)
- ✓ Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que mostran estes datos. (CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC)
- ✓ Diferencia os sectores económicos europeos. (CCL, CMCCT, CAA, CSC)
- ✓ Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. (CCL, CSIEE, CCL, CAA, CSC)
- ✓ Define desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. (CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC)
- ✓ Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as masas forestais máis importantes do mundo. (CAA, CD, CMCCT)
- ✓ Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. (CAA, CSIEE, CD, CMCCT)
- ✓ Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. (CAA, CSIEE, CD, CMCCT)
- ✓ Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. (CAA, CSIEE, CD, CMCCT)
- ✓ Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. (CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

- ✓ Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. (CCL, CAA, CSIEE)
- ✓ Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa recollida ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións. (CD, CAA, CSC, CSIEE)
- ✓ Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. (CAA, CD, CCL, CMCCT, CSIEE)
- ✓ Describe as características do comercio internacional na actualidade. (CAA, CCL, CSC, CSIEE)
- ✓ Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen (CAA, CCL, CSC, CSIEE)
- ✓ Identifica os tipos de turismo e os seus efectos. (CAA, CCL, CCEC, CSIEE, CD)
- ✓ Valora a importancia do turismo na economía española e galega. (CAA, CCL, CCEC, CSIEE, CD)
- ✓ Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. (CAA, CCL, CCEC, CSIEE, CD)
- ✓ Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. (CAA, CCL, CSIEE, CD)
- ✓ Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflicten as liñas de intercambio. (CAA, CMCCT, CSIEE, CD, CCL)
- ✓ Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. (CAA, CSC, CSIEE, CCL)
- ✓ Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos. (CCL, CAA, CSC, CSIEE)
- ✓ Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. (CSC, CAA, CCEC)
- ✓ Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. (CSC, CAA)
- ✓ Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. (CSC, CAA)
- ✓ Ordena temporalmente algúns feitos históricos ou outros feitos destacables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. (CSC, CMCCT)
- ✓ Realiza diversos tipos de eixos cronolóxicos e mapas históricos. (CSC, CMCCT)
- ✓ Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. (CSC, CMCCT)
- ✓ Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. (CSC, CCL)
- ✓ Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.). (CSC, CAA)
- ✓ Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos. (CSC, CAA)
- ✓ Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. (CSC, CCEC, CAA, CCL)
- ✓ Analiza obras, ou fragmentos dalgúns autores desta época no seu contexto. (CSC, CCEC, CAA, CCL)
- ✓ Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. (CSC, CAA)
- ✓ Comprende os conceptos de cambio e continuidade con relación ao reinado dos Reis Católicos. (CSC, CAA)

- ✓ Explica as causas que conduciron ao descubrimento de América para Europa, á súa conquista e colonización. (CSC, CMCCT, CAA, CCL)
- ✓ Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo. (CSC)
- ✓ Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. (CSC, CAA, CCL)
- ✓ Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". (CSC, CAA)

10.6. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A secuenciación dos contidos seguirá a proposta dos manuais de referencia: **Serie Avanza. Editorial Obradoiro Santillana** para 3º ESO nas materias de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Xeografía e Historia.

Esta secuenciación pode variar en función das dificultades atopadas e das necesidades do alumnado.

Aval	Lingua castelá	Lingua galega	Xeografía e historia
1 AVAL	Unidades 1 - 4	Unidades 1-4	Unidades 1-2-3-8
2 AVAL	Unidades 5 - 8	Unidades 5-8	Unidades 4-5-9 -10
3 AVAL	Unidades 9 -12	Unidades 9 -12	Unidades 6-11-12

Durante o mes de setembro remataranse contidos de historia non vistos en 1PMAR e que se consideran imprescindibles para o presente curso: Unidade 4. *Al-Andalus e os reinos cristiáns*.

A programación de aula, cos estándares traballados en cada unidade, seguirá basicamente a proposta polos libros de texto de referencia.

10.7. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Trataranse os contidos do ámbito lingüístico e social cunha **dimensión globalizadora ou interdisciplinar**, de maneira que duns se poida acceder aos outros. Serán de preferencia os contidos histórico-xeográficos os que constitúan o marco no que se inscriban as aprendizaxes lingüístico-comunicativas

Este **enfoque integrador**, e ao mesmo tempo complementar, tamén se aplicará na aprendizaxe das dúas linguas. Unha delas servirá de soporte fundamental para a adquisición dos contidos lingüístico-gramaticais básicos (neste caso, o galego) evitando así reiteracións superfluas e a partir desa base vanse ir formulando actividades nas que as aprendizaxes e as funcións de cada unha se vaian diversificando ou especializando, usando para tal fin recursos textuais variados que eviten a identificación diglósica do galego e do castelán con certas ideas, formas, temas ou situacións comunicativas preconcebidas e discriminatorias.

Terá un carácter **eminente práctico**, fundamentado na realización permanente de actividades, de modo que os alumnos e alumnas se vexan forzados a manipular constantemente a información dada. Xunto con isto, terá unha **dimensión funcional**, tentando que os coñecementos adquiridos poidan ser empregados na vida cotiá, fóra do estrito contexto escolar, e vaise partir, sempre que for posíbel, de realidades próximas do alumnado para lle facilitar futuras aprendizaxes significativas. Trátase de fomentar o interese por aprender no alumnado, de ver a utilidade dos coñecementos.

Fomentarse a **participación activa** do alumnado a través de traballos individuais ou en pequenos grupos para facilitar unha aprendizaxe cooperativa e participativa, favorecendo os procesos de socialización entre o propio alumnado e a construción de aprendizaxes significativas.

Insistirase na adquisición de estratexias e habilidades para a aprendizaxe (“**aprender a aprender**”) e en aumentar o grao de autonomía persoal. Neste sentido o/a profesor/a actuará máis ben de guía ou orientador dos traballos que ha de realizar o propio alumnado.

Vaise procurar un **ensino individualizado**, tratando de atender ás dificultades particulares de aprendizaxe de cada alumno/a. Isto comporta o deseño de varios tipos de actividades (reforzo e ampliación).

Seguirase un **tratamento progresivo e á vez recorrente** dos contidos para facilitar a consolidación do aprendido e poder observar o grao de consecución das capacidades ao longo do ano lectivo.

Resulta especialmente necesario con estes alumnos/as, dadas as súas características e necesidades, empregar **materiais e recursos didácticos variados**: manexo de atlas, dicionarios, manuais, mapas mudos, visionado de filmes... e os novos recursos tecnolóxicos (computadores, encerado dixital, internet, procesadores de textos, correctores ortográficos, buscadores en liña, dicionarios e enciclopedias virtuais...). Na aula dispónse dun computador, manuais, mapas, dicionarios, canón dixital. Aos recursos e materiais mencionados arriba poden engadirse de forma especial: 1º) A rúa, como medio social onde ten lugar a interacción do suxeito co medio. 2º) Os medios de comunicación, polo seu evidente protagonismo na nosa sociedade e a súa motivación para o alumnado. 3º) As experiencias significativas ou experiencias vitais positivas que lles permitan abrir horizontes...

O achegamento do alumnado ás **TIC** efectuarase dun xeito recorrente, dado que en moitas das actividades se pedirá ao alumnado que busque información en Internet relacionada cos temas tratados.

Por último, cómpre indicar que non se seguirá unha metodoloxía única e pechada, senón unha serie de opcións múltiples e complementares, baseadas no **principio da flexibilidade** para poderense adecuar, o máximo posíbel, ao estilo de aprendizaxe do alumnado.

Tipos de actividades

- ✓ Actividades **de motivación** e avaliación inicial. Para este fin pódense utilizar materiais diversos: informacións orais ou escritas do profesor, análise de imaxes ou noticias de prensa, cuestións que induzan o alumnado a intervir e expresar as súas opinións pondoas en común co grupo-clase, etc. Estas actividades, ademais de servir de estímulo para abordar o tema, permítenos verificar os coñecementos previos do alumnado, as carencias, os erros, etc. para así poder adecuar o método a seguir no tratamento do tema.
- ✓ Actividades **de incorporación, comprensión e aplicación** de nova información. Lectura e comprensión de textos, análise de imaxes e gráficos, consulta doutras fontes de información - manexo de dicionarios, bibliotecas (incluídas as virtuais)-, xogos e simulacións, resolución de problemas, aplicación das informacións obtidas a novos contextos e materiais, etc.
- ✓ Utilización de elementos de aprendizaxe participativa que introduzan formas colectivas de tratamento da información, como debates, informes, exposicións, investigacións, etc.
- ✓ Actividades **de síntese e revisión**. Poden consistir en analizar unha imaxe ou un gráfico, elaborar ou completar un mapa conceptual, realizar esquemas, resumos, etc.
- ✓ Actividades **específicas** destinadas ao coñecemento dos mecanismos que rexen as normas lingüísticas (gramaticais, ortográficas, léxicas) e textuais, partindo de usos contextualizados ou das propias producións do alumnado.
- ✓ Actividades **de modelado de actitudes**: actividades para “aprender a ser”: desvelar prexuízos racistas, xenófobos e sexistas na linguaxe e nos comportamentos ou fomentar actitudes

solidarias, tolerantes e preservadoras do medio ambiente.

- ✓ Actividades **de autoavaliación e coavaliación**. Postas en común de actividades e análise dos erros en grupo; diario semanal onde recollan o que aprenderon, as dificultades que encontraron, o que deberían mellorar...; valoración dos propios resultados ou os dos seus compañeiros, etc.
- ✓ Por último, reservárase sempre **unha hora á semana para ler** en clase ou para realizar traballos en grupo. Á parte de lecturas parciais, propóranse obras completas para ler, como mínimo dúas (unha en galego e outra en castelán)

10.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

a. Libro de texto:

- Manuais da **serie Avanza da editorial Obradoiro Santillana** para 3º ESO nas materias de **Lingua galega e literatura** (ISBN978-84-9972-280) **Lingua castelá e literatura** (ISBN 978-84-141-0319-7) e **Xeografía e Historia** (ISBN 978-84-9972-599-4)

b. Recursos Didácticos:

- Enderezos da Internet. Cada tema dispón de enderezos da Internet que serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Ademais dos materiais citados, o profesorado poderá empregar outros recursos se o estima conveniente: fotocopias, presentacións, vídeos, audicións..., como apoio ao seu labor docente.

c. Outros recursos bibliográficos:

- Utilizaranse recursos bibliográficos procedentes da biblioteca do instituto e do departamento de Xeografía e Historia. Son dicionarios, atlas históricos e xeográficos, e libros de temática diversa sobre a xeografía, a historia e a arte.
- **Materiais de reprografía**. Exercicios, apuntamentos, ou calquera outro tipo de material elaborado ou seleccionado polo profesor, fotocopiado nas instalacións do centro e entregado ao alumnado.
- **Medios informáticos**. Uso do ordenadores na aula de informática.
- **Medios audiovisuais**. Canón da aula.

10.9. MÍNIMOS ESIXIBLES

COMUNICACIÓN

- ✓ Le e comprende un texto relacionado co tema do eixe central da unidade, recoñece a intención comunicativa, algúns elementos propios da súa tipoloxía, a mensaxe e sintetiza as ideas principais. (CCL, CAA)
- ✓ Produce textos escritos para expresar os seus sentimentos, comunicar as súas experiencias persoais, expoñer ideas e defender unha opinión. (CCL, CSC)
- ✓ Produce textos orais para expoñer e compartir ideas ou defender unha opinión. (CCL, CSC)
- ✓ Escoita activamente as outras persoas, participa, respecta a quenda de palabra e opina con criterio (CCL, CSC).

- ✓ Coñece o concepto de narración e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os seus elementos e a súa estrutura, e aplicar estes coñecementos para a creación de textos. (CCL, CAA)
- ✓ Coñece o concepto de diálogo e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os trazos do diálogo na creación de textos orais e escritos. (CCL, CAA)
- ✓ Coñece o concepto de descrición e recoñece en textos dados a intención comunicativa, distingue a descrición obxectiva da subxectiva e aplica os seus coñecementos para a creación de textos descritivos. . (CCL, CAA)
- ✓ Coñece o concepto de exposición e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os trazos lingüísticos propios da exposición, así como a súa estrutura, e aplica os seus coñecementos para a creación de textos expositivos. (CCL, CAA)
- ✓ Coñece o concepto de argumentación e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os trazos lingüísticos propios da argumentación, así como a súa estrutura, e aplica os seus coñecementos para a creación de textos argumentativos. (CCL, CAA)

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- ✓ Distingue categorías gramaticais en enunciados e en textos, recoñecendo os seus valores significativos, a concordancia entre substantivo e adxectivo, a deixé de determinantes e pronomes, a morfoloxía verbal, as clases de adverbios, a distinción entre preposicións e conxuncións, a expresividade das interxeccións e algunhas locucións de uso común. (CCL)
- ✓ Manexa o dicionario con soltura para buscar o significado e a orixe das palabras, e interpreta correctamente toda a información gramatical que se dá sobre as palabras. (CCL, CAA)
- ✓ Coñece a procedencia dalgunhas palabras, así como a súa formación en lexemas, morfemas derivativos e morfemas flexivos. (CCL)
- ✓ Coñece e detecta os prexuízos lingüísticos co fin de valorar a diversidade lingüística e, concretamente, o uso do galego como lingua propia de Galicia. . (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Coñece as regras ortográficas básicas –letras e grafías, acentuación, signos de puntuación– e para aplícaas en todos os seus escritos de ámbito académico e persoal. (CCL, CAA)
- ✓ Revisa os seus escritos e preséntaos con pulcritude e esmero. (CCL, CAA)
- ✓ Recoñece os constituíntes dun sintagma nominal, adxectivo e adverbial, e verbal. (CCL)
- ✓ Identifica a formación dunha oración en sintagmas e nos seus constituíntes mínimos: suxeito e predicado, os casos de impersonalidade. (CCL)
- ✓ Clasifica as oracións pola actitude do emisor. (CCL)
- ✓ Recoñece oracións compostas en textos dados. (CCL)
- ✓ Distingue semanticamente diferentes clases de oracións compostas, recoñece os seus nexos. (CCL)
- ✓ Recoñece a importancia do contexto e da intención comunicativa do emisor para captar o sentido dun texto, e analiza a coherencia, a cohesión e a adecuación en textos dados. (CCL, CSC)
- ✓ Distingue casos de sinonimia e antonimia, de polisemia e homonimia e de monosemia e polisemia en pares de palabras, en enunciados e en textos. (CCL)
- ✓ Interpreta os dereitos e deberes constitucionais sobre as linguas de España. (CSC)

- ✓ Coñece en que lugares concretos se falan as diferentes linguas e dialectos españois, e recoñece en textos dados algunhas das súas peculiaridades fónicas, morfolóxicas e semánticas. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece algúns trazos da variedade xeográfica do español de América e dos usos da lingua en distintas situacións e ámbitos sociais. (CCL, CSC)
- ✓ Valora a pluralidade lingüística como enriquecemento cultural e patrimonial español. (CCL, CSC)

LITERATURA GALEGA

- ✓ Coñece a historia da literatura galega dende a Idade Media ata o Rexurdimento, os seus principais autores e autoras e as súas obras. (CCL,)
- ✓ Comenta, de forma guiada, textos de obras da literatura galega desde a Idade Media ata o Rexurdimento (Cantigas de amigo, amor e de escarnio, cantigas de Sta María, e poemas de Rosalía, Curros e Pondal (CCL, CEC, CAA)
- ✓ Le obras literarias axeitadas á súa idade (tres ao longo do curso), comprende o seu sentido e expón unha opinión persoal sobre a lectura. (CCL, CEC, CAA).

LITERATURA CASTELÁ

- ✓ Entende a literatura como un acto de comunicación, identificando os distintos elementos que forman parte do proceso comunicativo. (CCL, CEC)
- ✓ Recoñece as formas e temas fundamentais da literatura renacentista nos seus distintos xéneros literarios: narrativo, lírico e dramático. (CCL)
- ✓ Comprende a importancia do Lazarillo de Tormes na historia da literatura española, analiza o tema e a intencionalidade da obra, a estrutura e o xénero, así como a súa interpretación. (CCL,)
- ✓ Analiza a poesía (Garcilaso de la Vega, Fray Luis de León, San Juan de la Cruz) e o teatro renacentistas.
- ✓ Coñece e analiza a obra de Miguel de Cervantes, sobre todo *Don Quijote de la Mancha*. (CCL)
- ✓ Coñece as principais formas, temas e trazos de estilo da literatura barroca (poesía, narrativa e teatro) en concreto da obra de Luis de Góngora, Francisco de Quevedo, Lope de Vega e Calderón de la Barca. (CCL)
- ✓ Le obras literarias axeitadas á súa idade (tres ao longo do curso), comprende o seu sentido e expón unha opinión persoal sobre a lectura. (CCL, CEC).

Xeografía

- ✓ Coñece os elementos e factores da actividade económica, e analiza as características de varios sistemas económicos.
- ✓ Interpreta a idea de desenvolvemento sostible e as súas implicacións.
- ✓ Identifica as actividades económicas do sector primario.
- ✓ Define e clasifica as actividades do sector secundario.
- ✓ Explica as características e a localización dos recursos minerais e das fontes de enerxía.

- ✓ Identifica os trazos principais da actividade industrial e diferencia as principais áreas industriais do mundo, así como as súas características.
- ✓ Explica en que consiste a deslocalización industrial.
- ✓ Entende a importancia de alcanzar un modelo industrial sostible.
- ✓ Comprende a importancia do sector da construción.
- ✓ Define, clasifica e valora a importancia das actividades do sector terciario.
- ✓ Explica que é a actividade comercial, os tipos de comercio que existen e enumera os bloques comerciais.
- ✓ Comprende as vantaxes e inconvenientes dos diferentes medios de transporte.
- ✓ Coñece as características da actividade turística, así como o seu impacto ambiental.
- ✓ Identifica as desigualdades sociais e económicas.
- ✓ Analiza as áreas en conflito.
- ✓ Coñece as medidas para erradicar as desigualdades.

Historia

- ✓ Recoñece a Idade Moderna e as súas características demográficas, económicas, sociais e políticas.
- ✓ Define o humanismo e identifica as súas características e a súa difusión.
- ✓ Explica a arte renacentista e identifica as súas etapas, artistas e obras.
- ✓ Comprende as causas que propiciaron as grandes expedicións xeográficas e coñece os antecedentes.
- ✓ Coñece os principais navegantes portugueses e casteláns dos séculos XV e XVI, así como as súas expedicións, conquistas e consecuencias.
- ✓ Entende as consecuencias dos grandes descubrimentos.
- ✓ Recoñece os trazos característicos das monarquías da Idade Moderna.
- ✓ Analiza o reinado dos Reis Católicos como etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
- ✓ Entende os procesos de colonización e conquista de América e as súas consecuencias.
- ✓ Explica as características dos reinados dos Austrias no século XVI en España.
- ✓ Analiza as causas e consecuencias da Reforma protestante e da Contrarreforma católica.
- ✓ Coñece as circunstancias demográficas, sociais, económicas e políticas da Europa d a o século XVII.
- ✓ Coñece a importancia de científicos, filósofos e institucións culturais do século XVII.
- ✓ Distingue as características da arte barroca.
- ✓ Utiliza o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. (CCL)

10.10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

COMUNICACIÓN

- a) Ler e comprender un texto relacionado co tema do eixe central da unidade, recoñecer a intención comunicativa, algúns elementos propios da súa tipoloxía, a mensaxe, axudándose da investigación, e sintetizar as ideas principais.
- b) Producir textos escritos para expresar os seus sentimentos, comunicar as súas experiencias persoais, expoñer ideas e defender unha opinión.
- c) Producir textos orais para expoñer e compartir ideas ou defender unha opinión.
- d) escoitar activamente as outras persoas, participar, respectar a quenda de palabra e opinar con criterio.
- e) Recoñecer a importancia da intención comunicativa para interpretar un texto e os elementos que constitúen un acto de comunicación.
- f) Coñecer o concepto de narración e recoñecer en textos dados a intención comunicativa, os seus elementos e a súa estrutura, e aplicar estes coñecementos para a creación de textos orais e escritos.
- g) Coñecer o concepto de diálogo e recoñecer en textos dados a intención comunicativa, os trazos do diálogo na creación de textos orais e escritos, e aprender a conversar e a escoitar.
- h) Coñecer o concepto de descrición e recoñecer en textos dados a intención comunicativa, distinguir a descrición obxectiva da subxectiva e aplicar os seus coñecementos para a creación de textos descritivos.
- i) Coñecer o concepto de exposición e recoñecer en textos dados a intención comunicativa, os trazos lingüísticos propios da exposición, así como a súa estrutura, e aplicar os seus coñecementos para a creación de textos expositivos.
- j) Coñecer o concepto de argumentación e recoñecer en textos dados a intención comunicativa, os trazos lingüísticos propios da argumentación, así como a súa estrutura, e aplicar os seus coñecementos para a creación de textos argumentativos.

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- a) Distinguir categorías gramaticais en enunciados e en textos, recoñecendo os seus valores significativos, a concordancia entre substantivo e adxectivo, a deíxe de determinantes e pronomes, a morfoloxía verbal, as clases de adverbios, a distinción entre preposicións e conxuncións, a expresividade das interxeccións e algunhas locucións de uso común.
- b) Manexar o dicionario con soltura para buscar o significado e a orixe das palabras, e interpretar correctamente toda a información gramatical que se dá sobre as palabras.
- c) Coñecer a procedencia dalgúns palabras, así como a súa formación en lexemas, morfemas derivativos e morfemas flexivos que achegan información do xénero e do número.
- d) Coñecer e detectar os prexuízos lingüísticos co fin de valorar a diversidade lingüística e, concretamente, o uso do galego como lingua propia de Galicia.
- e) Coñecer as regras ortográficas básicas –letras e grafías, acentuación, signos de puntuación– para aplicalas en todos os seus escritos de ámbito académico e persoal.
- f) Valorar a correcta ortografía, revisar os seus escritos e presentalos con pulcritude e esmero
- g) Recoñecer os constituíntes dun sintagma nominal, adxectivo e adverbial, e identificar en oracións o sintagma verbal.
- h) Identificar a formación dunha oración en sintagmas e nos seus constituíntes mínimos: suxeito e predicado, e intuír casos de impersonalidade; clasificar oracións pola actitude do emisor.
- i) Identificar dous predicados nun enunciado para recoñecer oracións compostas e en textos dados.
- j) Distinguir semanticamente diferentes clases de oracións compostas, recoñecer os seus nexos e o uso

de signos de puntuación na xustaposición.

k) Recoñecer a importancia do contexto e da intención comunicativa do emisor para captar o sentido dun texto, e analizar a coherencia, a cohesión e a adecuación en textos dados.

l) Distinguir casos de sinonimia e antonimia, de polisemia e homonimia e de monosemia e polisemia en pares de palabras, en enunciados e en textos.

m) Interpretar os dereitos e deberes constitucionais sobre as linguas de España.

n) Coñecer en que lugares concretos se falan as diferentes linguas e dialectos españois, e recoñecer en textos dados algunhas das súas peculiaridades fónicas, morfolóxicas e semánticas.

o) Coñecer algúns trazos da variedade xeográfica do español de América e dos usos da lingua en distintas situacións e ámbitos sociais.

p) Valorar a pluralidade lingüística como enriquecemento cultural e patrimonial español.

q) Valorar a correcta ortografía, revisar os seus escritos e presentalos con pulcritude e esmero.

LITERATURA GALEGA

a) Valorar a creación literaria como manifestación da sensibilidade artística e dos sentimentos, e como desenvolvemento da imaxinación.

b) Coñecer a historia da literatura galega dende a Idade Media ata o Rexurdimento, os seus principais autores e autoras e as súas obras.

c) Ler e comprender textos do período literario estudado.

d) Gozar lendo e interesarse por outras lecturas opcionais propostas.

LITERATURA CASTELÁ

a) Entender a literatura como un acto de comunicación, identificando os distintos elementos que forman parte do proceso comunicativo.

b) Coñecer o contexto socio-histórico e cultural da literatura do Século de Ouro, e máis concretamente do Barroco español.

c) Recoñecer as formas e temas fundamentais da literatura renacentista nos seus distintos xéneros literarios: narrativo, lírico e dramático.

d) Coñecer as principais obras narrativas do Renacemento.

e) Comprender a importancia do Lazarillo de Tormes na historia da literatura española, analizando o tema e a intencionalidade da obra, a estrutura e o xénero, así como a súa interpretación.

f) Analizar a poesía (Garcilaso de la Vega, Fray Luis de León, San Juan de la Cruz) e o teatro renacentistas.

g) Analizar a vida e a obra de Miguel de Cervantes, con especial atención á súa obra narrativa e sobre todo a Don Quijote de la Mancha.

h) Coñecer as principais formas, temas e trazos de estilo da literatura barroca (poesía, narrativa e teatro) con especial atención a Luis de Góngora, Francisco de Quevedo, Lope de Vega, María Zayas e Calderón de la Barca.

CIENCIAS SOCIAIS

Xeografía

- a) Coñecer os elementos e factores da actividade económica, e analizar as características de varios sistemas económicos.
- b) Interpretar a idea de desenvolvemento sostible e as súas implicacións.
- c) Identificar as actividades económicas do sector primario.
- d) Definir e clasificar as actividades do sector secundario.
- e) Explicar as características e a localización dos recursos minerais e das fontes de enerxía.
- f) Identificar os trazos principais da actividade industrial e diferenciar as principais áreas industriais do mundo, así como as súas características.
- g) Explicar en que consiste a deslocalización industrial.
- h) Entender a importancia de alcanzar un modelo industrial sostible.
- i) Comprender a importancia do sector da construción.
- j) Definir, clasificar e valorar a importancia das actividades do sector terciario.
- k) Explicar que é a actividade comercial, os tipos de comercio que existen e enumerar os bloques comerciais.
- l) Comprender as vantaxes e inconvenientes dos diferentes medios de transporte.
- m) Coñecer as características da actividade turística, así como o seu impacto ambiental.
- n) Identificar as desigualdades sociais e económicas.
- o) Analizar as áreas en conflito.
- p) Expoñer as medidas para erradicar as desigualdades.

Historia

- a) Recoñecer a Idade Moderna e as súas características demográficas, económicas, sociais e políticas.
- b) Definir o humanismo e identificar as súas características e a súa difusión.
- c) Explicar a arte renacentista e identificar as súas etapas, artistas e obras.
- d) Comprender as causas que propiciaron as grandes expedicións xeográficas e coñecer os antecedentes.
- e) Coñecer os principais navegantes portugueses e casteláns dos séculos XV e XVI, así como as súas expedicións, conquistas e consecuencias.
- f) Entender as consecuencias dos grandes descubrimentos.
- g) Recoñecer os trazos característicos das monarquías da Idade Moderna.
- h) Analizar o reinado dos Reis Católicos como etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
- i) Entender os procesos de colonización e conquista de América e as súas consecuencias.
- l) Explicar as características dos reinados dos Austrias no século XVI en España.
- m) Analizar as causas e consecuencias da Reforma protestante e da Contrarreforma católica.
- n) Coñecer as circunstancias demográficas, sociais, económicas e políticas da Europa do século XVII.
- o) Coñecer a importancia de científicos, filósofos e institucións culturais do século XVII.
- p) Distinguir as características da arte barroca.

q) Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

10.11. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para levar a cabo o proceso de avaliación, isto é, a medición do grao de logro dos diferentes estándares de aprendizaxe, recollerase a maior cantidade de información posible, empregando **instrumentos de avaliación diversos** que serán rexistrados no caderno do profesor:

- ✓ Probas escritas.
- ✓ Seguimento e rexistro do traballo diario individual a través do caderno e das actividades cotiás (realización e resolución en prazo)
- ✓ Traballos individuais (resumos, elaboración de textos de diferente tipoloxía...) ou en grupo, presentados por escrito ou expostos oralmente
- ✓ Audicións para valorar o grao de comprensión oral.
- ✓ Observación directa e valoración (coa axuda das rúbricas) das intervencións orais tanto espontáneas como planificadas.
- ✓ Observación directa da súa actitude: atención, razoamentos, participación, interese, iniciativa persoal e autonomía no desenvolvemento das tarefas, uso das TIC e dicionarios para a busca de información, así como a súa actitude ante a lingua.
- ✓ Así mesmo, para que os/as alumnos/as avalíen o seu propio rendemento proporcionaráselles algunhas ferramentas ou **instrumentos de autoavaliación** (fichas, táboas, dianas e escalas de autoavaliación e/ou coavaliación).

10.12. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

1. Criterios de cualificación nas avaliacións parciais

A **cualificación** obterase conforme á seguinte ponderación:

- Un **70%** da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas correspondentes aos diferentes bloques de contidos: lingua e literatura galega, lingua e literatura castelá, xeografía e historia. Nestas probas valoraranse os contidos e a correcta expresión dos mesmos.

Será preciso acadar unha nota mínima de 3 nos diferentes bloques de contidos (lingua e literatura galega e castelá e xeografía e historia) para facer a media.

Os erros de ortografía e expresión (incorrecta distribución en parágrafos, mal uso dos signos de puntuación, uso incorrecto de conectores, léxico pouco adecuado, falta de concordancia, repeticións, erros ortográficos...) valoraranse globalmente, podéndose descontar ata un máximo de 1 punto. Ademais A mala presentación ou caligrafía de dificultosa lexibilidade serán penalizadas respectivamente con 0,25 puntos.

- O **15%** corresponderá ao **resultado das probas sobre as lecturas**: dúas por trimestre. Estas probas poden ser exames (escritos ou orais) ou ben traballos de investigación sobre a obra dada. En todas as probas valorarase a correcta comprensión da obra así como a adecuada expresión dos contidos e ideas presentes nela.
- O **15%** da nota restante extraerase do **traballo diario do/a alumno/a** (realización en tempo e correcta das tarefas diarias, tanto na aula como na casa, produción de textos, orais ou escritos,...);

a **correcta expresión escrita e oral** resultado tanto de intervencións espontáneas como planificadas; a axeitada **lectura expresiva** de textos e a **actitude e participación activa**.

Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia terá en dita proba unha cualificación de cero. Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta ordinaria ou extraordinaria.

2 Recuperacións

- ✓ Cando a cualificación dunha avaliación sexa inferior a 5, realizarase, despois de cada avaliación, un exame de recuperación dos bloques non superados. A recuperación do terceiro trimestre coincidirá coa recuperación final de xuño. Nestas probas inclúiranse tamén contidos lecturas, en caso de non estar superadas
- ✓ Aquel alumnado que ao final do curso non teña aprobada a materia terá a posibilidade de presentarse á proba xeral de xuño. Neste caso, se só ten unha avaliación suspensa, examínase só desta. De non ser así, realizará unha proba global de toda a materia.

3. Avaliación final ordinaria.

- ✓ A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións ou das súas recuperacións.
- ✓ O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cun mínimo de 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media das tres avaliacións sexa de 5 puntos ou máis.
- ✓ A evolución positiva do alumno ao longo do curso servirá para redondear á alza a cualificación. Para isto terase en conta fundamentalmente a súa mellora nos aspectos relacionados co apartado 3 dos criterios de cualificación das avaliacións parciais.

4. Avaliación extraordinaria.

- ✓ O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ Esta proba escrita estará baseada nos mínimos esixibles.
- ✓ Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Procedementos, instrumentos e criterios de cualificación en caso de ensino NON presencial.	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Avaliarase ao alumnado mediante as tarefas propostas na aula virtual semanalmente. Esas tarefas deberán ser entregadas en prazo, completas e cun grao de corrección aceptable e polos medios que se determinan na propia tarefa. Ademais, terase en conta positivamente a implicación e participación activa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe: pregunta de dúbidas, atención ao que se vai publicando, resposta a correos, etc.</p> <p>Avaliaranse as lecturas de cada trimestre mediante a realización dun traballo sobre a mesma ou un cuestionario tipo test.</p> <p>A avaliación dos contidos será a través de probas tipo test.</p> <p>Para a recuperación das avaliacións non superadas, o alumnado realizará tarefas específicas de recuperación propostas na aula virtual baixo o epígrafe: <i>tarefas de recuperación</i>. Esas tarefas deberán ser entregadas en prazo, completas e cun grao de corrección aceptable e polos medios que se determinan na propia tarefa.. Serán tarefas relativas a ambas as áreas do ámbito: Lingua, Literatura e Xeografía e Historia. Cada alumno/a realizará só aqueles aspectos non superados.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Tarefas propostas a través da aula virtual.✓ Seguimento activo do alumnado por medio da aula virtual ou correo electrónico.✓ Probas escritas tipo test a través da aula virtual.
Criterios de cualificación	<ul style="list-style-type: none">➤ 70% a realización das tarefas completas, cun grao de corrección aceptable, entregadas en prazo e polos medios que se determinan na propia tarefa✓ 20% A lectura comprensiva dos dous libros de lectura propostos.✓ 10% probas escritas tipo test a través da aula virtual.

10.13. AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial. Avaliaranse neste momento os coñecementos previos e capacidades do/a alumno/a como punto de partida para orientar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe.

A súa finalidade obter información tanto das necesidades individuais (identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización da súa aprendizaxe por presentar deficiencias ou ben altas capacidades); como de grupo (identificar as fortalezas e debilidades do grupo en canto aos aspectos competenciais, para decidir os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia).

Instrumentos:

- ✓ Unha **proba escrita** orientada basicamente a coñecer o dominio de destrezas básicas (comprensión e expresión) e o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que debe ter adquiridos nese nivel.

Dita proba terá a seguinte estrutura: comprensión e análise dun texto, recoñecemento de categorías gramaticais no mesmo, definición de palabras extraídas do texto ou ben aportación de sinónimos, elaboración dunha redacción e, de ser o caso, cuestións básicas sobre autores, obras e períodos da nosa literatura.

Estas probas poderán ser corrixidas en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos e alumnas sexan conscientes dende o principio das súas dificultades.

- ✓ Unha **proba de lectura** para comprobar o grao de fluidez e comprensión lectora.

Ademais de avaliar aspectos curriculares, durante as primeiras semanas tamén se recompilará información relativa aos seguintes aspectos.

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Os aspectos que se deben ter en conta para distribuír os alumnos e alumnas na aula ou agrupalos para os traballos cooperativos.
- Grao de interese e motivación do alumnado.
- Alumnado con circunstancias persoais especiais (por estar en risco de exclusión, pola súa historia familiar, etc.).

A avaliación destes aspectos farase por medio da observación directa, e da información que se recabará dos compañeiros e do Dpto de Orientación nas sesións de avaliación inicial.

10.14. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumnado que tiver pendente algunha ou algunhas materias do ámbito lingüístico e social de anos anteriores terá que as aprobar seguindo os criterios correspondentes a cada departamento implicado e que se detallan nas programacións respectivas. O profesorado de PMAR será o encargado de fornecer as actividades previstas que lles facilitarán os respectivos departamentos.

En caso de ensino NON presencial, o alumnado que non superase as dúas primeiras avaliacións do curso no que está matriculado nin entregase o caderno de exercicios, deberá entregar un traballo substitutivo antes do 15 de maio, para superar a materia.

BACHARELATO. Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller,

e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

11. 1º de BACHARELATO. LINGUA GALEGA E LITERATURA

11.1. CONTEXTUALIZACIÓN

En 1º de bacharelato hai 89 alumnos/as (dos/as cales repiten 6) repartidos/as en 3 grupos.

En canto aos usos lingüísticos, do mesmo xeito que nos cursos anteriores, a pesar de proceder dun contorno eminentemente rural, a maioría do alumnado fala só ou máis castelán ca galego, dato moi preocupante para o futuro da lingua. Xa que logo, a expresión oral e o desenvolvemento nos escolares dunha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social serán aspectos aos que lle haberá que dedicar unha atención especial.

11.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 1º BACHARELATO

- ✓ Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- ✓ Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rico e rigoroso.
- ✓ Respetar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.

- ✓ Ler comprensivamente.
- ✓ Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
- ✓ Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
- ✓ Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
- ✓ Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de enriquecemento e satisfacción persoais.
- ✓ Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
- ✓ Comprender e reflexionar sobre os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
- ✓ Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
- ✓ Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analízalos en producións alleas.
- ✓ Recoñecer a presentación e a corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
- ✓ Repasar casos de ortografía dubidosa.
- ✓ Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.
- ✓ Recoñecer e identificar os trazos característicos de outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores), así como a súa tipoloxía.
- ✓ Recoñecer e identificar as características lingüísticas do verbo e os seus usos (a conxugación verbal regular e irregular, as perífrases verbais, o infinitivo conxugado).
- ✓ Caracterizar (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas), identificar e producir textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.
- ✓ Identificar as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas).
- ✓ Empregar adecuadamente conectores para dotar de coherencia as propias producións.
- ✓ Recoñecer e identificar as características lingüísticas dos adverbios e conxuncións adverbiais, a súa tipoloxía e os seus usos.
- ✓ Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
- ✓ Comprender e describir o proceso de formación do idioma galego e das demais linguas romances a partir do latín.
- ✓ Identificar os elementos constitutivos do galego procedentes do substrato e do superestrato, así como do estrato latino.
- ✓ Recoñecer as principais evolucións fonéticas que se producen no proceso de transformación do latín ao galego.
- ✓ Distinguir e empregar adecuadamente os cultismos, semicultismos e as palabras patrimoniais.

- ✓ Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX) e ser quen de localizalas e analizalas en textos.
- ✓ Identificar e describir os principais factores relativos ao contexto histórico, social, político, filosófico, relixioso, etc. que condicionan e determinan a evolución social e de usos do idioma galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX).
- ✓ Coñecer e valorar a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
- ✓ Comprender e empregar adecuadamente nas análises os conceptos básicos da sociolingüística.
- ✓ Definir con rigor os conceptos de “literatura” e “texto literario”.
- ✓ Caracterizar os diferentes xéneros literarios e analizar os seus principais recursos.
- ✓ Describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
- ✓ Contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente textos literarios das diferentes etapas.
- ✓ Recoñecer e analizar textos da literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
- ✓ Recoñecer e analizar textos da literatura dos chamados Séculos Escuros e da Ilustración, así como da literatura popular oral.
- ✓ Recoñecer e analizar textos literarios do século XIX, correspondentes ás fases do Pre-Rexurdimento e do Rexurdimento, en particular das principais figuras dese período: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal.

11.3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

Consúltese o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (páx. 26887 e seguintes)

11.4. TEMPORALIZACIÓN

	BLOQUES	CONTIDOS	UNIDADES
1ª AVALIACIÓN	TIPO DE TEXTOS	Texto argumentativo. Características formais e tipos de argumentos.	7
		Comentario crítico de textos.	8
	GRAMÁTICA	O substantivo. Morfoloxía e clasificación semántica.	3
		O adxectivo. Morfoloxía, graos e a clasificación semántica.	3
	ORTOGRAFÍA	Uso das grafías b , v , s/x , l/r e h e do acento diacrítico.	1, 2 e 3
	LINGUA E SOCIEDADE	Lingua e comunicación. Elementos da comunicación, funcións da lgxe...	1

		Formación do galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais...	1
		As linguas no mundo. Multilingüismo, bilingüismo, diglosia, etc.	2
		A lingua galega na Idade Media.	10
	LITERATURA	Introdución xeral á literatura galega.	9
		A literatura galego-portuguesa medieval. Cuestións xerais.	10
2ª AVALIACIÓN	TIPO DE TEXTOS	Texto dialogal. Tipoloxía, características lingüísticas e formas.	4
		Texto expositivo. Tipoloxía, características lingüísticas e ámbitos de uso.	5
	GRAMÁTICA	Os pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos.	4
		Os determinantes: artigos, posesivos, demostrativos, etc.	5
		Adverbios, preposicións e conxuncións.	8
	ORTOGRAFÍA	Os grupos -cc- e -ct- , a acentuación, as maiúsculas e repaso de grafías.	4 e 5
	LINGUA E SOCIEDADE	A lingua galega nos Séculos Escuros e no Prerrexurdimento.	13
	LITERATURA	A literatura medieval: cantigas amorosas, burlescas e relixiosas. Os xéneros menores e a prosa.	11 e 12
		A literatura galega nos Séculos Escuros.	13
	3ª AVALIACIÓN	TIPO DE TEXTOS	Texto descritivo. Tipoloxía, características lingüísticas e ámbitos de uso.
Texto narrativo. Características formais e trazos lingüísticos.			6
GRAMÁTICA		O verbo. Definición, clasificación, estrutura, etc.	6
		Formas non persoais do verbo e perífrases verbais.	7
ORTOGRAFÍA		O guión, as terminacións -eu/-eo , o sufixo -nte e repaso de grafías.	6, 7 e 8
LINGUA E SOCIEDADE		A lingua galega no Rexurdimento.	14
LITERATURA		O comentario de textos literarios.	9
		Claves do Rexurdimento. Os Precusores.	14
		Rosalía de Castro.	15
		Eduardo Pondal e Curros Enríquez.	16
	A prosa e o teatro do Rexurdimento.	16	

A secuenciación dos contidos realizouse a partir da distribución que se establece no libro de texto: **1º Bach. Lingua galega e literatura**, ed. Consorcio Editorial Galego, 2015. Porén, pode sufrir variacións dependendo da realidade concreta de cada grupo.

As actividades encamiñadas ao desenvolvemento da comunicación oral (**escoitar e falar**) e comunicación escrita (**ler e escribir**) traballaranse ao longo de todo o curso.

Os/as alumnos/as deberán ler, ademais, **tres obras completas**, unha por trimestre. A selección desta farase ao principio de cada trimestre. Terán, ademais, a posibilidade de realizar unha lectura optativa.

11.5. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

As materias lingüísticas contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Isto determina en grande medida a metodoloxía a seguir para abordar o currículo, que se baseará nas seguintes orientacións:

- Adoptarase un **enfoque principalmente comunicativo** que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Deste xeito concederáselle especial atención ás habilidades e estratexias lingüísticas priorizando aquelas que se detecten como as máis deficitarias, sen por iso esquecer a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
- Traballarase con **textos (orais ou escritos) de distinta tipoloxía e natureza**, especialmente **positivos e argumentativos**, ademais de literarios. O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos, a partir dos cales se integrará a reflexión sobre a lingua.
- A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo promoverase a **utilización de diversas fontes** en soporte impreso ou dixital para a obtención da información, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.
- Promoverase unha actitude **activa e participativa**: fomentarase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a orientación da profesora ou profesor. A función estará orientada, sobre todo, a favorecer unha **aprendizaxe autónoma**, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na recepción maquinais de contidos sen a máis mínima reflexión. Así mesmo, debe favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, así como a transferencia e a aplicación do aprendido ás situacións cotiás.
- (Propiciaranse non só **actividades individuais**, senón **tamén grupais**, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo) O protocolo Covid, fai imposible realizar este tipo de actividades grupais.
- Incidirase nas **tarefas competenciais** que facilitarán a vinculación con contextos reais e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado e o tratamento da interdisciplinabilidade.
- As actividades concretas destinadas a traballar cada un dos estándares, serán, en liñas xerais, as propostas a tal respecto polo libro de texto de referencia.

11.6. MATERIAIS E RECURSOS

- Libro do alumnado: *Lingua galega e literatura*, ed. Consorcio Editorial Galego, 2015. ISBN:978-84-9995-169-0
- Material bibliográfico diverso: dicionarios, dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia,...
- Recursos da web: aulavirtual.baiaedicions.net.
- Recursos da Aula Virtual do IES Val do Tea
- Fotocopias, vídeos e calquera outro material de apoio que facilite a comprensión dos contidos.

11.7. MÍNIMOS ESIXIBLES

- ✓ Planifica e produce textos escritos e orais de diferente tipoloxía respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección gramatical e ortográfica. (CCL, CSC).
- ✓ Exprésase oralmente adecuándose á situación comunicativa e respectando as regras morfosintácticas do galego (en especial a colocación do pronome átono e a omisión de tempos compostos), así como a as regras prosódicas e fonéticas (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo); evita castelanismos e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. (CCL, CSC, CEC).
- ✓ Respecta e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. (CCL, CSC).
- ✓ Comprende, interpreta e valora textos escritos e textos orais de diversa natureza (especialmente textos expositivos, argumentativos e os procedentes dos medios de comunicación): identifica o tema, recolle as ideas fundamentais en resumos, compón esquemas xerarquizando as ideas, identifica a intención comunicativa e emite opinións e xuízos críticos sobre a mensaxe do texto. (CCL, CAA,AIP)
- ✓ Identifica, analiza (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas), e produce textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso. (CCL, CEC)
- ✓ Busca e selecciona información procedente de fontes bibliográficas e dixitais, e organiza e revisa as súas producións cos recursos que ofrecen as TIC. (CD,CAA,AIP)
- ✓ Describe os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas. (CCL)
- ✓ Recoñece os distintos tipos de rexistros lingüísticos e as súas características, e aplícaos nas súas producións orais e escritas axeitándose á situación comunicativa. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Identifica os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo, adxectivo, palabras adnominais, pronome, verbo, adverbio e locucións adverbiais, e explica os seus usos e valores nos textos. (CCL)
- ✓ Identifica as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas e conxuntivas) e úsaos para proporcionar cohesión ás súas propias producións. (CCL)
- ✓ Aplica ás producións propias, orais e escritas os coñecementos lingüísticos adquiridos. (CCL, CAA)
- ✓ Distingue as función sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas. (CCL, CEC)
- ✓ Describe e valora a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica e determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. (CCL, CEC, CSC)
- ✓ Diferencia e explica os conceptos básicos da sociolingüística: multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia, sabe aplicarlos á situación do galego e describe os fundamentos do ecolingüismo. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Describe o proceso de formación do idioma galego e das demais linguas romances a partir do latín. (CCL, CEC)
- ✓ Identifica os elementos constitutivos do galego procedentes do substrato e do superestrato, así como do estrato latino e recoñece as principais evolucións fonéticas que se producen no proceso de transformación do latín ao galego. (CCL, CEC)

- ✓ Recoñece os cultismos, semicultismos e as palabras patrimoniais, distingue as familias léxicas irregulares e úsaas correctamente. (CCEC, CCL)
- ✓ Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII, e no século XIX) e é quen de localizalas en textos. (CCEC, CCL)
- ✓ Describe os principais factores relativos ao contexto histórico e cultural da lingua galega, así como a súa situación sociolingüística, nas distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX). (CCEC, CCL)
- ✓ Identifica e describe as características da literatura medieval, contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa e describe e analiza obras destes períodos. (CCEC, CAA, CCL)
- ✓ Identifica e describe as características da literatura do Séculos Escuros, contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa e describe e analiza obras e autores principais destes períodos. (CCEC, CAA, CCL)
- ✓ Identifica e describe as características da literatura do Século XIX (Prerrexurdimento e Rexurdimento ata 1916), contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa e describe e analiza as obras e autores principais destes períodos. (CCEC, CAA, CCL)
- ✓ Le, analiza, comprende e interpreta criticamente textos literarios representativos da literatura galega dende a Idade Media ata o XIX identificando as características temáticas e formais e ponos en relación co contexto histórico e sociolingüístico no que foron producidos. (CCEC, CAA, CCL).

11.8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos e relacionados no punto 11.3 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

A avaliación estará enfocada, non só a medir os logros, senón tamén a mellorar a aprendizaxe do alumnado; polo tanto, considerarase como un proceso integrado no proceso de ensino-aprendizaxe co obxectivo de detectar as dificultades, averiguar as causas e adaptar as actividades.

A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará ao longo do o curso recollendo información sobre a marcha do alumnado no referido ao traballo diario, actitude e participación, e as súas intervencións orais espontáneas ou planificadas. Ao final ou durante cada período avaliativo haberá ademais, alomenos, unha proba escrita que recollerá os estándares de aprendizaxe traballados. Nestas probas haberá cuestións correspondentes a diferentes bloques de contidos

Os/as alumnos/as que non alcancen o mínimo de 5 puntos nas avaliacións parciais teñen a posibilidade de realizar unha proba de recuperación correspondente a cada trimestre, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Seguirase o procedemento de avaliación sumativa de modo que a superación dunha avaliación supón liberación de materia; aínda que, como é de supoñer, os/as alumnos/as deberán ir incorporando nas súas producións os coñecementos lingüísticos que vaian adquirindo. Dada a súa natureza, a avaliación da comunicación oral terá tamén un carácter continuo.

Para aqueles alumnos/as que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario, onde obrigatoriamente se examinarán de toda a materia. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar unha cualificación positiva e promocióne de curso, levará a área pendente.

Nas cualificacións parciais e final influirán o grao de consecución dos estándares por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será valorada positivamente.

Para a avaliación terase en conta os seguintes **instrumentos**:

- ✓ Probas escritas.
- ✓ Seguimento e rexistro do traballo diario na aula e na casa (realización e resolución das actividades propostas)
- ✓ Traballos individuais ou en grupo, presentados por escrito ou expostos oralmente.
- ✓ Audicións para valorar o grao de comprensión oral.
- ✓ Observación directa e valoración (coa axuda das rúbricas) das intervencións orais tanto espontáneas como planificadas.
- ✓ Observación directa da atención, razoamentos, participación activa, interese, iniciativa persoal e autonomía no desenvolvemento das tarefas, uso das TIC e dicionarios para a busca de información, así como a súa actitude ante a lingua.
- ✓ Preguntas directas na clase, probas de atención...

Así mesmo, para que os alumnos/as avalíen o seu propio rendemento proporcionaráselles algunhas ferramentas ou instrumentos de autoavaliación (fichas, táboas, dianas ou escalas de autoavaliación ou coavaliación para autoavaliar, tanto o seu dominio da materia, como todo aquilo relacionado con hábitos, técnicas de estudo e actitudes.

11.9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

1. Criterios de cualificación nas avaliacións trimestrais

A **cualificación** obterase conforme á seguinte ponderación:

- ✓ O **87%** da nota corresponderá á proba escrita sobre os contidos deste nivel. Nesta proba a cualificación de cada cuestión responderá ao grao de coñecemento dos contidos demostrado e á correcta expresión dos mesmos (coherencia, cohesión, adecuación e axeitada presentación).

Despois de sumadas as notas obtidas en cada parte da proba descontarase 0.05 por cada uso incorrecto do til non diacrítico e 0.1 polo resto das faltas ortográficas, erros morfosintácticos (uso de tempos compostos, incorrecta formación de femininos e plurais, erros na colocación do pronome) e léxico-semánticos ata un máximo de 1'5 puntos.

- ✓ O **10 %** outorgaráselle á proba escrita (ou oral) sobre a lectura obrigatoria, na que se deberá demostrar a súa lectura, un grao de comprensión lectora axeitado a este nivel, así como a correcta expresión dos contidos.
- ✓ O **3%** da nota restante extraerase da expresión oral (resultado tanto de intervencións espontáneas como planificadas). Segundo a seguintes rúbricas.

emprego na aula	corrección no uso
0.15	0.15

Ademais disto, valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo docente sempre que estea superada a lectura correspondente ao trimestre. A comprobación da lectura comprensiva das mesmas farase, ben a través dun traballo, ben cunha proba (escrita ou oral). Así mesmo, poderá valorarse positivamente a presentación de exemplares aos concursos literarios en galego que organice o centro, sempre que se axusten ás bases e posúan un mínimo de calidade. *Esta bonificación, que suporá o incremento de como máximo un 0,5 na nota final da avaliación, non posibilitará en ningún caso a superación da cualificación máxima (10 puntos).*

Do mesmo xeito, valorarase positivamente o traballo diario do alumno/a (realización en tempo e correcta das tarefas diarias, tanto na aula como na casa), e a elaboración de traballos que se poidan propoñer puntualmente, así como a actitude e participación activa.

Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia terá en dita proba unha cualificación de cero (0). Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame implicará a obtención automática dun cero (0) na dita proba.

2. Avaliación final ordinaria

- ✓ A cualificación final de maio será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
- ✓ O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cunha nota igual ou superior a 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media das tres avaliacións sexa 5 puntos ou máis.
- ✓ Excepcionalmente, cando na terceira avaliación un alumno ou alumna vise interrompido bruscamente o seu proceso formativo por mor dunha enfermidade grave cuxo tratamento leve consigo hospitalización e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais de maio, será avaliado/a considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre que teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.

3. Recuperación da materia

- ✓ Aquel alumnado que ao final do curso non teña aprobada a materia terá a posibilidade de presentarse á proba xeral de maio. Neste caso, se só ten unha avaliación suspensa, examínase só desta. De non ser así, realizará unha proba global de toda a materia.
- ✓ A(s) proba(s) de recuperación contarán coa seguinte repartición porcentual: 90% para os contidos da materia e 10% para a demostración da lectura correspondente.

4. Avaliación extraordinaria

- ✓ O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria de maio deberá facer unha proba extraordinaria a finais do mes de xuño, na que deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ Esta proba escrita estará baseada nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación.
- ✓ Para acadar unha avaliación extraordinaria positiva, só se terá en conta a cualificación obtida nesta proba, na que se valorarán os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Se as circunstancias sanitarias o requiren, o ensino a distancia será necesario. Neste caso, as actividades desta materia realizaranse de forma simultánea e segundo o horario establecido polo Centro, a través dos diferentes medios telemáticos dos que dispón o Centro, preferentemente a Aula virtual e o correo electrónico naqueles casos onde for preciso.

Debido á natureza e contidos desta materia, así como á metodoloxía empregada, a principal diferenza entre a docencia presencial e a docencia a distancia está relacionada basicamente coa realización dos comentarios críticos e dos comentarios de textos literarios, polo que intentaremos traballar e corrixir algúns deles a través de videoconferencias con cada grupo de alumnos/as sempre que sexa posible, xa que non todo o alumnado dispón de suficientes datos para facelo.

Modificarase a repartición porcentual da cualificación, quedando do seguinte xeito:

- ✓ O **70%** da nota corresponderá á cualificación da proba escrita (unha por trimestre).
- ✓ O **10%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre.
- ✓ O **20%** da cualificación valorará o traballo diario mediante a entrega de tarefas en tempo e forma a través da aula virtual.

11.10. AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia. Ao mesmo tempo, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas calidades, preferencias e afeccións para aproveitalas no proceso de ensino-aprendizaxe.

Instrumentos:

- ❖ Unha **proba escrita** orientada basicamente a coñecer o dominio de destrezas básicas (esencialmente comprensión e expresión) e o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que debe ter adquiridos nese nivel.
- ❖ Como actividade de avaliación inicial incluírase tamén unha sesión de **presentación oral** dos integrantes do grupo-clase. Permitirá que se dean a coñecer aos demais membros do grupo, dado que neste nivel recibimos moito alumnado novo; saber dos seus gustos e afeccións e apreciar a súa fluidez á hora de expresarse en galego.

As probas escritas poderán ser corrixidas en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos e alumnas sexan conscientes dende o principio das súas dificultades.

O resultado destas probas servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

11.11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado con dificultades para acadar os mínimos esixibles na materia, estableceranse medidas de reforzo e recuperación. De xeito análogo, se hai alumnado que demostre un dominio claro dos obxectivos fixados para a materia, estableceranse medidas de ampliación.

Con carácter xeral, estas medidas consistirán, na medida do posible, nunha maior atención directa por parte do profesorado e na proposta de actividades adicionais.

12. 1º de BACHARELATO. LITERATURA UNIVERSAL

12.1. INTRODUCCIÓN

A lectura de textos procedentes da literatura universal intervén no proceso de maduración afectiva, intelectual e estética do alumnado, xa que o coñecemento desta parte fundamental do patrimonio cultural da humanidade, na que se levan depositado a imaxinación, os sentimentos e os pensamentos de distintas culturas ao longo da historia, conduce os/as estudantes a afondar na comprensión da propia identidade, tanto individual como colectiva, así como a valorar de xeito crítico a realidade do mundo contemporáneo. A lectura de fragmentos ou obras completas representativas do patrimonio literario universal permítelle ao alumnado coñecer outras realidades sociais e culturais, enriquecer a súa personalidade, ampliando a súa visión do mundo, e afianzar os seus hábitos de lectura, desenvolvendo o seu sentido estético. A aproximación á materia de Literatura Universal como coñecemento e aprendizaxe contribúe a desenvolver a competencia lingüística, as sociais e cívicas, e a de conciencia e expresión cultural dos alumnos e das alumnas adquiridas durante a ESO e na materia común de Lingua Castelá e Literatura. O desenvolvemento destes coñecementos literarios en bacharelato implica a descuberta da lectura como unha experiencia enriquecedora, que produce no/na estudante unha resposta afectiva e intelectual, fundada tanto na construción do sentido do texto como no recoñecemento das súas particularidades expresivas e discursivas.

Os contidos organízanse en dous bloques. O primeiro bloque, "Procesos e estratexias", abrangue contidos comúns, centrados no comentario de textos (obras completas ou fragmentos seleccionados), e concíbese como a construción compartida do sentido das obras e a explicación das súas convencións literarias. A lectura, a interpretación, a análise e a valoración dos textos literarios constitúe a actividade fundamental da materia. Este bloque inclúe, asemade, o estudo das relacións significativas entre as obras literarias e o resto das artes (obras musicais, cinematográficas, pictóricas, etc.).

O segundo bloque, "Os grandes períodos e movementos da literatura universal", dedícase ao estudo cronolóxico das obras máis significativas de cada momento, a través dunha selección de obras e autores/as. Esta presentación cronolóxica pon de relevo a recorrencia de certos temas e motivos, así como a evolución das formas literarias ao longo da historia. En definitiva, esta materia facilita o desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar textos literarios de distintas épocas e autores, e capaz de descubrir neles recorrencias temáticas, así como semellanzas ou diverxencias expresivas.

Deste xeito, o alumnado ha aprender a transferir os seus coñecementos, relacionando o contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural no que se inscribe, o que ha favorecer a aprendizaxe autónoma.

12.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e

contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

Consúltase o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (páx. 25960 e seguintes)

12.3. TEMPORALIZACIÓN

A distribución dos contidos por trimestre atenderá á seguinte previsión:

1ª Avaluación

- Introducción: os tópicos literarios e o comentario de textos.
- A Idade antiga: Literatura grega e latina.
- Literatura medieval.
- Do Renacemento ao Barroco.

2ª Avaluación

- Literatura neoclásica: A Ilustración.
- O Romanticismo.
- O Realismo.

3ª Avaluación

- Literatura de finais do século XIX.
- Literatura do século XX.

Lecturas obrigatorias propostas

Realizaranse 2 lecturas por trimestre que garden relación coas etapas estudadas. A continuación propóñense unha serie de títulos, entre os que se poderá escoller dependendo da súa dispoñibilidade. Poderase substituír algún destes títulos por outro, mais garantirase a consecución dos obxectivos previstos e procurarase favorecer o acceso aos mesmos por parte do alumnado:

1º Trimestre:

- Circe ou o pracer do azul. Begoña Caamaño. Galaxia /Edipo rei. Sófocles.
- Decamerón. Selección de relatos. Galaxia.
- Fragmentos de obras da literatura grega, latina e medieval e selección de poesía medieval e renacentista para ler e comentar na aula ou na casa, mais sen cualificación numérica, agás que sexan obxecto dalgún traballo dos contemplados.

2º Trimestre:

- Oliver Twist. Charles Dickens Galaxia/Emilio ou da educación. Torrelibros.
- As mágoas do mozo Werther. Goethe. Galaxia.
- Selección de textos (poesía romántica, relatos realistas) para ler e comentar na aula ou na casa, mais sen cualificación numérica, agás que sexan obxecto dalgún traballo dos contemplados : (ex. Bola de sebo e outros contos. Laivento.)

3º trimestre:

- A señorita Else. Arthur Schnitzler. Huguín e Munín.
- A metamorfose. Frank Kafka. Sotelo Branco.
- Selección de textos (poesía simbolista e vangardista, relatos literatura americana) para ler e comentar na aula ou na casa, mais sen cualificación numérica, agás que sexan obxecto dalgún traballo dos contemplados.

12.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A metodoloxía empregada deberá favorecer a capacidade dos alumnos e alumnas para aprender por si mesmos, para traballar e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación eficaces. Ademais, procurarase fomentar o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

Para un mellor coñecemento de cada unha das épocas, movementos, autores e obras estudadas, comezarase analizando o contexto histórico, cultural e social. O obxectivo é que o alumno/a sexa capaz de situar as manifestacións literarias no período histórico en que se producen, o que lles permitirá adquirir unha perspectiva adecuada sobre as relacións entre literatura, sociedade, cultura historia e outras manifestacións artísticas. As explicacións da profesora irán apoiadas con presentacións e outros recursos textuais (textos), gráficos (mapas, álbums ilustrados), sonoros (cancións) e audiovisuais (vídeos, fragmentos de películas). A profesora elaborará tanto os apuntamentos como os exercicios entregados aos seus alumnos e alumnas.

Tratándose dunha materia de literatura a lectura de textos fragmentarios e de obras completas representativos de cada cultura ou movemento literario é imprescindible á hora de impartir a materia. Ademais, procurarase realizar en clase lecturas de textos en voz alta para mellorar a ortoloxía e desenvolver a expresividade oral. Con todo, algunhas das lecturas propostas que se relacionan a seguir serán propostas como lectura individual fóra do horario lectivo. Os libros seleccionados sempre irán acompañados dunha guía de lectura elaborada pola profesora para un maior aproveitamento da mesma. Tamén será unha práctica habitual a realización de comentarios de textos -obras completas ou fragmentos-. A posta en común dos comentarios escritos realizados individualmente favorecerá entre o alumnado o debate tanto arredor dos seus contidos como das súas características formais, desenvolvendo así a súa capacidade crítica.

Actividades:

Docencia presencial:	Docencia a distancia
Visionado de presentacións realizadas pola profesora ou polo alumnado e comentario en grupo.	Visionado de películas ou fragmentos de films, representacións teatrais, lecturas poéticas dramatizadas sobre as que realizar traballos individuais ou en grupo.
Visionado de películas, ou de calquera outro material audiovisual relacionado co tema estudado, e posterior comentario na clase.	Gravación e composición por grupos de breves recitados da poesía estudada.
Asistencia a algunha representación teatral e/ou representación de fragmentos teatrais significativos.	Exposicións por videoconferencia (de xeito individual ou en grupo) dun tema ou aspecto dun tema.

<p>Recitados poéticos e análise conxunta da temática ou dos recursos empregados.</p> <p>Lectura en voz alta para a clase e pequenos debates sobre o contido dos textos...</p> <p>En xeral, actividades que faciliten o coñecemento de autores/as e obras e a súa inserción no movemento literario estudado..</p>	<p>Realización de esquemas, resumos, mapas conceptuais sobre os temas propostos.</p> <p>Realización de enquisas, test ou probas de diverso tipo destinadas a averiguar a comprensión dun contido determinado, en substitución das intervencións habituais na aula</p>
--	---

12.5. MATERIAIS E RECURSOS

A profesora elaborará os materiais (apuntamentos, monografías, presentacións...), e implicará ao alumnado na elaboración doutros (mapas conceptuais, presentacións, gravación audiovisuais...) que contribúan a facer do proceso de aprendizaxe unha experiencia que o implique na procura de información e na exposición da mesma.

12.6. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Le, analiza, comprende fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.
- Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de forma crítica algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivos.
- Realiza traballos críticos sobre unha obra lida relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario (e, de ser o caso, co significado e a relevancia do autor/a en a época ou historia da literatura), consultando fontes de información diversas.
- Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita fontes, selecciona información relevante e utiliza o rexistro apropiado e a terminoloxía literaria necesaria.

12.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Presencial	<p>Exames trimestrais.: Como mínimo, un por trimestre. De realizarse outros, a cualificación será a media resultante.</p> <p>Probas de lectura:</p> <p style="padding-left: 40px;">Probas ou traballos de comprobación da lectura e comprensión do contido de obras propostas como obrigatorios.</p> <p style="padding-left: 40px;">Comentario crítico dun fragmento significativo da obra de lectura obrigatoria.</p>
-------------------	--

Non presencial	<p>Realización a través de medios informáticos (Drive, Moodle..) de probas, tests ou calquera outro procedemento que permita comprobar o máis obxectivamente posible a adquisición dos contidos establecidos no currículo.</p> <p>Realización de traballos sobre un tema determinado, de xeito individual ou en grupo.</p> <p>Realización de mapas conceptuais, presentacións, exposicións (individuais ou en pequeno grupo)</p> <p>Realización en liña (test, aula virtual, Drive...) de probas de lectura sobre as lecturas propostas.</p>
Semipresencial	<p>Exames trimestrais: Como mínimo, un por trimestre. De realizarse outros, a cualificación será a media resultante.</p> <p>Realización de traballos sobre un tema determinado, de xeito individual ou en grupo.</p> <p>Realización de mapas conceptuais, presentacións, exposicións (individuais ou en pequeno grupo)</p> <p>Probas ou traballos de comprobación da lectura e comprensión do contido de obras propostas como obrigatorios.</p> <p>Comentario crítico dun fragmento significativo da obra de lectura obrigatoria.</p>

12.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

Probas trimestrais

O 60% da nota corresponderá aos exames (como mínimo un por trimestre). Nestas probas valorarase a demostración do coñecemento dos contidos e a súa correcta expresión.

Se houber máis dun exame escrito, en cada un deles deberase obter como mínimo un 3 para poder aplicar a nota media.

De acordo coa profesora, o alumnado poderá elixir entre realizar dúas probas escritas, ou realizar unha proba escrita (valorado nun 40%) e un traballo-exposición individual ou en pequeno grupo valorado nun 20% (10% documentación+ 10% exposición), que se valoraría de acordo coa seguinte rúbrica:

A) Contido (1 punto):

<u>Selección da información:</u>	Adecuada e suficiente: 0.4	Adecuada pero insuficiente:0.2	Inadecuada e insuficiente : 0
---	----------------------------	--------------------------------	-------------------------------

<u>Coherencia e cohesión:</u>	Adecuada: 0.2	Aceptable : 0.1	Inadecuada: 0
<u>Presentación:</u>	Boa: 0.2	Regular 0.1	Inadecuada: 0
<u>Corrección ortográfica:</u>	Sen erros significativos: 0.2	Con algúns erros: 0.1	Demasiados erros: 0

B) Exposición oral (1 punto):

<u>Fala</u>	Ritmo pausado e dicción clara: 0.3	En xeral, fala pausado e con claridade: 0.2	Dificultades para manter o ritmo, pouca claridade: 0.1	Rápido e sen claridade: 0
<u>Vocabulario</u>	Dominio amplo: 0.2	Algunhas carencias: 0.1	Pobreza léxica 0	
<u>Dominio do tema</u>	Completo 0.3	Bo 0.2	Suficiente 0.1	Insuficiente 0
<u>Capacidade de resposta</u>	Contesta con precisión as cuestións que se lle formulan: 0.2	Certa capacidade de resposta 0.1	Ningunha capacidade de resposta. 0	

No caso de realizar un traballo-exposición, a nota mínima será o 40% da nota asignada: 2>0.8.

Probas de lectura

O 40% corresponderá ao resultado das probas de lectura (polo menos dúas por trimestre). Estas poden ser un exame ou un traballo sobre a obra proposta. En calquera caso, valorarase a comprensión demostrada da obra, así como a capacidade de análise (desde unha actitude crítica e reflexiva) dos contidos e ideas presentes nela.

B) Ensino semipresencial

Probas trimestrais: a distribuír en función do tipo de semipresencialidade que puidese establecerse (rotativa semanal/días alternos...). En calquera caso, combinaríase a realización de:

Unha **proba escrita** presencial (**40%** da nota).

Entrega dun **traballo** (presentación, exposición, mapa conceptual) (**20 %** da nota).

Probas de lectura

Unha proba presencial, nas condicións establecidas na modalidade presencial (20 % da nota).

A entrega dun traballo/cuestionario/test online, nas condicións establecidas na modalidade non presencial (**20 %** da nota)

C) Ensino non presencial

Probas trimestrais

Neste caso, as probas na aula serían substituídas por probas en liña. A elas tamén corresponderá o **60%** da nota final. Prevedemos a seguinte distribución, que podería modificarse en función das circunstancias.

Exposición	Proba escrita/Test	Traballo (mapa conceptual, presentación...)
1 punto	3 puntos	2 puntos

2 lecturas obrigatorias (valoradas con **2 puntos** cada unha) (**40%** da nota final)

Como co resto da materia, serían probas realizadas en liña (test, cuestionarios, comentarios) que combinarían cuestións puntuais e comentario crítico dun fragmento ou aspecto relevante da obra.

Penalización por erros ortográficos/léxicos/ expresivos...:

En todas as avaliacións e en calquera dos tres escenarios contemplados arriba, logo de sumada a nota do contido dos exames, descontará 0.05 por erro no uso do acento gráfico, e 0.1 por outro tipo de faltas ortográficas (colocación incorrecta de pronomes átonos, erros no emprego de b/v...) ou erros léxicos (interferencias doutras linguas, palabras inexistentes), ata un máximo de 1.5 puntos. A puntuación resultante será considerada a nota do exame. A adecuación, coherencia e cohesión valorarase en cada pregunta xunto co contido. A realización de comentarios e exercicios propostos será tida en conta para redondear a nota á alza.

Avaliación ordinaria e extraordinaria

1) Para o alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas, a nota da avaliación ordinaria será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

2) O alumnado terá dereito a un exame de recuperación por cada unha das avaliacións. Se chegados á avaliación ordinaria de xuño se teñen dúas ou as tres avaliacións suspensas, o/a alumno/a realizará un exame final de toda a materia. Aprobará esta se neste exame obtén unha nota igual ou superior a 5 puntos. Ese exame final poderá ser substituído por unha proba en liña ou por traballos específicos se non puidese realizarse de xeito presencial.

3) O alumnado que non aprobe na avaliación ordinaria realizará, na convocatoria extraordinaria, un exame presencial cos contidos de toda a materia; exame que se considerará aprobado se se obtén nel unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

13. 2º de BACHARELATO

13.1. CONTEXTUALIZACIÓN

A finalidade do Bacharelato, como a de toda educación en xeral, é axudar a formar persoas capaces de desenvolverse con autonomía, tanto no ámbito público como no privado, e facilitarlles o camiño cara á vida profesional ou cara a estudos superiores máis complexos. Isto supón contribuír ao desenvolvemento integral da persoa para, dende o seu equilibrio persoal e afectivo, fomentar a integración social dunha maneira crítica e creativa. O Bacharelato debe ser, polo tanto, unha etapa na que os estudantes desenvolvan as súas capacidades para integrarse na actividade social, ser cidadáns capaces de desempeñar os seus deberes, exercer os seus dereitos nunha sociedade democrática e manter actitudes críticas ante ela. Todo isto contribuirá a formar persoas capaces de vivir nunha sociedade cada vez máis multicultural, dende o coñecemento e a estima da propia cultura e a doutros.

Neste nivel contamos con 89 alumnos/as (dos/as cales repiten 12) repartidos/as en 3 grupos.

En canto aos usos lingüísticos, a pesar de que a maioría do alumnado fala só ou máis castelán ca galego, neste nivel xa se detecta un uso consciente do idioma propio por parte dalgúns alumnos/as. Xa que logo, aínda que a expresión oral e o desenvolvemento nos escolares dunha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social serán aspectos obxecto de tratamento, quizais a incidencia neles non sexa tan prioritaria coma noutros cursos, habida conta do apertado do currículo neste nivel de cara á superación da ABAU.

O elevado número de alumnos e alumnas nalgúns grupos dificultará de modo importante o desenvolvemento do labor docente así como a atención á diversidade na aula.

13.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos móstranse relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación, dado que estes describen o que se pretende lograr e aqueles non son máis ca medios para acadalos e contribuír á adquisición das competencias. Pola súa banda, os estándares de aprendizaxe son unicamente especificacións dos criterios, isto é, concretan o que o alumnado debe saber comprender e saber facer ao longo do curso.

Asemade, os contidos recollen o disposto no *Decreto 86/2015*. Porén, prestarase especial atención ás indicacións da CIUG no relacionado coa proba da ABAU.

Consúltase o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (páx. 26903 e seguintes)

13.3. TEMPORALIZACIÓN

A distribución da materia é a seguinte. Con todo, queda suxeita aos cambios que o profesorado que a imparta poida introducir en función da marcha do curso.

Aval.	Área	Contidos	Bloque-Unid.
1ª	Lingua	Fonoloxía e fonética: caracterización de fonemas, vacilación vocálica e consonántica, a sílaba, entoación... Sintaxe: a frase, a oración (clasificación, funcións sintácticas e análise da o. Simple) As variedades dialectais	B1-1, B1-2

	Sociolingüística	1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. 4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.	B2-1, B2-2
	Literatura	1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas. 2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas. 3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo). 4. O teatro do primeiro terzo do XX: vangardas e Grupo Nós.	B3-1, B3-2, B3-3
2ª	Lingua	Sintaxe: coordinación e subordinación; tipos e análise da o. composta. Léxico: estrutura e formación de palabras, campos ou familias léxicas. Semántica: campos, relacións e cambios semánticos.	B1-3, B1-4, B1-5
	Sociolingüística	2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma. 3. O galego: lingua en vías de normalización. 5. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.	B2-2, B2-3
	Literatura	5. A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais. 6. A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas). 7. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas. 8. O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. 9. A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.	B3-4, B3-5, B3-6
3ª	Lingua	Repaso e práctica de morfoloxía , análise morfosintáctica, etc.	
	Sociolingüística	6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.	B2-2
	Literatura	10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes. 11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes. 12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.	B3-7
<p><i>Ao longo de todo o curso:</i></p> <p>Competencia comunicativa (comprensión e produción textual): estudo e práctica dos aspectos contemplados na ABAU</p>			

A programación de aula, cos estándares traballados en cada unidade, segue as directrices do libro de *Lingua galega e literatura*, 2º Bacharelato. Ed. Rodeira. ISBN 978-84-8349-504-9

13.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

As materias lingüísticas contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Isto determina en grande medida a metodoloxía a seguir para abordar o currículo, que se baseará nas seguintes orientacións:

- Adoptarase un **enfoque principalmente comunicativo e competencial** que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Deste xeito concederáselle especial atención ás habilidades e estratexias lingüísticas priorizando aquelas que se detecten como as máis deficitarias, sen por iso esquecer a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.

- Traballarase con **textos (orais ou escritos) de distinta tipoloxía e natureza**, especialmente expositivos e argumentativos, ademais de literarios. O método, **abordado dende unha óptica competencial**, basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos, a partir dos cales se integrará a reflexión sobre a lingua.
- A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo promoverase a **utilización de diversas fontes** en soporte impreso ou dixital para a obtención da información, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.
- Promoverase unha actitude **activa e participativa**: fomentarse o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a orientación da profesora ou profesor. A función estará orientada, sobre todo a favorecer unha **aprendizaxe autónoma**, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na recepción maquinal de contidos sen a máis mínima reflexión. Así mesmo debe favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, así como a transferencia e a aplicación do aprendido as situacións cotiás
- Propiciaranse non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo.
- A maioría das actividades concretas serán as propostas polo libro de texto. Complementadas por outras que puntualmente propoña o profesor, fundamentalmente modelos de probas da ABAU.

13.5. MATERIAIS E RECURSOS

- Libro do alumnado: *Lingua galega e literatura*, 2, Rodeira 2016. ISBN:978-84-8349-504-9
- Material bibliográfico diverso: dicionarios, dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia,...
- Recursos da web: www.edebe.com
- Recursos da Aula Virtual do IES Val do Tea
- Ademais dos materiais citados, o profesorado poderá empregar outros recursos se o estima conveniente: fotocopias, presentacións, vídeos na rede, audicións de poemas..., como apoio ao seu labor docente.

13.6. MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1. Comunicación oral

- ✓ Comprende, interpreta e valora textos orais e audiovisuais de natureza diversa, textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo, así como xornalísticos e publicitarios: capta o sentido global, a intención do discurso, o tema e as súas ideas principais e secundarias e é quen de emitir un xuízo crítico sobre eles. (CCL, CAA; CSC)
- ✓ Recolle as ideas fundamentais e secundarias de textos orais de distinta natureza en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. (CCL; CAA)
- ✓ Realiza producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección. (CCL, CSC)

- ✓ Exprésase oralmente en intervencións espontáneas, adecuándose á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección (CCL; CSC)
- ✓ Produce discursos orais respectando as regras morfosintácticas do galego, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo) Valora esta pronuncia e amosa unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. (CCL, CSC; CSIEE)
- ✓ Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral (CLL; CSIEE)
- ✓ Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. (CCL; CSC)

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- ✓ Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos de distintos ámbitos (educativo, xornalístico, profesional e empresarial, nomeadamente expositivos e argumentativos)(CCL; CSC)
- ✓ Diferencia as ideas principais e as secundarias de textos de distintos ámbitos e sintetiza o seu contido en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. (CCL; CAA)
- ✓ Produce textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados (CCL; CSC)
- ✓ Analiza textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial: describe os seus trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais. (CCL)
- ✓ Comenta criticamente textos de distintos ámbitos (ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial (CCL; CSC; CSIEE)
- ✓ Describe as propiedades do texto e analiza os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión. (CCL)
- ✓ Busca e selecciona información procedente de fontes bibliográficas e dixitais, e organiza e revisa as súas producións cos recursos que ofrecen as TIC. (CCL; CD; CAA)

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- ✓ Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. (CCL)
- ✓ Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. (CCL; CSC)
- ✓ Explica os procedementos de formación das palabras.
- ✓ Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica da palabras (CCL)
- ✓ Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. (CCL)
- ✓ Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. (CCL)

Bloque 4. Lingua e sociedade

- ✓ Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. (CCL; CSC)
- ✓ Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. (CCL)
- ✓ Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castellanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. (CCL; CSC, CCEC)

- ✓ Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno dende 1916 ata 1936, describe o seu contexto histórico e cultural, a súa situación sociolingüística e identifícao en textos. (CCL, CSC)
- ✓ Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno dende 1936 ata 1978, describe o seu contexto histórico e cultural, a súa situación sociolingüística e identifícao en textos (CCL, CSC)
- ✓ Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno dende 1978 ata a actualidade, describe o seu contexto histórico e cultural e a situación legal, e identifícao en textos. . (CCL, CSC)
- ✓ Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. (CCL, CSC)

Bloque 5. Educación literaria

- ✓ Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. (CCL)
- ✓ Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. (CCL)
- ✓ Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. (CCL)
- ✓ Le e comenta textos representativos da literatura galega de 1916 a 1936, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. (CCL, CSC; CCEC)
- ✓ Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. (CCL)
- ✓ Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. (CCL)
- ✓ Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. (CCL)
- ✓ Le e comenta textos representativos da poesía, prosa e teatro galegos de 1936 a 1975, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. (CCL, CSC, CCEC)
- ✓ Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. (CCL)
- ✓ Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. (CCL)
- ✓ Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. (CCL)
- ✓ Le e comenta textos representativos da poesía, prosa e teatro galegos de 1975 á actualidade, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. (CCL, CCEC, CSC)
- ✓ Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. (CCL, CCEC)

13.7. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos e relacionados no punto 13.2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

A avaliación estará enfocada non só a medir os logros, senón a mellorar a aprendizaxe do alumnado, polo tanto, considerarase como un proceso integrado no proceso de ensino-aprendizaxe co obxectivo de detectar as dificultades, averiguar as causas e adaptar as actividades.

Realizarase unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará ao longo do curso recollendo información sobre a marcha do alumnado no referido ao traballo diario, actitude e participación, así como as súas intervencións orais espontáneas e planificadas (exposicións dun tema na aula, lectura de fragmentos literarios, representación de fragmentos teatrais...)

Ademais, ao longo do curso realizaranse como mínimo tres probas escritas, unha por cada trimestre. Estas probas seguirán o modelo establecido pola CIUG ata agora, coa intención de preparar ao alumnado para afrontar coas máximas garantías a proba da ABAU, á falta doutra información oficial sobre a estrutura da mesma.

Así pois, a proba trimestral constará das seguintes partes e distribución de puntuación:

- Comprensión textual. 2 puntos
- Producción textual. 3 puntos
- Coñecemento da lingua. 2 puntos
- Lingua e sociedade. 1 punto
- Literatura. 2 puntos

A avaliación terá un carácter continuo no referente aos aspectos gramaticais, nos que se incluírán contidos abordados en 1º de Bacharelato e que serán obxecto de repaso durante este curso. Dada a súa natureza, a avaliación da comunicación oral terá tamén un carácter continuo.

Os/as alumnos/as que non alcancen o mínimo de 5 puntos nas avaliacións parciais teñen a posibilidade de realizar unha proba de recuperación por cada trimestre.

Ao final de curso, terá lugar a avaliación final onde se medirá o grao de consecución dos estándares. Para aqueles que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario, onde obrigatoriamente se examinarán de toda a materia.

Nas cualificacións parciais e final influirán o grao de consecución dos estándares por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será valorada positivamente.

• Instrumentos de avaliación

Para levar a cabo o proceso de avaliación recollerase a maior cantidade de información posible empregando diversos instrumentos de avaliación que serán rexistrados no caderno do profesor:

- Probas escritas.
- Seguimento e rexistro do traballo diario na aula e na casa (realización e resolución das actividades propostas)
- Traballos individuais ou en grupo, presentados por escrito ou expostos oralmente.
- Observación directa e valoración das intervencións orais tanto espontáneas como planificadas.
- Observación directa da atención, razoamentos, participación activa, interese, iniciativa persoal e autonomía no desenvolvemento das tarefas,
- Preguntas directas na clase, probas de atención...

13.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

1. Avaliacións trimestrais

- ✓ O **80%** da nota corresponderá á proba escrita sobre os contidos deste nivel. Nestas probas, a cualificación de cada cuestión responderá ao grao de coñecemento dos contidos demostrado e á correcta expresión dos mesmos (coherencia, cohesión, adecuación e axeitada presentación).

Despois de sumadas as notas obtidas en cada parte da proba descontarase 0.05 por cada uso incorrecto do til non diacrítico e 0.1 polo resto das faltas ortográficas, erros morfosintácticos (uso de tempos compostos, incorrecta formación de femininos e plurais, erros na colocación do pronome) e léxico-semánticos ata un máximo de 1,5 puntos.

- ✓ O **10%** outorgaráselle á proba escrita (ou oral) sobre a lectura obrigatoria, na que se deberá demostrar a súa lectura e un grao de comprensión lectora axeitado a este nivel.
- ✓ O **10%** da nota restante extraerase do traballo diario do alumno/a (realización en tempo e correcta das tarefas diarias), a elaboración de traballos que se esixan puntualmente, a expresión oral (resultado tanto de intervencións espontáneas como planificadas), e a actitude e participación activa.

Tarefas diarias (0,3)*			Expresión escrita (0,4)				Expresión oral (0,3)*		
-3 chamadas-			-Un traballo-				Lectura expresiva	Emprego do galego na aula	Corrección no emprego do galego
+	.	-	∅	V-	V	V+	0,1	0,1	0,1
0,15	0,1	0	0	0,2	0,4	0,4			

(*) O alumno ou alumna que falte de xeito inxustificable a máis dun 10% das sesións lectivas por trimestre, non acadará puntuación nestes apartados.

Ademais disto, valorarase positivamente a lectura voluntaria doutros libros suxeridos polo profesor, sempre que estea superada a lectura correspondente ao trimestre. A comprobación da lectura comprensiva destes farase mediante unha proba oral. Así mesmo, poderá valorarse positivamente a presentación de exemplares aos concursos literarios en galego que organice o centro, sempre que se axusten ás bases e posúan un mínimo de calidade. *Esta bonificación, que suporá o incremento de como máximo un 0,5 na nota final da avaliación, non posibilitará en ningún caso a superación da cualificación máxima (10 puntos).*

Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia terá en dita proba unha cualificación de cero (0). Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame implicará a obtención automática dun cero (0) na dita proba.

2. Avaliación final ordinaria

- ✓ A cualificación final de maio será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.
- ✓ O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cunha nota igual ou superior a 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media das tres avaliacións

sexa 5 puntos ou máis.

- ✓ Excepcionalmente, cando na terceira avaliación un alumno ou alumna vise interrompido bruscamente o seu proceso formativo por mor dunha enfermidade grave cuxo tratamento leve consigo hospitalización e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais de maio, será avaliado/a considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre que teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.

3. Recuperación da materia

- ✓ Realizarase un exame de recuperación por avaliación, despois de cada trimestre. A recuperación do terceiro trimestre coincidirá coa recuperación final de maio. Nestas probas inclúiranse tamén contidos das lecturas, en caso de non estar superadas.
- ✓ Aquel alumnado que ao final do curso non teña aprobada a materia terá a posibilidade de presentarse á proba xeral de maio. Neste caso, se só ten unha avaliación suspensa, examínase só desta. De non ser así, realizará unha proba global de toda a materia.
- ✓ A(s) proba(s) de recuperación contarán coa seguinte repartición porcentual: 90% para os contidos da materia e 10% para a demostración da lectura correspondente.

4. Avaliación extraordinaria

- ✓ O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria de maio deberá facer unha proba extraordinaria a finais do mes de xuño, na que deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ Esta proba escrita estará baseada nos mínimos esixibles que se recollen nesta programación.
- ✓ Para acadar unha avaliación extraordinaria positiva, só se terá en conta a cualificación obtida nesta proba, na que se valorarán os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Modificarase a repartición porcentual da cualificación, quedando do seguinte xeito:

- ✓ O **50%** da nota corresponderá á cualificación da proba escrita (unha por trimestre).
- ✓ O **20%** corresponderá ao resultado da proba da lectura obrigatoria de cada trimestre.
- ✓ O **30%** da cualificación valorará a expresión escrita (20%) e a expresión oral (10%), mediante a entrega de tarefas en tempo e forma (fundamentalmente, composicións escritas e secuencias de audio).

Contidos da materia 50%	Lectura proposta 20%	Expresión escrita 20%	Expresión oral 10%
<i>Un exame ou traballo</i>	<i>-1 exame tipo test-</i>	<i>-Unha composición escrita-</i>	<i>- 4 audios curtos-</i>

(Nota x 0,5)	(Nota x 0,2)	Ø	V-*	V / V+	Ø	-*	+
		0	1	2	0	0,1	0,25
		(*) Se se repite: 2			(*) Se se repite: 0,25		

Lectura adicional (oral): +0,5

13.9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia. Ao mesmo tempo, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas calidades, preferencias e afeccións para aproveitelas no proceso de ensino-aprendizaxe.

Instrumentos:

- Unha **proba escrita** orientada basicamente a coñecer o dominio de destrezas básicas (esencialmente comprensión e expresión) e o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que debe ter adquiridos nese nivel.

As probas escritas poderán ser corrixiadas en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos/as sexan conscientes dende o principio das súas dificultades.

O resultado destas probas servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

13.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado con dificultades para acadar os mínimos esixibles na materia, estableceranse medidas de reforzo. De xeito análogo, se hai alumnado que demostre un dominio claro dos estándares fixados para a materia, estableceranse medidas de ampliación.

Con carácter xeral, estas medidas consistirán, na medida do posible, nunha maior atención directa por parte do profesorado e na proposta de actividades adicionais.

14. PLAN DE TRABALLO PARA A RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA DE LINGUA GALEGA PENDENTE

Dende o Departamento de Lingua galega e literatura realizarase un labor de seguimento, orientación e apoio ao alumnado que teña a materia pendente doutros anos.

Esta tarefa concretarase a través de:

- Reunións informativas cos alumnos/as con materias pendentes doutros anos.
- Achega de materiais curriculares correspondentes ao nivel ou niveis cuxa materia consta como suspensa.
- Atención personalizada dentro e fóra da aula por parte do profesor.
- Cantas medidas redunden nunha axeitada aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos marcados da materia suspensa.

14.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A) Ensino presencial

- Os/as alumnos/as coa materia de **1º ESO pendente**, poden recuperala de tres xeitos distintos:
 - A) Superando as dúas primeiras avaliacións do curso no que estean matriculados.
 - B) Realizando un traballo que consistirá na entrega dun caderno que recolla exercicios relativos aos contidos do curso pendente.
 - O profesorado implicado valorará a corrección do traballo presentado e asignarlle unha nota entre 1 e 10. De obter un 5 como mínimo, a materia considerarase superada.
 - Este traballo realizarase na casa, solicitando a axuda do/a profesor/a da materia no curso actual se for preciso.
 - Farase entrega do caderno ao profesor/a do curso actual nos seguintes prazos:
 - Unidades 1-4 a mediados de xaneiro
 - Unidades 5-8 a finais de febreiro.
 - Unidades 9-12 a finais de abril
 - C) Superando un exame global, no mes de maio, dos contidos mínimos sinalados para o curso.
- Os/as alumnos/as coa materia de **2º ESO pendente**, poden recuperala de tres xeitos distintos:
 - A) Superando as dúas primeiras avaliacións do curso no que estean matriculados.
 - B) Realizando un traballo que consistirá na entrega dun caderno que recolla exercicios relativos aos contidos do curso pendente.
 - O profesorado implicado valorará a corrección do traballo presentado e asignarlle unha nota entre 1 e 10. De obter un 5 como mínimo, a materia considerarase superada.
 - Este traballo realizarase na casa, solicitando a axuda do/a profesor/a da materia no curso actual se for preciso.
 - Farase entrega do caderno ao profesor/a do curso actual nos seguintes prazos:
 - Unidades 1-4 a mediados de xaneiro
 - Unidades 5-8 a finais de febreiro
 - Unidades 9-12 a finais de abril
 - C) Superando un exame global, no mes de maio, dos contidos mínimos sinalados para o curso.
- Os/as alumnos/as coa materia de **3º ESO pendente**, terana aprobada se cumpren **un** dos seguintes requisitos:
 - A) Teñen superadas as dúas primeiras avaliacións do curso no que estean matriculados.
 - B) Teñen elaborado, á altura do remate do 2º trimestre, un cuestionario relativo aos contidos literarios do curso. O cuestionario entregarase en dúas quendas: en xaneiro e marzo. Para superar a materia, dito cuestionario deberá obter unha cualificación mínima de 5 (sobre 10).
 - C) Superan un exame global, no mes de maio, dos contidos mínimos sinalados para o curso.

En calquera caso, o Departamento de Lingua Galega decidiu que se o alumnado con materia pendente na ESO aproba o curso académico no que está, quédalle automaticamente aprobado o curso ou cursos pendentes.

- Os/as alumnos/as coa materia de **1º bacharelato** serán avaliados segundo o procedemento seguinte:
 - A) Realización de dúas probas parciais. A data e os contidos a avaliar en cada unha delas establecerase a medida que vaia avanzando o curso de acordo coas necesidades do alumnado en cuestión, de modo que interrompa o menos posible o proceso de ensino-aprendizaxe que se está levando a cabo en 2º.
 - Tomaranse como referencia os contidos mínimos establecidos para 1º de bacharelato.
 - Apróbese a materia sempre que a media aritmética das dúas probas sexa como mínimo de 5.
 - B) En caso contrario, os alumnos/as terán que realizar un exame final no mes de abril dos mínimos sinalados para cada curso.

B) Ensino semipresencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial.

C) Ensino non presencial

Rexerán os mesmos criterios de cualificación que no ensino presencial, coa salvidade de que a entrega dos traballos será telemática, empregando a aula virtual do instituto e mais o correo electrónico se for preciso. Así mesmo, substitúense os exames globais da ESO e os parciais e global de bacharelato por traballos equivalentes.

14.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

1º ESO

- ✓ Comprende o sentido global das mensaxes escritas con diferentes intencións comunicativas e de diferentes tipoloxías (CCL, CAA)
- ✓ Identifica a idea principal e as ideas secundarias de mensaxes escritas de diferente tipoloxía. (CCL, CAA)
- ✓ Utiliza técnicas de análise e síntese do contido de diferentes textos: subliñado, esquema e resumo (CCL, CAA)
- ✓ Escribe textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece e utiliza un léxico amplo e preciso adecuado ao seu nivel e emprega progresivamente o vocabulario temático traballado na aula. (CCL)
- ✓ Coñece e aplica as normas ortográficas (principalmente acentuación, b/v, h, maiúsculas) e morfolóxicas da lingua galega e coñece e usa correctamente a puntuación (punto, coma...), de acordo coa cohesión textual. (CCL)
- ✓ Coñece e utiliza adecuadamente as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a composición de textos. (CCL)
- ✓ Coñece e utiliza os conectores textuais máis comúns e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos. (CCL)

- ✓ Sabe describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso normalizador da nosa lingua. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece o que é un prexuízo lingüístico e analiza a situación persoal en relación a eles. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece a situación legal das linguas no Estado español. (CCL, CSC)
- ✓ Compara e diferencia os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, é quen de identificar os tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. (CCL)

2º ESO

- ✓ Características básicas das distintas etapas da historia de Galicia.
- ✓ Os conceptos de bilingüismo, diglosia e prexuízo lingüístico.
- ✓ Estrutura da frase e da oración simple.
- ✓ Tipos de oracións segundo a actitude do falante e a natureza do predicado.
- ✓ Vocabulario básico relativo ao deporte, lecer, sentimentos e emocións....
- ✓ Sinonimia e antonimia.
- ✓ Regras básicas de acentuación, puntuación e ortografía.
- ✓ Principais recursos estilísticos da lírica: personificación, comparación, metáfora. Métrica e rima.
- ✓ Lectura comprensiva e lectura oral, observando as regras de dicción adecuadas.
- ✓ Uso da lingua galega oralmente e por escrito de forma axeitada, de acordo co seu nivel.

3º ESO

- ✓ Comprende e interpreta textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas. (CCL, CAA)
- ✓ Produce, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, do ámbito xornalístico ou do ámbito educativo, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección e boa presentación. (CCL, CSC)
- ✓ Coñece e utiliza un léxico amplo e preciso adecuado ao seu nivel e o vocabulario temático traballados na aula. (CCL, CEC)
- ✓ Identifica as categorías gramaticais así como o seu usos e principais valores e úsaos adecuadamente nas súas producións lingüísticas. (CCL)
- ✓ Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias. (CCL)
- ✓ Identifica e usa os conectores textuais máis comúns así como outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos (gramaticais e léxicos). (CCL)
- ✓ Delimita o tema, recoñece a estrutura dun texto e elabora textos propios de acordo con eses parámetros. (CCL, CAA)
- ✓ Aplica as normas ortográficas, morfosintácticas e de puntuación nas súas producións escritas (CCL)
- ✓ Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos á realidade galega de forma axeitada (CEC, CSC)

- ✓ Identifica os castelanismos máis usuais e depura estes no seu propio discurso. (CCL)
- ✓ Coñece o concepto normalización, explica o proceso normalizador do galego e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega. (CCL)
- ✓ Coñece os acontecementos máis relevantes da historia social da lingua galega dende os seus inicios ata 1916. Identifica as súas causas e consecuencias. (CCL, CEC)
- ✓ Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula o uso do galego. (CSC)
- ✓ Identifica as variedades diastráticas do galego, identifica a estándar como variante unificadora, e rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais. (CCL, CSC, CEC),
- ✓ Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega dende a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos. (CCL)
- ✓ Comenta, de forma guiada, textos de obras da literatura galega dende a Idade Media ata 1916. (CCL)

1º BACHARELATO

- ✓ Produce textos escritos de diferente tipoloxía respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección gramatical e ortográfica. (CCL, CSC).
- ✓ Comprende, interpreta e valora textos escritos de diversa natureza (especialmente textos expositivos, argumentativos e os procedentes dos medios de comunicación): identifica o tema, recolle as ideas fundamentais en resumos, compón esquemas xerarquizando as ideas, identifica a intención comunicativa e emite opinións e xuízos críticos sobre a mensaxe do texto. (CCL, CAA,AIP)
- ✓ Identifica, analiza (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas), e produce textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso. (CCL, CEC)
- ✓ Describe os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas. (CCL)
- ✓ Recoñece os distintos tipos de rexistros lingüísticos e as súas características. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Identifica os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo, adxectivo, palabras adnominais, pronome, verbo, adverbio e locucións adverbiais, e explica os seus usos e valores nos textos. (CCL)
- ✓ Identifica as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas e conxuntivas) e úsaos para proporcionar cohesión ás súas propias producións. (CCL)
- ✓ Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas. (CCL, CEC)
- ✓ Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica e determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. (CCL, CEC, CSC)
- ✓ Diferencia e explica os conceptos básicos da sociolingüística: multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia, sabe aplicarlos á situación do galego. (CCL, CSC, CEC)
- ✓ Describe o proceso de formación do idioma galego e das demais linguas romances a partir do latín. (CCL, CEC)

- ✓ Identifica os elementos constitutivos do galego procedentes do substrato e do superestrato, así como do estrato latino e recoñece as principais evolucións fonéticas que se producen no proceso de transformación do latín ao galego. (CCL, CEC)
- ✓ Recoñece os cultismos, semicultismos e as palabras patrimoniais, distingue as familias léxicas irregulares. (CCEC, CCL)
- ✓ Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII, e no século XIX) e é quen de localizalas en textos. (CCEC, CCL)
- ✓ Describe os principais factores relativos ao contexto histórico e cultural da lingua galega, así como a súa situación sociolingüística, nas distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX). (CCEC, CCL)
- ✓ Identifica e describe as características da literatura medieval, da literatura do Séculos Escuros e do Século XIX (Rexurdimento), contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa e describe e analiza as obras e autores principais destes períodos. (CCEC, CAA, CCL)
- ✓ Analiza, comprende e interpreta criticamente textos literarios representativos da literatura galega dende a Idade Media ata o XIX identificando as características temáticas e formais e ponos en relación co contexto histórico e sociolingüístico no que foron producidos. (CCEC, CAA, CCL)

15. EDUCACIÓN EN VALORES

Un aspecto moi importante da LOMCE, e que figura entre os seus principios e fins, é a educación en valores, isto é, “A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. “

Dende a nosa materia contribuiremos a este fin, orientando o noso labor cara aos obxectivos que se expoñen a continuación.

15.1. OBXECTIVOS

- ✓ Educar na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.
- ✓ Desenvolver, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.
- ✓ Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- ✓ Educar no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- ✓ Educar na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- ✓ Formar para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- ✓ Propiciar condutas de respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

- ✓ Apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade

15.2. CONTIDOS

- ✓ Respecto polas normas de comportamento que facilitan a convivencia en grupo.
- ✓ Coñecemento, respecto e uso das normas de cortesía que regulan o intercambio comunicativo,
- ✓ Rexeitamento dos xuízos precipitados baseados só nas aparencias, así como os estereotipos.
- ✓ Valoración positiva da amizade e o compañeirismo dentro e fóra da aula.
- ✓ Coñecemento dos dereitos e deberes do alumnado como membros pertencentes á comunidade educativa.
- ✓ Sensibilización ante a necesidade de respectar os dereitos e deberes de todos os membros da unidade familiar.
- ✓ Valoración positiva da diversidade lingüística e cultural como un elemento enriquecedor da sociedade e das linguas como medio de expresión, como sinal de identidade dun pobo e como instrumento para coñecer outras xentes e culturas.
- ✓ Actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten diferentes tipos de prexuízos: lingüísticos, étnicos, sexistas, etc..
- ✓ Actitude crítica e rexeitamento das discriminacións baseadas no sexo, raza, crenzas, discapacidades... das persoas.
- ✓ Valoración positiva do esforzo persoal como medio de acadar as metas propostas.
- ✓ Recoñecemento da aportación das mulleres ao desenvolvemento do coñecemento humano.
- ✓ Sensibilización no respecto á natureza, ao medio ambiente e aos animais.

15.3. ACTIVIDADES

A maioría das actividades que se van desenvolver para traballar os valores están integradas no proceso de ensino aprendizaxe do resto dos contidos tratados. En concreto, os valores traballaranse, en xeral, para todos os niveis coas accións:

- ✓ Selección e análise de textos de diversas tipoloxías, literarios e non literarios que aborden ou sirvan de pretexto para introducir e reflexionar sobre valores. A este respecto, na actividades propostas na lectura inicial das unidades normalmente fórmase cuestións de desenvolvemento oral que inciden sobre valores e invitan á reflexión posterior por medio dun coloquio do grupo-clase. Así mesmo, a través do traballo con diferentes tipos de textos, facilítase una aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- ✓ A través da lectura dos libros elixidos para cada trimestre. A selección desas lecturas faise sempre atendendo ao interese que a historia pode suscitar, a súa adecuación ao nivel correspondente, a calidade literaria e aos valores transmitidos.
- ✓ Participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos ...
- ✓ Actividades que impliquen intercambio de opinións (coloquios, debates), que teñen entre outras finalidades, instruír ao alumnado nas normas que regulan o intercambio comunicativo, fomentando

a escoita activa, o respecto polas opinión alleas e as manifestación das propias de maneira asertiva.. Estas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía; condutas que logo servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral.

- ✓ Actividades relacionadas coa sociolingüística. En concreto, a análise da situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade. Así mesmo educa na igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social e persoal, e ofrece un espazo privilexiado para traballar os prexuízos lingüísticos. Axuda, asemade, a tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social. Isto leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade.
- ✓ Análise de autores e obras literarias das diferentes da literatura que promoven valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Actividades relacionadas coas obras de autores e autoras da Ilustración, pasando pola obras de Curros, Pondal e Rosalía, ata as múltiples mostras da literatura que afonda na problemática social do século XX. Ademais achegamento a figuras como Rosalía de Castro facilitará o tratamento da discriminación da muller no ámbito cultural, por exemplo.
- ✓ Visionado de películas ou vídeos breves que incidan ou poidan ser referente para o desenvolvemento de actitudes respectuosas co medio ambiente, coas diferenzas entre os seres humanos (de sexo, raza, relixión...), coa cultura pola paz..., como soporte para traballar a comprensión oral.
- ✓ Organización de debates ou coloquios na aula onde se aborden directamente temas como a inmigración, a igualdade entre homes e mulleres, as múltiples formas de violencia de xénero, a discriminación, os estereotipos, etc., partindo da realidade próxima do alumnado, e a posterior recollida por escrito das conclusións.
- ✓ Como actividade transversal organizaremos para 1ºESO e 1 BACH. actividades de contacontos en inglés e galego, que permitirán reforzar os valores de aprecio polo patrimonio cultural, respecto pola diversidade cultural e lingüística e recoñecemento do que teñen en común todos os idiomas.

Ademais, no noso labor diario promoveremos un clima de respecto e tolerancia na aula.

15.4. AVALIACIÓN

A avaliación do grao de logro dos obxectivos propostos estarán integrada na avaliación do resto dos contidos curriculares mediante os seguintes instrumentos.

- ✓ Seleccionando para as probas escritas textos que incidan en valores e formular cuestións relativas a ese aspecto,
- ✓ Nas cuestións sobre o libro nas probas de lectura.
- ✓ A través da observación directa na aula da condutas e actitudes do/a alumno/a, así como das e opinións formuladas ao respecto destes temas.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Resulta evidente que a práctica lectora é indispensable para o desenvolvemento das habilidades comunicativas do alumnado así como para a adquisición de todo tipo de coñecementos. Na disciplina

de Lingua e Literatura Galega, ademais, a lectura contéplase non só como medio, senón tamén como materia de estudo e como fin en si mesma.

En efecto a práctica da lectura é un feito inherente á propia natureza da materia e está recollido no seu currículo. Non se trata, por tanto, de engadir novos obxectivos nin contidos aos xa existentes senón de traballar os distintos tipos de lectura a través de diferentes formatos textuais a medida que se van desenvolvendo as unidades didácticas.

16.1. OBXECTIVOS

Os obxectivos do proxecto lector son os que seguen:

- ✓ Traballar na aula todas as tipoloxías lectoras (silenciosa e comprensiva: informativa, formativa, de afondamento e recreativa. Ademais da lectura expresiva en voz alta)
- ✓ Ler, comprender e analizar textos de diferentes códigos e formatos.
- ✓ Ler de forma expresiva con fluidez e entoación adecuada.
- ✓ Desenvolver habilidades de lectura crítica e interpretativa.
- ✓ Realizar actividades de animación lectora.
- ✓ Integrar a lectura á vida cotiá.
- ✓ Incrementar a competencia e comprensión lectoras.
- ✓ Mellorar a expresión tanto oral como escrita.
- ✓ Desenvolver a capacidade de escribir textos de diversa índole.
- ✓ Coñecer aproveitar os recursos das bibliotecas.
- ✓ Traballar co equipo de traballo e coordinadores da biblioteca escolar.
- ✓ Apreciar a lectura como fonte de disfrute e enriquecemento persoal.

16.2. ACTIVIDADES

Dende a nosa materia, contribuiremos a conseguilos coas seguintes **actividades**:

- Lectura comprensiva de textos continuos de diferente tipoloxía: descritivos, narrativos, expositivos, argumentativos, dialogados, biografías de escritores, lectura de textos a través da rede.
- Lectura e análise de textos de tradición oral e de autores clásicos ou actuais adecuando a súa complexidade ao nivel e ás posibilidades de comprensión do alumnado.
- Lectura dun libro, cando menos, por trimestre, escollido tendo en conta a súa calidade literaria e a adecuación á idade do alumnado e aos seus gustos e intereses.
- Lectura expresiva:
 - Lectura en voz alta coidando a entoación e a intensidade lectora.
 - Lecturas dramatizadas de fragmentos de obras teatrais.
- Actividades destinadas á animación á lectura:
 - Encuentros literarios con escritores.

- Realización de contacontos no centro escolar, a tal efecto está previsto un contacontos inglés-galego.
- Visitas ao teatro para ver algunha representación.
- Lectura lúdica de poemas, contos...
- Colaborar coa biblioteca nas actividades de animación á lectura.
- Creación de textos de intención estética a través do obradoiro de literatura, onde os escolares elaborarán as súas propias creacións para despois compartilas cos compañeiros a través da lectura.
- Realización de concursos (citas, contos, poemas...) sobre diferentes temas, en colaboración con Departamento de Normalización lingüística.
- Visitas co alumnado á biblioteca co fin de que se familiaricen con ese espazo e o seu funcionamento., sobre para o alumnado de 1º ESO.
- Realización por parte do alumnado de traballos de investigación. Lectura de dicionarios enciclopédicos en formato tradicional ou documentos online.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Continuando coa liña seguida no curso anterior, o departamento prevé a utilización das TIC como elemento privilexiado para a realización de actividades de diverso tipo:

- ✓ Uso dos recursos dixitais que proporciona a editorial Anaya tanto para o profesorado (web do profesor) como do alumnado (Web do alumnado e das familias).
 - Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
 - Enlaces web: <http://anayaeducacion.es> e páxinas que se suxiren no libro do alumnado.
- ✓ Aproveitamento dos recursos das **aula Abalar** instaladas nos cursos de 1º e 2º de ESO (ultraportátiles dos alumnos/as, portátil do profesor/a, encerado dixital e canón de vídeo). As novas tecnoloxías serán. por tanto, nestes niveis un instrumento básico para a aprendizaxe e práctica dos contidos da materia.
- ✓ Realización de exercicios interactivos de léxico, ortografía, morfosintaxe. Así como, realización de cuestionarios de literatura e sociolingüística.
- ✓ O noso Departamento tamén se sumou á posta en marcha da Aula Virtual do centro, subindo algúns contidos para 1º de Bacharelato. En calquera caso, trataremos de incrementar o número contidos aos que os alumnos/as poidan acceder usando este espazo conscientes do crecente protagonismo que este recurso vai adquirindo no proceso da aprendizaxe do noso alumnado.
- ✓ Apoio do labor docente na aula: utilizando o canón, encerado dixital...sempre que dispoñamos destes medios
- ✓ Audicións musicais, para achegar dun xeito lúdico o alumnado á produción poética dos autores estudados.
- ✓ Cómpre engadir, por último, que en todos os niveis se prestará especial atención a que os alumnos/as integren as TIC no seu proceso de estudo-aprendizaxe de modo que moi frecuentemente terán que desenvolver actividades ou pequenos traballos de busca de información usando esta novas ferramentas e presentala en formato dixital, contribuíndo así a á consecución dun dos obxectivos básicos do ensino medio : adquirir a habilidade para buscar,

contrastar, seleccionar, e procesar a información de diversas fontes e transformala en coñecemento.

18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Contribuirase ao plan de convivencia a través das seguintes accións:

- ✓ Dar a coñecer entre alumnado as Normas de Organización e Funcionamento do centro, especialmente aqueles artigos referidos ás normas de convivencia, á disciplina, ao tratamento das faltas, dereitos e deberes.
- ✓ Potenciar actividades que favorezan o respecto mutuo. No propio currículo aparecen como contidos as normas que rexen o intercambio comunicativo.
- ✓ Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo.
- ✓ Constante colaboración co equipo de orientación e titores/as.

19. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Para este curso académico temos previstas as seguintes actividades complementarias e extraescolares que se realizarán sempre e cando as condicións sanitarias o permitan. Trátase unicamente dunha previsión que poderá sufrir cambios.

TÍTULO DA ACTIVIDADE	CURSO
Visita ao museo das palabras (Verbum)	1º ou 2º ESO
Visita a Padrón (Casa Rosalía de Castro)	3º ESO
Obradoiro de regueifa	4º ESO
Asistir a unha representación teatral	1º Bacharelato. Literatura Universal
Roteiro da obra <i>A praia dos afogados</i>	1º Bacharelato

20. EXENCIÓNS DE LINGUA GALEGA

O alumnado que obteña a exención da materia de Lingua Galega, terá que asistir ás aulas, como así o establece a lexislación ao respecto: “como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase”. En consecuencia, o profesorado responsable porá á disposición do alumno/da alumna exento/a o material e a atención que este precise para superar as dificultades que presente, co obxectivo de que a permanencia na aula sexa unha oportunidade real de aprendizaxe do idioma.

21. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

A avaliación da adecuación da programación farase en diferentes momentos ao longo do curso.

✚ **Ao final de cada trimestre**, despois de coñecer os resultados do alumnado. Valorarase a consecución dos obxectivos, a metodoloxía, a temporalización das unidades didácticas, a adecuación das actividades, o grao de satisfacción co libro de texto.... Tamén se planificarán as accións educativas que se consideren oportunas para atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

✚ **Ao final do curso**. Valorarse tanto o grao de cumprimento da propia Programación como os resultados globais do alumnado, amais do grao de satisfacción do profesorado coa mesma. De aquí extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso en canto á adecuación das actividades, secuenciación dos contidos, uso dos recursos, etc. Os resultados desta avaliación incluíranse na memoria final do curso.

Para facilitar ese labor, utilizaranse os indicadores que seguen.

22. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro – Avaliación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
3. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
5. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento				
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
8. Adecuación das actividades propostas.				
9. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
10. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				

12. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
13. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
15. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
17. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
18. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
20. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
21. Contribución dende a materia ao plan de lectura do centro.				
22. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

23. OBSERVACIÓNS

Como xa se apuntou na introdución, esta programación é flexible e está aberta a posibles modificacións ao longo do curso. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias académicas (necesidades educativas do alumnado) e sanitarias (a evolución da pandemia).

Cómpre, ademais, ter en conta que o feito de traballarmos en certos niveis (en bacharelato, por exemplo) con clases moi numerosas, dificultará en gran medida a atención á diversidade na aula, a abordaxe de todos os contidos e estándares de aprendizaxe, así como levar a cabo un rexistro exhaustivo da evolución de cada alumno/a en todo aquilo que teña que ver coa observación directa na aula, nomeadamente a súa competencia comunicativa oral. Cremos que a diminución da ratio nas aulas, o incremento do persoal docente, e a maior dotación de recursos e formación do profesorado son imprescindibles para a consecución dos obxectivos establecidos pola lei cun mínimo de garantías. Asemade, supón tamén un atranco a falta dunha hora semanal dedicada á reunión do departamento, o

que levará consigo un esforzo extra do profesorado para que exista unha mínima coordinación e actuación conxunta.

Ponteareas, 28 de setembro de 2021

Asinan a presente programación

Francisco Conde Cid

Dolores Pereira Fernández

M^a Eugenia Martínez González

Alfonso Díaz Sixto

*Ana Belén Crespo Bastos
(Xefa de departamento)*